

A obra

Bruno Sperani

Tradución de Isabel Soto



ATG
asociación de
tradutores
galegos

I

Á PONTE

Unha fresca airexa inchaba as fundas dos albaneis reunidos naquela encrucillada da rúa da Porta Garibaldi á que, por un antigo e tradicional costume, lle chamaban, «a Ponte».

Era o último luns de marzo e ía friaxe, especialmente a aquelas primeiras horas do día.

Os homes fumaban nas súas cachimbas de mármore, de terracota ou de xeso, ou mascaban tabaco, camiñando arriba e abaixo para non quedar entalados. Os rapaces tentaban conversar un pouco, mais sen moito empeño e aínda medio adurmiñados.

Co paso dos minutos, a ringleira ía en aumento. Albaneis, artesáns, peóns e aprendices chegaban de todas as partes, dende o fondo da Porta Vercellina e da Porta Vittoria, e en maior número do populoso Borgo degli Ortolani¹ e das campías da contorna.

Acudían á Ponte por mor dunha vella usanza, para se mostraren coma escravos no mercado. Só faltaban os que tiñan traballo fixo para bastante tempo, os empregados

¹Tanto a Porta Garibaldi mencionada liñas arriba, coma a Porta Vercellina e a Porta Vittoria son os nomes dalgunhas das portas principais da cidade de Milán. O Borgo degli Ortolani era unha aldea situada ao norte, fóra das murallas pero case pegada a elas. Estas referencias sitúan xa o espazo onde se desenvolve o relato.

dalgún capataz e os que adoitaban descansar os luns, é dicir, os que por beber de máis o domingo quedaban na casa ao día seguinte para se recuperaren da bebedela ou continuaren coa esmorga.

Os alí congregados agardaban polos capataces e contratistas, que axiña chegarían para facer a súa escolla. Salientaban os rostros tranquilos dos bos traballadores, certos do seu valor; as miradas vagamente perdidas dos desalentados, apoucados por mor do infortunio; o sorriso impertinente ou fato dos viciosos medio aloulados e dos ineptos aínda animosos. En xeral, mantiñan a esperanza de conseguir ocupación, pois non había traballo para todos. Alén do barrio do Lazareto², onde as casas se eruían nun abrir e pechar de ollos, fabricábase por todas as partes, e xa se falaba de novos barrios que reconstruír ou crear do nada.

Así pois, os albais podían estar contentos, mais non o estaban. Eran moitos os que se queixaban das insufribles condicións nas que os tiñan os capataces: non só lles pagaban pouco e debían traballar arreo, senón que as desgrazas acontecían con tremenda frecuencia a causa dos cativos materiais empregados, a excesiva présa e a especulación esaxerada, que sacrifica calquera cousa polo mínimo gasto e a maior ganancia.

²O Lazareto de Milán foi construído a finais do século XV e comezos do XVI como refuxio para os enfermos durante as epidemias e utilizado como lugar de atención ao longo dos anos para as sucesivas pestes que se estenderon pola cidade. En 1797 foi expropiado por Napoleón para a Administración Xeral da Lombardía e posteriormente dedicouse a diversos usos militares. En 1812 pasou a ser propiedade do Ospedale Maggiore, que tratou de vendelo nunha poxa que quedou deserta. Co aumento da poboación de Milán, o 28 de abril de 1881 foi adquirido pola Banca di Credito Italiano e parcelado para edificar novos edificios populares. Tras se aprobar o plano regulador da zona, na primavera de 1882 comezou a súa demolición.

—Comer mal e arriscar a vida decote, velaí a nosa sorte! —dicía un dos máis indignados.

Un vello de cabelos canos, vestido con béldragos malia ser un auténtico mestre na súa arte, un deses aos que se lles confían as angueiras máis difíciles, suspirou ao oír tales palabras.

—Ah, pobre Berini! —exclamou un mozo que o coñecía, sinalándollelo aos demais—. Coitado, ten motivos para suspirar! O ano pasado perdeu un fillo, cando caeu o primeiro piso daquela casa da Porta Venezia, a casa de Brandi, lembrades?

—Si, si! —responderon moitas voces en coro—. Outro máis que recordar!

—O fillo dese desventurado traballaba alí dentro e quedou debaixo...! Tiñades que ver que bo mozo! Pobre Berini, ten motivos para suspirar!

A mirada do vello mostrou un lampo de gratitude dedicada a aquel rapaz que falaba do seu fillo morto con tanto afecto. A seguir, engadiu, secando unha bágoa:

—E deixoume a viúva con seis pícaros... E só me teñen a min!

Foron moitos os que se achegaron ao vello ao escoitaren estas palabras; ao seu redor formouse unha roda de amigos e curiosos.

Falaba amodo, con voz avelaíña. Acabara de traballar o sábado, na casa de campo dun señor da parte de Sesto³, un cabaleiro honesto que prescindía dos capataces e se entendía directamente cos mestres albaneis. Se houberse máis homes tan dispostos coma el, outro galo cantaría!

Todos concordaron.

Seguro! Se os señores que mandaban edificar se entendesen con eles sen intermediarios, sen recorrer aos ca-

³Sesto San Giovanni, cidade situada ao norte, na provincia de Milán.

pataces, os señores gastarían menos e os pobres albaneis non padecerían tantas penurias.

—Pero non se fían de nós! —gritou con voz rouca un home aínda novo, pero cuxo rostro xa translucía os sufrimentos e os excesos e cuxo alento traizoaba a augardente—. Os señores prefiren gastar de máis e ser estafados en toda regra, por tratar con empresarios e capataces, porque estes son burgueses, non populacho coma nós.

—Ou, Tamburini! —díxolle o mozo que falara antes, un tal Zanforgnino, de Mantovano—. Como é que estás aquí esta mañá?

—E logo por que non ía estar?

—Porque é luns e ti es un gran devoto dese santo.

O comentario de Zanforgnino provocou unha gargallada. Tamburini fixo un aceno, mais tamén acabou rindo.

O albanel ancián, que sempre mostraba moito sentido, aclarou:

—Os señores non prefiren tratar cos capataces porque estes sexan burgueses, senón porque dese xeito teñen, ou cren ter, menos molestias e unha garantía...

—Si, vaia garantía! —berrou un.

Pero axiña foi interrompido.

Coa chegada dos capataces, os grupos disolvéronse; xa ningún pensaba en falar, coa preocupación de atopar traballo e conseguir un discreto contrato. Os tratos despachábanse con bastante rapidez. Cada capataz tiña, ademais da man de obra estable, certo número de operarios ben coñecidos cos que traballara outras veces, e polo xeral sabía distinguir, grazas á súa longa experiencia, os obreiros intelixentes e fortes, dos febles e torpes.

Por outra banda, a gran loita polas tarifas e as horas de traballo apenas estaba nos comezos; aínda non existía

a Sociedade Cooperativa, fundada en abril de 1887 por trece albaneis⁴. Xa que logo, os obreiros non tiñan defensa ningunha, e os contratos pechábanse case sempre coas vantaxes do máis forte, por consentimento mutuo, como adoitaban dicir, o que pode existir entre un capitalista e un fatado de esfameados.

Entrementres, xa avanzado o día, a cidade espertaba. Unha procesión interminable de obreiros de toda caste atravesaba o Corso. Víanse homes e mulleres de todas as idades, e moitos rapaces de non máis de quince anos. Viñan dende barrios afastados, dos arrabaldes, das velas casas esmendrelladas e cubertas de mofo nas escuras ruelas; ían gañar o pan da xornada nos establecementos industriais, nos obradoiros ou coas familias. Pasaban hordas de rapazas vestidas de percal de cores vivas, coa cabeza descuberta ou cun pano calcetado con la, ben peiteadas, esveltas, riseiras, bonitas, a miúdo provocadoras e dispostas a rebater as bromas salaces dos mozos. Case todos os homes levaban pipa o unha cabicha de cigarro, e moitos entraban no licorista a beber un vaso para quentar o estómago. Tamén algunhas mulleres bebían.

No medio da masa dos novos aparecían de cando en vez eslamiadas figuras de mulleres envellecidas antes de tempo; homes consumidos polas fatigas dos que non se sabería dicir de onde saían, polo seu estraño aspecto, nin que oficio desempeñaban. Camiñaban engorde, arras-

⁴A denominada Società Anonima Cooperativa di Costruzione Lavoranti Muratori de Milán constituíse o 20 de outubro de 1887, na Osteria della Stella. Os fundadores aspiraban a asistir os socios que non puidesen traballar, pola súa idade ou por algunha invalidez, mediante un fondo de precaución, e a aprenderlles un oficio aos máis novos a través dunha escola profesional. Nestes anos, os traballadores comezaron a tomar conciencia dos seus dereitos e organizáronse para conseguilos. En 1887 tivo lugar unha dura folga dos albaneis, que pedían traballar só dez horas ao día e recibir un salario xusto.

trando os pés, coa cabeza gacha, apenas cuberta por un rudimentario sombreiro, co pescozo envolto nun trapo a modo de pano anoado no queixo. Pasaban cativos de dez ou doce anos, non demasiado medrados para a súa idade, magros, pálidos, xa medio rechumidos polas doenzas herdadas, polo aire viciado dos tugurios onde durmían, pola mala alimentación e o traballo excesivo, ou algo peor. E todas, ou case todas aquelas criaturas tan diversas e uniformes, aquelas máquinas viventes esfameadas que alimentaban o gran movemento industrial, a intensa actividade civil, levaban impresos na cara, coma unha marca indeleble, o desencanto e o fastío do traballo ao que se encamiñaban, coma unha grea guiada pola fame e o costume. Porque case todos ían a un traballo monótono, reducido a simples movementos mecánicos, do que só uns poucos entendían a razón e a finalidade, ou a unha angueira que endexamais lles faría avanzar nin mellorar no seu estado, e cuxo desenvolvemento lles resultaba necesariamente indiferente.

Calquera observador reconecería na expresión dos ollos, no seu porte e noutros tantos pequenos indicios, os afortunados que, por mor do oficio elixido ou doutras circunstancias favorables, lle concedían un interese intelectual ou financeiro á obra, á que entregaban o seu tempo e as súas forzas.

Os albaneis posuían coñecementos semellantes, e algúns mesmo tiñan parentes nas ringleiras dos obreiros condenados a facer cada mañá o mesmo camiño. Entre os dos grupos había acenos, saídos e sorrisos.

Dúas nenas que se dirixían a unha tenda de lenzaría agarradas da man, dúas lindas criaturas de cabelos castaños, grandes ollos azuis nos seus rostros rosados e delicados, enviáronlle dende lonxe un sorriso de consolo

ao vello Berini, que lles correspondeu cun xesto cheo de melancolía e de tenrura.

—As miñas netiñas —dixo, sinalándollas a un albanel de aspecto moi simpático que aínda non fixera os trinta e que se puxera ao seu carón—. Tan pequechas e xa traballan e gañan unha lira á semana.

A Ponte baleirábase. Os albaneis contratados afastábanse, despedíndose cun saúdo ou cos seus mellores desexos para os que ficaban.

Unha crecente inquietude axitaba a Berini.

—Venme vello e co pelo branco..., teñen medo de que non traballe abondo!

Un fondo suspiro inchoulle o peito.

—Aínda é cedo —murmurou o outro—. Vostede pode ter esperanzas, pero eu non!

—E logo?

—Ai! —exclamou o mozo cun sorriso de amargura—. Hai un mes que veño aquí todas as mañás, e non ben me recoñecen, escápanme.

—Pero por que? Que fixeches?

—Estiven na cadea.

Berini sobresaltouse e fitou cunha expresión de anguria a albela face do seu novo compañeiro. Este sacudiu a cabeza. Non quería que o considerase un canalla! Estivera en prisión, si, dezaoitto meses, por lle rabuñar o coiro a un covarde que sandara con quince días de cama, mentres que el aínda tiña a cicatriz da ferida recibida. E refucindo a manga da camisa, mostrou no brazo dereito, uns centímetros por riba do pulso, unha cicatriz aínda encarnada. Ca! Entraran dous gardas que o perseguían dende había tempo por socialista e aos que na refrega golpeara un pouco. Así, mentres o outro, un mozo da pousada que debía ser un espía, fora atendido con esmero e compadecido,

a el, en troques, acusáranos de provocación e xulgáranos con rigor. De poder masacralo, quedarían contentos...

—Ei, Bitossi! —chamou Cattaneo achegándose a Tamburini—. Viches cantos colleu Randani?

—Quen, o da cara sinistra?

—Si, aquel. É un dos suños que fixeron fortuna nos tempos dos bos traballos no centro de Milán. Lémbroo ben porque aquel ano eu transportaba os baldes. E mellor ca min ten que acordarse o noso Berini, non é?

O vello asentiu. Acordábao ben. Por sorte, a el nunca se atreveran a impoñerlle que fixese certas trampulladas, porque o coñecían. Porén, había algúns, anotados e pagados como obreiros dunha gran fábrica na praza do Duomo, que endexamais tocaran nin unha pedra. Podería citar unha chea deles. Entraban pola mañá, daban o nome e saían pola parte de atrás para ir traballar onda a Porta Vittoria, a Porta Romana, ou sabe o demo onde, de parte do capataz A ou do capataz B...

—Carallo! —gritou Cattaneo interrompéndoo.

—Eu estiven precisamente en Porta Vittoria, debaixo do foso, con ese de aí! Pero non só os traballadores artimañaban; había que ver os cargamentos de ladrillos, de madeira e de todo que entraba na fábrica por unha porta e saía pola outra... Os materiais nin sequera chegaban, pero figuraban nas contas.

Tamburini contou tamén que días atrás sentira o capataz Riva gloriarse abertamente de non gastar un céntimo na súa fermosa casa, construída daquela, e que se xustificaba dicindo: «Roubaban todos; sería unha parvada non aproveitarse».

Outro albanel entrou na conversa. Era un tal Ripamonti, miúdo, duns cincuenta anos, algo eslombado.

—Riva? O das láminas de cobre?

—Que láminas?

—Agora o saberá!

E aquel home pequeno, que tiña un tic moi cómico na comisura esquerda da boca e case sempre estaba en paro, deu en contar con moita graza as picardías dun capataz que, cando tivo que cubrir con láminas de cobre a cúpula dunha igrexa, tirou partido dun furioso furacán nocturno para que os señores da mordomía cresen que o vento lle arrincara e lle levara polo aire as láminas tan pronto como as pousara na cúpula. No entanto, estaban a salvo... no seu soto!

Estalou unha estrondosa gargallada que se estendeu de boca en boca até o último carrexador de baldes, que ría sen saber de que.

Eran preto de cincuenta, entre albaneis, peóns e aprendices, a aquelas alturas xa desanimados de atopar traballo para esa semana. Quedaran alí cunha última e teimuda esperanza, reunidos arredor de Berini, Bitossi e Cattaneo, operarios instruídos e cunha certa autoridade.

—O ceo axuda a quen ri e a quen alegra a xente!
—exclamou unha voz sonora e forte de home san e contento.

Todos se viraron cara ao lugar de onde proviña a voz, e un home de baixa estatura, pero corpulento e na plenitude da súa vida, apareceu ante eles cun amplo sorriso nos beizos carnosos, adornados cun groso mostacho louro.

—O capataz Piloni! O señor Piloni! —murmuraron os obreiros, saudándoo.

Lorenzo Piloni era unha figura estraña, tan parrelo, cunha chaqueta de pano sempre abotoada sobre un chaleco floreado e os seus anchos pantalóns de raias cor café con leite; e cun pucho de bandido que ensombrecía a súa

cara louzá, dominada por un nariz grande enriba do cal parecían tocarse dous ollíños grises e burleiros.

—Este é un renarte! —riu con retranca Tamburini, dándolle co cóbado a Bitossi.

Berini, reanimado por un alento de esperanza, ergueu a cabeza e fitou o capataz. Tamén el o coñecía: traballara unha vez ás súas ordes en calidade de asistente... Agora Piloni non construía pola súa conta senón que estaba ás ordes dun bo enxeñeiro. Porén, aínda se rumoreaba que facía...

—Pero eu non vin nada —concluía Berini recuando, disposto a pechar os ollos pola necesidade na que se atopaba de aceptar calquera condición para non quedar no paro nin sequera unha xornada.

Piloni, entremetres, metérase na roda dos traballadores e falaba con familiaridade con este e con aquel. Con refinada astucia ocultaba o seu instinto de besta feroz baixo unha aparencia amigable e divertida. Dese xeito lograba con maior facilidade os seus propósitos. Neste caso nada máis sinxelo para el que convencer aqueles pobres malpocados, que a aquela altura xa non atoparían nada mellor aquela semana e por iso se habían contentar cun prezo reducido. Así, mesmo despois de conseguir unha rebaixa nos soldos xa en por si escasos, andaba prometendo mellores retribucións no futuro, felicitándose para os seus adentros do bo negocio que facía.

Cando bateu de fronte con Francesco Bitossi, que esperaba en silencio, fitouno con detemento.

—Hai moito que te vexo no paro! Como é posible que con ese aspecto de traballador que coñece o seu labor e con ese lombo rexo non atopas un emprego?

Bitossi aguantou cunha expresión segura e fría a impertinente esculca do seu superior; estaba afeito. Final-

mente, sen poder reprimir o sorriso sarcástico que asomaba polos seus beizos, respondeu:

—Como vostede sabe, acabo de saír da cadea.

—Ai, si! E como foi? Non recordo ben!

—Lembra o meu nome?

—Coido que si... Espera... Bartossi?

—Bitossi... Francesco.

—Xa vexo. Tratábase de socialismo e ameazas de folga; houbo unha gran liorta nunha taberna e ameazaches cun coitelo e golpeaches dous gardas... Contoumo o meu curmán. Coñeces o meu curmán, o oficial Piloni?

—Coñezo, señor...

—Voute coller. Estás contento? Quero demostrarche que nosoutros non somos tan ruíns...

Bitossi arrubiou un pouco.

—Cando traballabas con Baritozzi eras vixilante?

—Era, señor.

—Está ben, pois comigo tamén o serás. En canto ao xornal, habémonos entender sen problema ningún... Veña, rapaces! Ao Lazareto, na esquina esquerda da praza, a segunda obra, Piloni e Piola. Os padexeiros xa prepararon a escavación para os cimentos; para o San Miguel temos que estar co teitume.

E sen máis demora, os albaneis camiñaron a bo paso e o capataz seguiu nos charlando con Bitossi e Berini.

II

EN SAN BERNARDINO DEI MORTI

Era a festa da Asunción⁵, a hora na que remataban as misas solemnes. Unha compacta ametencia de persoas saía pola porta maior de Santo Stefano e pola outra, moi próxima, de San Bernardino⁶. O pequeno patio da igrexa e a parte da praza que o circunda axiña se encheron de xente. Calquera carteirista sabía manexarse entre a multitude, e calquera rapaza berraba pola atrevida caricia dunhas mans ávidas.

Os mercadores de mistos, de escarvantes, de cogomelos, de melóns, de sandías e doutros produtos, colocados con ousadía case até o limiar de ambas as igrexas –coas que o mercado da praza de Santo Stefano vive en fraterna intimidade–, aproveitaban a concorrencia para ofrecerem as súas mercadorías, gabando o seu mérito e baratura con abraiante insistencia. Os vendedores de imaxes, de rosarios e demais bagatelas sagradas, irritados por aquela competencia profana, berraban aínda máis forte.

Voces estentóreas, roucas e goleonas gritaban sen canso as súas eternas xaculatorias:

⁵No calendario católico, a Asunción da Virxe María celébrase o 15 de agosto.

⁶Ambas as dúas igrexas –a basílica de Santo Stefano Maggiore e a denominada na actualidade San Bernardino alle Ossa, famosa polo seu osario– están situadas na praza Santo Stefano.

- Unha moeda o feixe!
- Tres moedas dúas caixas!
- Bos cogomelos! Bos cogomelos!
- Fermosos rosarios!

As mulleres, lívidas pola fatiga ou acaloradas pola excitación, avanzaban acomodando os veos ou os panos que levaban na cabeza e empurrábanse cos cóbados para colocar as saias cun movemento rutineiro e rápido.

Máis lonxe, no espazo da praza, onde o mercado cuberto aínda non se levantara, as vendedoras de polos, sentadas baixo unhas enormes antucas, invitaban as compradoras adulándoas con apelativos afagadores, listas para burlarse delas se o trato acababa en fume.

A xente que transitaba dende a rúa Brolo cara ao Ospedale, ou viceversa, a duras penas podía pasar polo medio das dúas selvas do mercado e esquivar a multitude que mudaba de dirección na busca dunha saída ou se arremuiñaba aquí e acolá para parolar.

Unha moza que camiñaba dende a rúa próxima de San Pietro in Gessate e parara un momento na rúa do Ospedale por certas informacións nas que tiña un vivo interese, entrou na praza e, sen preocuparse do xentío, cruzouna en diagonal, escapulíndose con paso lixeiro entre os postos dos vendedores e as rodas de curiosos; tomou a calella de San Bernardino, subiu os dous chanzos da esquerda e entrou na capela –a terceira do grupo– dedicada á Virxe Dolorosa, coñecida comunmente co nome de San Bernardino dei Morti pola súa tremebunda decoración macabra.

Malia o efémera que fora a aparición da moza na praza de Santo Stefano, non poucos repararan nela, xa que era unha desas figuras graciosas, esveltas e ben feitas que non pasan nunca impunemente polo medio dos homes.

O vestido de percal claro, cinguido no peito, e o pequeno veo negro do cal saía, para ensombrecerlle a fronte, un conxunto de rizos desguedellados dun moreno brillante, revelaban a súa condición de muller do pobo, pero ao mesmo tempo proclamaban a súa índole feminina chea de vivacidade e dunha inxenua e instintiva coquetería. O que máis salientaba nela era a mirada intensa dun par de ollos fulgurantes, uns ollos provocadores que, mesmo cando miraban con indiferenza, parecían dicirlle á xente: «Amádeme!».

Polo demais, non era moi fermosa e estaba algo mirrada, se ben non pasaba dos vinte e tres anos; de faccións irregulares, mais sedutora, por esa elegancia innata e un aquel entre o pícaro e o afectuoso, entre o inxenuo e o procaz, que avivece as fantasías, acende os sentidos e encadea os corazóns.

Transportada a outra clase da sociedade, erguida nun pedestal de luxo ou de galantería, Luisa Terragni podería ser, segundo as circunstancias, unha «estrela da alta sociedade» ou unha célebre hetaera. No ambiente pobre no que se desenvolvía, a súa vida non era de certo menos axitada, se ben moito máis escura e uniforme. Aquela mañá de agosto non dubidaría en sacrificar toda a súa mocidade, a vida enteira, por un momento de alivio, tan consternada e esmagada se sentía.

Ao entrar na capela dos Mortos, Luisina prostrouse e fixo o sinal da cruz; logo ollou en volta e tratou de chegar onda a balaustrada. Mais non foi quen, porque a multitude, xa numerosa, aumentaba minuto a minuto. O santuario resplandecía de luces; as lámpadas de aceite, colocadas a un nivel demasiado baixo, cegaban.

Luisina ficou un momento perplexa, pois o xentío empurrouna cara a adiante, á esquerda, entre os bancos e

a parede, preto da balaustrada. Deseguida se axeonllou no pavimento, cuberto cun enreixado de madeira, ocultou a fronte nas mans e quedou como aniquilada entre a opresión do aire abafante e a conmoción interior. Ao seu redor sentíase un murmurio de pregarías, pasos arrastrados e o monótono e insistente tintín das moedas de cobre nas dúas grandes bolsas da colecta que dúas esmoleiras cun longo hábito negro axitaban decontino a rentes das orellas dos devotos.

Nas paredes laterais, no lugar dos órganos e dos pequenos paneis que acostuman estar pintados nas igrexas, negrexaban en andeis colocados á mantenta, protexidos por reixas de ferro, centos e centos de caveiras desenterradas, pacientemente aliñadas. Outras caveiras e tibias entrelazadas con fitas douradas seguían polas pilastras, salientaban a decoración arquitectónica, e, iluminándose aquí e acolá cos reflexos dos cirios e das lámpadas, ofrecían lustres e sombras e livideces arrepiantes.

Pero a xente, afeita a tal espectáculo e recollida na devoción ou noutros sentimentos, facía caso omiso. As miradas dirixíanse polo xeral cara ao altar, onde a célebre Virxe de San Bernardino –escultura de madeira en relevo que representa a Nai Dolorosa deitada perante o corpo inerte do Divino Fillo– se mostraba aos devotos sen veo, só protexida polo vidro da custodia, no medio de cirios ardentes, estraños adornos, colgaduras faiscantes, bandeirolas e exvotos.

As mulleres acudían a bendicir os panos para conservalos como reliquias co poder de sandar calquera doenza.

A «indixente da igrexa», unha muller duns sesenta anos, alta e osuda e co rostro severo, de pé entre a balaustrada e o altar, collía os panos que lle entregaban, cravábaos nunha longa hasta e facía unha cruz con eles

sobre o milagroso vidro. Dende a distancia, parecía estar limpando as arañeiras.

Pero esta non era a súa única ocupación. A intervalos, cunha regularidade de dous ou tres minutos, un devoto ou unha devota pousaba na cornixa de mármore da balaustrada unhas moedas de cobre, miraba para a muller e esperaba. Esta, sen apurar demasiado, devolvíalle o pano bendito a quen correspondía e achegábase ao novo cliente; fitábao un instante e acendía unha das lámpadas dispostas en pequenas cuncas de vidro sostidas polos brazos dun candelabro metálico, alzado a modo de decoración sobre a balaustrada. Non ben acendía unha cadea, apagaba outra; e se acendían dúas, eran dúas as que apagaban, cunha impasibilidade automática.

Ás veces, porén, tal impasibilidade fallaba. Na mesta sombra que proxectaba o pano sobre a fronte, atado debaixo do queixo, os seus ollos escintilaban de cobiza se, no canto das solitarias moedas de cobre, brillaba unha de prata. A aparición de Luisa Terragni, percibida de pronto, espertou un escintileo naqueles ollos de voitre. A vella falaba nese intre cun home máis ben maduro, aínda bastante bo mozo, de complexión forte, fachendoso, pero cunha sofisticación que traizoaba o oficio co que se enriquecera: unha cadea demasiado vistosa no chaleco de pano branco, unha chea de aneis nos dedos, un alfinete resplandecente coma un sol na gravata de raso Pompadour, e outros pequenos detalles de mal gusto. Revelábao sobre todo o visible esforzo que facía para manterse teso e coa estrita corrección propia dunha persoa distinguida, mentres que coa máis pequena emoción, os seus brazos se axitaban con torpeza, e todo o seu corpo adquiría unha pose de mesoneiro en acto de servizo. Resultaba cómico observar a angustia que o atacaba ao que caía na conta

do erro cometido, e a precipitación coa que procuraba recuperar a compostura. A cara, de vulgar raposo, considerárase aínda bastante agradable se non tornase ridícula con aquela forzada expresión de home altivo e con aquel monóculo que non lograba manter firme no ollo dereito.

—Está aquí! —bisbou a «indixente», sinalando ao punto onde Luisa se axeonllara.

O señor, pasmado e case temeroso de ser visto, repregouse deseguida, pero botou con discreción cinco liras encol do mármore.

A vella observou como saía, e coa súa habitual lentitude colleu a moeda e fíxoa desaparecer; logo acendeu dúas lámpadas e apagou outras dúas, foi prender dúas candeas nun montón que estaba apartado, meteunas nos candelabros, acendeunas e levounas ao altar, aos pés da Virxe Dolorosa.

Dúas ou tres mans ansiosas ofrecían os panos. Ocupouse delas, acomodou aínda dúas ou tres luces que languidecían, e ao cabo, como por casualidade, achegouse a Luisa.

—Oh, señora Rosa! A miña nai estivo moi mala esta noite! —e cun fío de voz engadiu—: O cativo tamén anda mal! Querería poñer dúas candeas no altar da Beata Virxe...

—Axiña, filla! Media lira.

—Abonda?

—Media lira cada unha, enténdese.

A moza tirou do peto unha bolsiña de coiro e buscou dúas moedas perdidas nunha marfallada de cobre e deixounas caer con suavidade no mármore, murmurando:

—Polo meu cativo...! Pola miña nai...! Querería tamén bendicir este pano...

A señora Rosa atendeuna axiña.

—Ten fe na Virxe e todo irá ben.

—Viuno?

—Non... mañá!

E afastouse. Outros devotos esperaban por ela; outras mans botaban as moedas de cobre ou de prata no mármore da balaustrada.

Cadora entraba nova xente no oratorio, e o tintín das moedas nas grandes bolsas da colecta, sabiamente axitadas, volvíase máis insistente e rítmico. O aire viraba irrespirable, a chama das candeas vacilaba no altar milagreiro, as caveiras e as tibias acendíanse aquí e acolá cos reverberos das oscilantes chamas.

Luisina continuaba axeonllada, co rostro sepultado entre as mans, rezando con inusitado fervor, pero máis coa alma que coas palabras, pois os seus beizos repetían arreo:

—Pola miña nai! Polo meu pequeno! Virxe Santísima axúdame!

Nunca se atopara en semellante transo. Para asistir a nai nunha longa enfermidade esgotara os seus escasos aforros e traballara menos ca adoito. Agora atopábase sen cartos e cun gravoso atraso case ás vésperas do San Miguel, prazo funesto para todos os pobres aos que lle custa pagar o alugueiro, desalentador para ela naquelas circunstancias. E acometíaa outra terrible angustia.

As novas que ía buscar dúas veces ao mes onda a comadroua que a asistira eran cada vez máis graves e alarmanes: o pobre cativo, ao que non volvera ver dende o nacemento —había cinco anos—, consumíase paseniño na horrible casa que en baluto está baixo o padroádego dunha gran santa. A honesta comadroua dicíalle a verdade: se tardaba uns meses máis en sacalo de alí, o neno

morrería. Oh, se non fose pola enfermidade da nai! Se estivese soa, ignoraría calquera precaución e sacaría de alí o seu fillo sen esperar máis. Pero como facelo, con aquela bendita muller que non quería oír falar diso, e que morrería a non tardar de vergoña e indignación? Que facer, sen cartos e nas vésperas de que o avaro dono da casa a botase á rúa, quizais sen mobles?

Só unha persoa podía axudala... aquel que a fixera tan infeliz. Se mantivese a súa promesa... Pero non albergaba esperanzas. Talvez, no seu corazón de muller, sen se atrever a recoñecelo, nin sequera o desexaba. Aquel home ao que amara tanto, tornáraselle odioso, e só polo neno consentiría en casar con el... Pero non había perigo! Oh, coñecía demasiado ben; ríase das promesas e dos xuramentos. Pois que rise! Ela só lle pedía axuda para salvar o fillo da horrible morte que o agardaba. Abondaríalle cuns centos de liras; unha miseria para el! Ela correría ao hospicio, collería a criatura e levaríaa ao campo, a Brianza, ou preto de Lecco, onde medrara; todo ás agachadas da súa nai, para non a affixir, para non contrariala... Cos cartos pagaría o alugueiro e as demais débedas, poñendo o resto no banco para asegurar o pagamento da renda aos campesiños, e unha vez ao mes, polo menos, iría ver o seu anxo! A súa nai, mentres, sandaría e lograría convencela aos poucos... Que felices serían malia as súas desgrazas! Que recoñecida lle estaría a aquel home, a pesar do dano que lle fixera! Rogáballe á Virxe Nai que o inspirase, que o impulsase a facer aquela boa acción, e xuraba nun paroxismo desesperado vivir sempre así, unha vida de sacrificio, sen amor, solitaria, desprezada... E nin sequera sentía o suplicio doutra tortura...

Pero estes soños esvaecíanse de improviso; as ilusións abandonábana. Aquel home non faría nada: era dema-

siado infame. Ademais, quen sabe en que condicións! Un arreguizo de terror xeaba o seu corpo. O pequeno morrería... A súa nai recluída no hospital... E choraba os sete chorares...

A nai de Luisina, Virginia Galavresi, era de boa familia; filla dun acomodado rendeiro, casara co boticario dunha pequena cidade lombarda, pero a farmacia non prosperara e pasados uns anos o home acabara na creba e suicidárase, deixando na miseria a muller e a súa única filla. Daquela, as dúas mulleres marcharan a Milán contando coa protección duns parentes e saíran adiante traballando. A desgraza das desgrazas chegara cando esperaban atopar a fortuna. Un daqueles parentes, o viñateiro Angiolo Zibardi, pretendera a Luisina, pero cando o matrimonio foi necesario, puxo escusas para adialo até que finalmente a deixou; con todo, seguira enchendo as parentes de boas palabras, dando a entender que, se estaban tranquilas, se non armaban escándalos, un día ou outro cumpriría a súa promesa. Polo momento tiña outras cousas nas que pensar, e para dispor dunha casa de seu precisábanse cartos!

As mulleres axiña se decataron de que se estaba a burlar delas. Luisina, desenganada, deixou de amalo, e de non ser polo neno, pola vaga esperanza de darlle un nome lexítimo, faríalle comprender ao sedutor até que punto o desprezaba. En troques, Virginia non se resignaba á deshonra da filla e negaba a evidencia, teimando na esperanza dunha reparación. Entrementres, a súa saúde empeoraba. Pasara por demasiados infortunios, e aquel último afundíraa.

Deste xeito, sabendo que a súa coitada nai se consumía de tristeza, Luisina faría calquera cousa para contentala; por iso trataba de ocultarlle cando menos unha

parte das súas miserias. Agora comprendía a inutilidade dos seus esforzos e a súa coraxe esvaecía.

Chegada a tal extremo, tampouco non atopaba na oración o desexado acougo; desafogar aquelas bágoas ao pé do altar non lle fixera ben. O seu abatemento aumentaba; os esgotados nervios da atroz pena causábanlle no corpo unha prostración invencible, e uns calafríos encollíana no medio daquel bochorno abafante. De todos os pensamentos que aqueloutraran pouco antes a súa mente, agora non lle quedaba máis ca unha idea confusa da vaidade dos seus esforzos; no canto da fe, o baleiro, o horrible nada, unha vertixe da mente e dos sentidos... Os seus beizos palidecían e sentíase a piques de desfalecer.

A «indixente da igrexa» achegouse a ela; pousoulle unha man no ombreiro e murmuroulle unhas palabras. Logo axudouna a entrar nun banco para que sentase un momento. Luisina estremeceuse ao sentir o contacto da man da vella; alzou os ollos atromada e viu as dúas candeas acesas que pagara, xa case consumidas. Pasou o pano bendito polas tempas e ficou alí, inmóbil, como esperando un efecto repentino. A capela íase baleirando. As bolsas da colecta, a rebordar, axitábanse amodo, con tino, e só cando aparecía algún devoto atrasado.

Pasado un anaco, Luisa recobrou a noción do tempo decorrido. A súa nai esperaba por ela, e seguro que estaba inqueda! Este pensamento devolveulle as forzas; púxose de pé, saíu do banco, fixo unha sentida xenuflexión no altar e un leve aceno de saúdo á señora Rosa, e regresou ao camiño.

III

NAI E FILLA

A vella casa onde moraban as Terragni era das destinadas a desaparecer no caso previsto da próxima reorganización das rúas e canellóns que se estenden e se cruzan dende a Ponte da Porta Vittoria até a vella igrexa de San Pietro de Gessate. Quedaba preto do centro da rúa á que lle dá nome a igrexa, e a primeira vista non parecía fea, coa súa fachada de tres plantas e o portón máis ou menos ancho. Pero o seu interior era un barullo. O patio semellaba máis ben unha calella serpeante entre un grupo de casoupas altas e baixas, con fiestras e varandas de formas e alturas diversas.

Bastaba unha ollada para se decatarse de que alí se reuniran diversas construcións e que se apegaran ao corpo do predio anterior, bastante máis recente e destinado a servir de distintivo mendaz, coma tantos outros, daquela mercancía putrefacta.

Dez ou quince anos atrás, Piloni adquiríralle aquelas ruínas a un mozo folieiro a modo de reembolso dun crédito usureiro, dubidando de se facía un bo negocio. Daquela o capataz comezaba a súa carreira de estafador, xa arteiro coma o que máis. Por iso restaurara de calquera xeito aquelas casoupas e aumentara tres andares na parte dianteira, pensando na considerable ganancia

que obtería en canto o Concello lle impuxese a cesión por razóns de utilidade pública.

Ende mal, as cousas demoráranse e a rúa seguía igual de deteriorada. Secasí, nos quince anos, Piloni quintuplicara o seu capital alugándolle aquelas dependencias á pobre xente que se aloxa en malas condicións e, en proporción, paga bastante máis ca os ricos.

Á parte dun taberneiro, un chacineiro, un colchoeiro e outros pequenos comerciantes, os inquilinos da casa eran case todos obreiros; entre eles había varios albaneis, e algúns traballaban nas obras do propietario. Tamén o porteiro era un vello albanel incapacitado tras sufrir unha caída. Piloni protexíao, porque o malpocado, atordado polas desgrazas, amosaba unha obediencia a toda proba, coma un can mallado.

A vivenda das Terragni, no segundo andar, pertencía á mellor parte do predio, á construída por Piloni; daba ao patio e dispuña de porta e fiestra cara a unha longa galería⁷. A luz que lle entraba apenas alumaba a metade da estancia, fonda, estreita e máis ben baixa.

Na penumbra do fondo emerxía, coa súa manta branca, un gran leito nupcial, último resto dunha distante comodidade. Virginia Terragni, a nai de Luisina, xacía enferma naquela cama.

Era unha noite de sábado; Luisina pasaba o ferro xunto á fiestra.

Unha longa mesa cuberta cun anaco de alfombra, sobre o que a moza estendera unha saba vella dobrada en

⁷Este tipo de casas nas que vivían as clases populares, denominadas *case di ringhiera* ou *casa a ballatoio*, eran habituais en Milán e en toda a Italia setentrional no século XIX, aínda que algunhas delas foran construídas en datas máis antigas. As portas das diferentes vivendas habilitadas en cada andar daban a longas galerías rematadas en balcóns con varandas, compartidas por toda a veciñanza, e abertas cara a patios interiores.

catro, ocupaba case toda a anchura da peza, deixando apenas medio metro de espazo para pasar.

A alisadora andaba apurada. Aínda lle quedaba por alisar a roupa amidonada ou simplemente humedecida disposta nun montón que ocupaba un dos extremos da mesa. Levaríalle dúas horas longas de traballo.

—Teño sede! —murmurou a enferma, rebulindo na cama.

Luisina moveuse, pousou o ferro no fornello cheo de carbón aceso e correu á cama, cabo da nai.

—Oh, volveuche a febre!

—Non!

—Como que non! Estás quente coma unha ascua! Ai, meu Deus, meu Deus! Está quieta, por favor. Tiña que darche a quinina ao mediodía, pero esquecinme!

Suspirou e virou a cara. Non é que non se acordase, pero non tiña cartos, e o boticario, que lle adiantara unha pequena suma, xa non lle fiaba.

Virginia ergueu a cabeza osuda, co rostro desfeito —outrora fermosísimo— e, aferrando coa man trememente o vaso cheo de limoada que a súa filla lle tendía, bebeu con avidez, co penoso afán dos febrís.

Luisina quedou uns intres ao pé da cama, alumiñou a doente coma se fose unha meniña, bicouna varias veces e logo tornou ao fornello, colleu o ferro quente, limpouno con coidado e continuou coa súa angueira. Estiraba ben, con esmero, bastante máis do que merecían as camisas e os outros trinchos mendados da súa clientela. En verdade, non podía presumir de ter clientes ricos e elegantes. Pero non era culpa súa: a casa non ofrecía outra cousa. Co tempo, se cadra, melloraría. Por agora tiña que contentarse, tanto máis porque aquel non era o seu auténtico oficio. Ao primeiro traballaba como

modista, pero por motivos varios vírase na obriga de deixar a tenda de moda na que estaba empregada, sobre todo por culpa da enfermidade da nai, á que non podía deixar soa. Nesas circunstancias puxérase a traballar na casa, onde esperaba gañar máis. Deseguida caeu na conta de que, ao non poder fiar, perdía os clientes, pero se fiaba sempre perdía cartos. Daquela pensou noutro traballo. Sabía alisar un pouco: probou, mantendo os prezos baixos. Os dous oficios xuntos acabaron proporcionándolle unha ganancia de oito, dez, até doce liras por semana. Moitas tíñanlle envexa. Porén, para ela, coa nai na cama, as doce liras seguían sen chegar, e as débedas aumentaban mes tras mes. Se ademais o dono da casa a botaba á rúa, non sabía o que sería dela! Era tan desgraciada...

Inclinaba a fronte polo vapor quente que saía da roupa, como dobrada en dous polo desazo, e mentalmente repetía: «Desgraciada e estúpida!», e os seus beizos esbozaban un sorriso de compaixón despectivo polo parva que era.

Entrementres, as súas mans hábiles e lixeiras non paraban un instante, e o ferro corría polos peitos brillantes das camisas amidonadas, polos colos e os puños do fillo do chacineiro, un mozo moi novo que sempre levaba unha flor na botoeira e que era o seu mellor cliente. Ai se non lle compracía: daba en berrar coma unha aguia e botaba as camisas limpas na cesta da roupa sucia! Ademais, a súa vella, unha avarenta sen medida, era capaz de pedirlle que lle volvese lavar e alisar sen pagar. No fondo, aquela esixencia resultáralle útil. Así aprendera o oficio en pouquísimo tempo. Outro que a desesperaba era un tal Nanetti, un viúvo con dous fillos, un pobre funcionario do Concello, obrigado a vivir cos seus rapaces

con tres liras ao día, sen tan sequera a compensación de levar a bata de cor azul. O coitado tiña as camisas desamañadas e quería que non se lles visen os remendos, que el mesmo cosía pola noite, despois do traballo.

De calquera maneira, aquela era a roupa máis especial despois da do chacineiro da flor na botoeira, e a alisadora colocábaa a carón da cheminea para que acabase de secar e para que o amidón tornase máis resistente.

Agora estiraba con rapidez unha peza tras outra. O montón diminuía. E a cada interrupción da tarefa achegábase un momento á cama, miraba a enferma e secáballe a suor, pois facía unha calor de invernoiro naquela estancia na que non corría o aire. Logo retornaba á angueira para acabar pronto, e tamén para agocharlle á nai a crecente inquietude que a acometía. Sentía unha gran pena por si mesma, pois malia ter un carácter aberto e efusivo, debía gardalo todo para si, ao non ter unha alma coa que desafogar!

A «indixente da igrexa» aínda non lle trouxera a resposta de Zibardi; quedara en vir o sábado á tarde. Porén, non esperaba nada bo. Mentres, recorrera á congregación de caridade para obter un subsidio, aínda que non tiña esperanza de conseguir un abondo para facer aquilo co que soñaba. Se aquel can non mostraba compaixón, o cativo estaría perdido. Pobre alma! Pobre alma!

Grosas bágoas escorregaban polas súas fazulas canda a suor. Sentía os membros derreados. Matábaa aquel traballo tan pesado ao que non estaba afeita. Quen sabe! Talvez o ex-viñateiro tería un momento bo; a señora Rosa dixera que estaba ben disposto. E por que non o había estar? Non era el o pai, como ela era a nai? Non se trataba acaso do seu sangue? Por que ela tiña que sufrir tanto pensando que o pícaro adoeecía, e el nada? De que

pasta estaba feito? A señora Rosa debía dicir a verdade: se non era unha besta, se tiña alma, tería que amosar boa disposición e entenrecerse. Seguro que a axudaría.

Mais mentres a súa mente se centraba en tal anhelos, outra inqueda sen nome nin causa aparente xurdía na cerna do seu corazón. Non comprendía por que motivo a esperanza que debería consolala, en realidade non a aliviaba. Ou se cadra si que o entendía. Coller os cartos daquel home..., ter que volver velo, talvez..., talvez ter que soportalo... De súpeto arreguizouse. Ah, non, por todos os santos! Antes morrer..., antes... A piques estivo de dicir «antes deixar morrer o neno», pero axiña se arrepentiu... Por aquel pobre inocente tería que ceder e aturalo todo... Pero ela morrería. Oh, como aborrecía aquel traidor! Como o odiaba! Non entendía como o amara no pasado... Con todo..., quizais o odiaba tanto precisamente porque o amara. Quizais aquel odio aínda era amor... Negou coa cabeza. Non, non. Amárao, ou cando menos crera amalo porque fora bo e cariñoso, se ben era un infame. Cando o coñeceu, o amor morreu. O sentimento que experimentaba tinguíase de tristeza. Se se arrepentise..., se casase con ela... Volveu acenar coa cabeza, case para afastar aqueles pensamentos. Sentía o odio no sangue, e non podía comprender que aquela hostilidade fose a reacción a un amor traizoado.

Tras unha longa reflexión creu espantar as súas dúbidas con este argumento triunfal: non, aquel odio non era amor, porque aquel home lle daba noxo. Se casase con ela, consentiría, si, polo pícaro e pola nai enferma, pero sería moi infeliz e morrería de pena.

Deseguida se enseñoraron do seu ánimo outros pensamentos. Que estúpida! Non había perigo de que quixese casar con ela nin tampouco recuperala: xa tiña outros

amores e ambicións... Ría da súa propia inxenuidade, bur-lábase, segura no fondo, e liberada dun peso insufrible.

Todos falaban dos amores do señor Zibardi, do guapo viñateiro enriquecido, enormemente enriquecido, polo que contaban. As súas antigas compañeiras de traballo, as modistas novas que a miraban de arriba abaixo, chamábanlle cabeza de bubela porque non soubera aproveitar a súa sorte, nin utilizar a maternidade, nada. Que cabeza choca, caramba! Dende nena sempre lle dixeran que tiña o corazón tan brando que rompía a chorar coa mínima reprimenda da mestra. Se non fose así –aseguraban as súas antigas compañeiras nos momentos de expansión–, faríase rica dun xeito ou doutro, porque era bonita e gustábanlle aos homes máis ca todas elas; en cambio, vivía arrodeada de miseria e o honor perdérao igual. Tampouco non se podía dicir que se reservase para unha boa ocasión! Nin moito menos! Entregárase ao chou e continuaba vivindo naquel cacharufo, facendo bo caldo con aquela chusma. Así, os que sabían o do viñateiro, e tamén os que non o sabían, atribuíanlle seguido unha chea de amoríos.

Carlottina Fiorelli, unha compañeira dos primeiros anos, repetíalle estas cousas un daqueles domingos, cando a encontrara por casualidade. Fixérase actriz, vestía como unha princesa e esperaba dispor dunha carruaxe con cabalos dentro duns meses.

Todo o que lle dixera era certo, pero que podía facer? Era así. Entregárase a aquel home sen outro pensamento ca o amor, levada, arrastrada, como un animal que vai ao matadoiro, cos ollos pechados. Non podía facer nada; nacera cun corazón tenro e unha boa fe dura coma a rocha; nin sequera os golpes romperan aquel natural crédulo e confiado!

Lembraba acontecementos lancinantes a propósito da súa candidez, como cando, tras o parto, soubo que Zibardi fixera levar o neno ao hospicio mentres ela estaba cun pé no outro mundo, sen rechar de nada! Choraba, desesperábase porque lle quitara o petís, sen sospeitar que aquilo era o principio da fin, o sinal do abandono! El persuadíaa con palabras amables e doces promesas; era seu para toda a vida, ninguén os separaría, o neno significaba un vencello sagrado, indestrutible; non a deixaría nunca, nunca. Na faixa do neno puxera unha tarxeta co nome escrito da súa man: Mario Terragni-Zibardi. Non ben despachase certos asuntos, non ben convencesese os da súa casa e aforrase cartos abondos cos que mantela con comodidade –porque a súa esposa debía ser unha señora–, casaría con ela, amañaría todo e o neno viría á casa cunha ama de cría... Non estaba contenta? Así lle falaba, o hipócrita, e ela creuno.

As lembranzas exasperábana; dominábaa a carraxe.

Decorreran cinco anos, cinco anos! O pobre neno abandonado morría... Morría! Este pensamento apagaba a súa ira. O odio enmudecíaa... Unha palabra! Unha esperanza! Unha axuda! E esquecería, perdoaría todo!

Estirou o pescozo para alucrar o patio. A señora Rosa prometera chegar antes da noite.

Paciencia!

Cando retomou a tarefa de pasar o ferro, o pensamento da rapaza volveu ás palabras de Carlottina, especialmente a aquelas que máis a feriran: que trataba con demasiada confianza aquela chusma e que agora, os que sabían o de Zibardi, lle atribuían oitos amoríos... Que mesquindade! Ningún home podía xactarse diso. Seducírana... Todo o máis que podían dicir é que se deixara seducir porque era unha panoca; sabían que tiña o fillo

en Santa Caterina porque non o ocultaba e ía onda a comadroua todos os meses, mesmo dúas veces ao mes, para ter noticias. Por iso a compadecían, precisamente porque sabían... A que chusma se refería Carlottina? Pensar que aquelas palabras saían da boca da filla dun varredor, dunha que se vestía de seda porque traballaba no máis indigno dos oficios!

«É certo», cismaba a alisadora, «que me levo ben con todos, e cando non estou co corazón nun puño, coma estes días, tamén me gusta rir un pouco... Señor! Debo deixarme murchar? Rindo non fago mal ningún».

A imaxe de Francesco Bitossi aparecéuselle de súpeto, ao coller na man unha das últimas camisas e decatarse de que era del.

—Polo menos ten a roupa en bo estado! —exclamou observando a camisa e as outras pezas que o albanel lle levara aquela mañá, rogándolle que llas alisase.

Había poucos meses que Bitossi collera un cuarto que quedara libre no mesmo andar. Como se vían todas as tardes, e ás veces tamén pola mañá, cando ela se erguía cedo para traballar, comezaran a saudarse, e logo a intercambiar algunha palabra. Simpatizaran; ambos eran desgraciados pero afables.

Ocorréuselle que talvez a comedianta aludise a el coa palabra «chusma»; víraos xuntos na porta do chacineiro unha daquelas tardes. Aquela insinuación pareceulle noxenta, e xurou non saudar máis a antiga compañeira.

Empardecía. A enferma adormecera. Sen deixar de alisar, co lombo encurvado, aloulada polas exhalacións do carbón e os vapores agres da roupa húmida, con aquela fatiga enervante que desfai o corpo e deixa libre o pensamento, Luisina non era quen de deixar de atormentarse desenterrando o pasado, escrutando con medo o ameaza-

dor porvir. Así, aos poucos, consonte caía a noite, o seu desacougo adquiría unha intensidade febril. Os seus ollos ardentes afastábanse decote do traballo, fitaban o baleiro, abesouraban con ansia as outras galerías e trataban de penetrar na sombra das escaleiras.

As veciñas que pasaban unha e outra vez por diante da fiestra intercambiaban con ela algunhas frases; os veciños que empezaban a recollerse, saudábana, algúns con miradas suspicaces, outros con cumprimentos anódinos, lanzándolle ao rostro o seu cálido alento impregnado de tabaco e augardente. Ela respondía a todos con bondade, sen alterarse por nada, freando os audaces coa indiferenza segura dunha muller que sabe impoñer respecto sen recorrer a grandes medios.

Tamén chegou Bitossi, e a fermosa figura do mozo, de anchos ombreiros e cabeza fina e intelixente, parou un instante diante da alisadora.

—Aínda traballando?

—Case rematei. Levareille logo a roupa...

—Como está a súa nai?

—Oh, estou desgustada! Volveulle a febre.

—Pobre! Precisa algo?

—Oh, grazas, señor Francesco, grazas! E vostede, está contento con Piloni?

—Sempre é mellor que estar no paro.

—Créollo ben. E van rápido, non si? Sentín dicir que o capataz quere ter os inquilinos na Pascua.

—Ese sería o menor dos males. Comezamos a traballar en marzo, e, nun ano, con disciplina e a este ritmo, pode conseguirse. Pero o peor é que en abril e maio non traballamos case nada por cousa da auga que veu case acotío e polos grandes temporais, así que pode dicirse que só levamos tres meses; e el, para o san Miguel, quere

ter os teitos botados, as escaleiras feitas e os pisos divididos para que os que buscan casa suban a velos. Ou se cadra para facer algún outro contrato. Calquera sabe o que ten ese home na cabeza!

—Que axiña levantan agora as casas!

—A fume de carozo.

—A outra tarde, Berini laiábase co porteiro e recordaba o seu fillo, que quedou sepultado cando caeu a casa de Brandi.

—Pobre home! Tenlle xenreira a Piloni...

—Xaora! Dicía que a obra de Piloni ha rematar coma a de Brandi.

—Esperemos que non, pero, por desgraza, non é imposible.

—Oh, Deus! Non me asuste!

—Esperemos que non, esperemos que non...

—Esperemos, pero o perigo está aí. E todo pola cobiça deses capataces, que queren facerse ricos nun abrir e pechar de ollos, e arriscan sen dó ningún a vida de tantas pobres criaturas.

—Tamén arriscan a súa: aman os cartos por riba de todo; en especial, Piloni, que nunca tan atrevido se mostrou. A semana pasada esborroouse un teito nunha obra en Porta Genova e un rapaz quedou esmagado debaixo del. Foi un milagre que non morrese tamén o capataz, e xusto estaba dicindo que non había perigo! Así é: teñen máis medo de gastar que de morrer coma as ratas.

—Gustaríame que os prendesen a todos. Compadézome dos pobres homes que traballan mal pagados. E vostede non ten medo?

—Eu? Ca! E tampouco non me importaría nada morrer.

—Como? Tan novo!?

—Estou só no mundo e teño poucos motivos para a ledicia, aínda que non está ben que o diga. Hai tantos oficios esgotadores e arriscados! O outro día fun ao gasómetro; tiña que ver que vida de bestas levan eses pobres traballadores! En poucos anos están queimados. Mentres, outros viven de rendas á súa conta... Isto é o que me fai apertar os puños...

A alisadora escoitábao con atención, fascinada por aquela voz vibrante e aquel acento conmovedor. Alzou os ollos e fitouno. As súas miradas cruzáronse e ambos sentiron unha sacudida. Ela entendeu que non era un obreiro coma outro calquera, que non falaba en banda, senón que meditara arreo no asunto. O respecto e o embarazo que lle inspiraba, empecían a súa resposta. Ao lembrar de repente que o mozo lle contara que estivera en prisión a causa dunha liorta á que se deixara arrastrar polas súas ideas socialistas, o seu apuro virou nunha fonda piedade e nun vivo temor de que se volvese comprometer. Emporiso, para cambiar de tema, preguntoulle:

—O señor Piloni colleuno como vixilante, non si?

—Si... e págame menos ca aos outros, aos que lles paga o menos que pode.

—E logo?

—Pola miña desgraza... Como sabe que estiven na cadea, e logo tanto tempo sen traballo, entende que teño que aceptar o que veña...

—E vostede non lle di nada?

—Eu? Uf! Non me preocupo por min... Cando chegue o momento de actuarmos todos xuntos... Cando soe a hora da vinganza e da redención..., daquela xa verá, sentirá...

Atemorizada polo ton ameazador co que o albanel pronunciara estas palabras, e temendo por el, Luisina inte-

rrompeuno cun xesto brusco e bisboulle que calase, sinalándolle a señora amarela. Sospeitaban que Marianna Civardi, a quen chamaban a señora amarela por un vestido que adoitaba levar no verán, espiaba para a policía.

El calou, asombrado, contemplando a alisadora, que tornara ao seu labor.

—Grazas —dixo ao cabo, cando Marianna Civardi se afastou—. Foi vostede moi amable. Grazas! Xa non me sentirei tan só.

E marchou, confuso por dicir tanto e con medo a desvelar o remuíño de sensacións que bulían nel.

Luisina agradeceulle aquela discreta reserva máis ca as palabras afectuosas coas que sentira subir o rubor até os cabelos.

—Luisina! —suspirou a enferma.

—Mamá! Estou aquí.

E correu ao leito.

—Remataches?

—Si.

—Con quen falabas?

—Un pouco con un e un pouco co outro.

—Non... Falabas con ese albanel... Bitossi... Non quero que lle fales!

—Oh, mamá! Non me fagas rir, non lle falo como ti pensas...

—Non quero que lle fales de ningún modo.

—Por que?

—Porque che traerá desgraza; porque é un malpocado coma ti, e dous infelices xuntos sempre acaban mal...

—Xa estamos! —exclamou a rapaza, freando o seu sobresalto—. Mamá, non entendes que non quero saber de ninguén? Outra cousa é falar dúas palabras, coma bos veciños, non como ti pensas. Veña, veña, non me

apesares; agora baixouche a febre porque suaches. Irei buscarche a quinina para esta noite; deixa que acabe estas catro pezas.

Regresou deseguida cabo da fiestra e, coa tenue luz do crepúsculo, púxose a estirar con furia a roupa que lle quedaba.

Ás súas costas a estancia formaba un fondo escuro, apenas interrompido aquí e alá polos reflexos do fornelo, que espallaban brillos fantásticos sobre os obxectos de cobre pendurados ao redor da cheminea e os peitos lustrosos das camisas que acababan de secar coa calor do lume. Este marco de sombra e a feble luz que entraba pola xanela salientaban a figura elegante, iluminada, a grácil beleza da alisadora. Os seus ollos relucían, e a delicada pel do seu rostro, do pescozo e dos brazos nus adquiría unha transparencia de perla. Vista así, aquela moza, á que as malas linguas atribuían tantas escapadas, resultaba candorosa e inxenua coma unha virxe de Fra Angelico.

Entre tanto, dende o fondo do patio retorto e longo, nun punto moi estreito, noutro ancho, dende as galerías, dende o interior dos cuartos, ascendía e corría un rumor enxordecedor, un boureo confuso e insistente.

Un ferreiro, un tal Mariani, quería gañar o tempo que perdera aquela xornada, e o clamor da súa engra retumbaba. Un artesán do ouro, levado pola mesma furia, facía tremer as vellas paredes da casa. Na estancia do comerciante de viños comezaba o habitual pandemonio: varios obreiros que xa tornaran do traballo coa paga semanal, preparábanse para a esmorga. Os mozos acudían coas xerras; as voces altas, roucas, afastábanse; chovían as gargalladas á luz intensa do gas, o fume dos alimentos e das cachimbas.

Unha cuadrilla de mozos, entre os cales había algúns albaneis amigos de Colombo, o porteiro, colocárase preto da fiestra que daba ao patio, a cal semellaba unha gran boca de lume aberta ás tebras. Comeran a sopa en familia e agora bebían un quinto de viño tras outro e entretíñanse xogando ás cirindainas para celebraren a fin da semana. Outro fato de rapaces, nunha mesa máis apartada, brindaban e cantaban. A voz grave dun aprendiz de barítono pretendía concentrar a atención xeral. As raparigas que baixaban a coller a auga na bomba miraban os mozos polo rabo do ollo, vacilaban ante os seus piropos e logo respondían altivas con gargalladas mentres marchaban.

No segundo andar, no fondo do patio, onde as paredes zumegaban a graxa dos vertedoiros, o albanel Carmine Tamburini montaba unha algarada do demo coa muller, porque non lle preparara a sopa. Os fillos berraban coma o pai; a muller retrucaba: se quería a sopa, que deixase cartos para pagarlle ao tendeiro, e ao panadeiro, que xa non lle fiaban. E insistía en que lle entregase o soldo, polo menos a metade ou un terzo... Pero Carmine apenas tiña nada, pois o licorista e o viñateiro andaran máis lixeiros.

Na galería veciña á das Terragni, pero algúns chanzos máis abaixo, acontecía outra escena repugnante e cómica asemade. A protagonista era a señora amarela, que maltrataba as súas hóspedes, tres pobres vellas ás que tiña aloxadas, e que ofrecían decotío un bo exemplo de vida tenaz.

—Ah, seica non teñen abondo coa sopa...? E logo que máis queren? Achís! Achís! Achís!

Unha ducia de esbirros interrompía a rifa, pois a señora Marianna tiña un arrefriado eterno que a atormentaba especialmente cando os seus nervios se excitaban. Con to-

do, non se rendía; non ben pasaban os esbirros, protestaba porque non lle dixeran «Saúde!», ou peor, porque comentaran en ton burleiro que semellaba unha pingueira.

—A ver se morres! —berraba un algareón dende o fondo da taberna.

Pero poucos se atrevían a rir.

—É da policía —murmuraban—. É da policía.

E ela, cada vez máis alporizada, ameazaba as pobres vítimas coa maior das desventuras: a perda dos subsidios! Grazas a ela tiñan as cartillas de axuda da congregación, pero podía facer que as perdesen, e entón botaríaas e que as mantivese outro.

A ameaza era terrible, e proferíaa de modo que todos os veciños a escoitasen e collesen a parte que lles tocaba.

—Achís! Achís! Achís!

As tres desgraciadas hóspedes resignábanse de novo, seguras de que non atoparían nin un can que as defendese.

Ante tales escenas, e malia estar afeita, Luisina Terragni sentía un vivo desgusto. Parecíalle mesquiño que ninguén interviñese entre aquela harpía e as súas vítimas, e aflixíaa calar tamén ela, coma os demais. Pero de que servirían as súas palabras se os outros non a apoiaban?

De súpeto, sobresaltouse. A «indixente da igrexa» acababa de cruzar a porta.

IV

O MERCADO

A señora Rosa viña coa escusa de visitar a súa sobriña, Cesira Bellincioni, que vivía na mesma galería ca as Terragni, na última vivenda do fondo. Luisina pensou en esperar a vella na fiestra, pero cambiou de opinión. Era mellor que a súa nai non presenciase aquela conversa. Colleu a roupa alisada do chacineiro, que pagaba ao momento, colocouna nunha canastra e saíu con ela debaixo do brazo, dicíndolle á enferma que a ía entregar e logo onda o boticario, mercar a quinina.

Na saída da escaleira, a galería dispuña en cada andar dun saínte meirande que formaba unha especie de terraza onde xogaban os rapaces da veciñanza e as mulleres celebraban os seus conciliábulos nas tardes do verán. Luisina parou alí, a esperar que a vella subise, finxindo ordenar as pezas de roupa, ciscadas pola cesta sen xeito nin modo.

A señora Rosa subía engorde, pero con paso firme. Ao que chegou á última escaleira detívose un intre, como para recuperar o alento, e algo semellante a un sorriso engurroulle as fazulas e os beizos cuns sutís sucos, ausentes cando o seu rostro conservaba a súa habitual expresión arisca e impasible. A súa cabeza esmagada, de serpe, cuberta cun pequeno veo debaixo do cal asomaban

os cabelos pedreses, escasos, recollidos nun moño, inclínouse levemente nun xesto de saúdo para volver alzar-se con maxestade. Tiña nos ollos –que adoitaba manter baixos pola súa condición de mendicante e santona– un brillo de malicia e de antiga luxuria, que, descuberta así, de maneira inesperada, anoxaba naquel corpo sen carne, aparentemente sen sexo.

Luisina advertiu aquela luzada de mal agoiro e non puido evitar estremecerse.

—Boa tarde, querida señora Luisina —murmurou a anciá chiscándolle un ollo—. Teño unha boa nova.

A alisadora sobresaltouse.

—De verdade? Case me parece imposible...

—É certo, é unha boa nova..., sempre e cando vostede teña xuízo e non sexa ferreña.

—Oh, señora Rosa...

—Vino esta mañá e falei con el despois da novena...

—E ben?

—Ai, filla, pois conteille o da súa nai enferma durante tanto tempo, faleille das débedas e de que o dono da casa quere que tamén lle paguen os atrasos.

—E que dixo?

—Pois el, que é un bo home, díxome que a axudaría... seguro... que aboaría os atrasos do alugueiro e mesmo o novo semestre... E aínda máis! Que lle daría duascentas liras para saldar a conta co boticario e os outros acredores, e para que mellore unha miga... Pero hai máis! Dado que ten moitas influencias, dixo que lle había conseguir unha cartilla para a Irmandade de Santa Corona con tal de que...⁸

⁸A irmandade de Santa Corona remonta as súas orixes a 1497, cando o frade predicador Stefano da Seregno, coa axuda de varios nobres milaneses, creou unha organización sen ánimo de lucro dedicada a ofrecerlles asistencia sanitaria aos pobres. No século XVIII pasou a depender do

A vella dubidou.

Unha palidez mortal tornou marmóreo o rostro da alisadora. Dáballe o corpo que estaba a piques de escoitar unha infamia, e malia que debería estar afeita a oílas de todas as cores e aprendera a rir cando tiña gana de chorar, desta vez non era quen de refrear a angustia ante a expectación. O corazón batíalle tan forte que apenas era quen de falar.

—Con tal de que...? —balbuciu, case sen voz.

—Con tal de que..., ben, vostede sabe que o señor Zibardi xa non é aquel humilde vendedor de viño a balavento que coñeceu anos atrás... Agora é un home dunha certa posición, un comerciante acomodado, con grandes intereses e compromisos serios dos que nós, pobres mulle- res, non entendemos. Xa que logo, ao longo do día, a un home coma el sáenlle unha chea de envexosos; ten tantos inimigos, en especial francmasóns, xente que renega de Deus e dos bos cristiáns, e construtores coma os Pungoli ou os Secoli, que sei eu, que pregoan tantas calumnias... Un horror, miña filla!

A vella persignouse, compunxida.

—Pero señora Rosa, desculpe..., non entendo que ten que ver iso...

—Espera, espera... Mencionei as calumnias? Ben! Esa xente rebusca mesmo debaixo da terra e fai pasar as mentiras por verdades... Explicóme: non é que o señor Angelo teña medo desa xente, que ben a coñece, pero debido ás calumnias que se imprimen e polos intereses de tantas persoas que se dedican a golear del..., non só por intereses de cartos..., precisaría xa que logo que vostede

Ospedale Maggiore, e mantivo a súa actividade de atención médica até as primeiras décadas do XX. Posteriormente, mudou de vez para ofrecer curas termais e tratamentos semellantes e se estendeu por diferentes localidades italianas.

lle devolvese aquel papel de Santa Caterina..., xa sabe..., aquel recibo que lle pediu vostede á comadroua, coma unha ameaza contra o señor Angiolo..., e mais o sinal correspondente que puxo na faixa do cativo, unha imaxe do anxo Gabriel, se non me engano...

—El.... el... quere iso? —berrou a moza coa voz afoxada, farfallando as palabras—. Ah, rapeño! —bradou entre saloucos.

—Ei, non berres que poderían escoitarte! Hai tantas contiñeiras nesta veciñanza!

Coa voz rota pola ira e a intensidade da dor, a alisadora replicou:

—Pois se escoitan mellor! Infames! Asasinos!

Mais os saloucos volvían afogala, así que tivo que calar e deixar falar a muller.

—Desculpe, desculpe... —continuaba a vella co falso melindre das beatas—, non hai motivo para alterarse así. Non pense que o señor Angiolo ten intención de lle roubar o fillo! Quizais non me expliquei ben. Escoite: el só quere ter no seu poder ese papel, para seguridade de todos; vostede podería perdelo ou poderían roubarllo... Nosoutros non temos cofres pechados coma os señores... Nós temos todo ao aire, e calquera canalla que queira facerlle mal a unha persoa, axiña mete as mans naquilo que precisa.

Luisina, que pousara a cesta no chan e estaba case desfalecida, pegada á parede, coa cara escondida entre as mans, sentiu que a ira e a indignación vencían a súa dor, e saltou de novo:

—Basta, señora Rosa! Basta, por Deus! Ou cometo un disparate!

—Eh! Eh! Que ten iso que ver comigo, soberbiosa? Non recorda que me suplicou que mediase por amor á

súa nai, que rebenta de miseria! Cando un é pobre non debe ter tantos fumes...

Luisina fixo un esforzo enorme para manter a calma e responder:

—Soberbia non lle son, señora Rosa... Ben entendo o que significa vivir na miseria, pero falamos do meu fillo... Coido que se lle devolvese o que me pide, non o volvería ver, e sería coma se matase ese pobre pícaro! Coma se o matase coas miñas propias mans! Non podoo, señora Rosa, non podoo! Dígalle ao señor Zibardi que niso non cederei nunca... nunca... é imposible!

E rompeu de novo a chorar e a saloucar. A anciá entendeu que non era momento de insistir, así que se limitou a repetir de maneira submisa:

—Acougue..., acougue... Ten tempo de pensalo!

E afastouse para se dirixir á vivenda da sobriña, camiñando con pasos curtos e apurados e meneando a cabeza.

Agás a señora amarela, na veciñanza ninguén atendera a esta conversa, distraídos co balbordo, as voces e as cancións do sábado pola tarde.

V

A CARIDADE

Unha multitude arremuiñábase na rúa do Olmetto.

Ante o calvario do inminente vencemento do alugueiro, complicado con cantidade de desafuzamentos, e ante o angustioso temor de acabar na miseria, a pobre xente dirixíase á Congregación de caridade armada de solicitudes, certificacións de indixencia, cartas de recomendación e outros papeis validados necesarios ou cando menos útiles.

Aquel día repartían os subsidios.

Os socorridos habituais, os que recibían unha axuda fixa, semestral, trimestral ou mensual, camiñaban tranquilos, conversando: as mulleres, envolvidas nos seus chales máis luídos, e os incapaces para traballar, eslombados, entre cambaleos, algunhas veces motivados por algo máis ca a necesidade. Os outros, os que estreaban o camiño, ou xa o fixeran vinte veces sen obter nunca nada, tiñan un aspecto diferente. A ansiedade, a incerteza, a vergoña manifestábanse nos seus rostros descompostos, palidísimos ou estrañamente acendidos. Algúns ían sós, andando amodo, escapando dos coñecidos ou finxindo non recoñecelos; outros, dominados por unha invencible axitación, falaban arreo entre unha sorte de impos, metíanse nos grupos e paraban cos coñecidos para lles relatar as súas

desgrazas, as súas febles esperanzas e os seus serios temores. As olladas de receo e desconfianza cruzábanse coma sabres; as envexas saían polos poros.

A xente ocupaba os anchos pórticos que circundan o amplo patio do antigo palacio Archinti; os pés mal calzados arrastraban o paso; as voces roucas bisbaban máis submisas. Os afeitos ao lugar enfilaban cara á escaleira, mentres que a gran maioría se detiña a preguntarlle ao porteiro. Algúns coitados, inexpertos, pretendían falar co director, para o que tiñan unha carta, pero debían contentarse, polas boas ou polas malas, co ordenanza que lles tocase, que recollía a carta ou os mandaba directamente á Secretaría. Estaban tamén os que preguntaban polo secretario, un home afable e elegante, ou polo funcionario A ou B, que corrían a mesma sorte.

Non faltaban os resistentes, os teimudos, avezados en empresas semellantes, acostumados ás palabras secas e ásperas dos ordenanzas, ás escusas e aos aprazamentos; estes sinxelamente respondían: «Está ben, esperarei», e, alí plantados, ameazaban con non moverse até que ou ben a persoa na que poñían toda a súa confianza pasase por casualidade, ou ben os ordenanzas, cansos ou contrariados ante a súa tenacidade, se resignasen a anunciarlos. Os máis necesitados e merecentes de axuda, sempre mal recibidos e menos afortunados, tímidos e vacilantes, eran os máis fáciles de desalentar. Algunhas mulleres de aspecto discreto conseguían, quen sabe como, a carta dalgunha señora para o presidente, o secretario ou algún outro mandarín, e facíanse pasar por criadas ou recadeiras, simulando seguridade, indiferentes aos mudos desafíos.

A meirande aglomeración producíase nunha sala non moi ampla e bastante escura; a xente colocábase preto

do portelo do repartidor. Os máis ousados acaparaban os primeiros postos; os febles que pretendían loitar recibían empurróns e golpes cos cóbados no estómago. Falábase a berros, cotifábase e había rifas.

Luisa Terragni e mais a súa nai, pegadas á parede, levaban vinte minutos esperando. A pobre Virginia quixera presentarse en persoa, malia a súa extrema frouxidade e contra a expresa vontade da filla. As veciñas veteranas no sistema, sobre todo unha tal Agnese, unha infeliz lavandeira con tres fillos raquíuticos e o marido tísico, aseguráranlle que se non se presentaba alí non obtería nada, porque a desconfianza dos repartidores era inmensa. Por iso Virginia acordara levantarse fose como for e arrastrarse até alí por vez primeira na súa vida. E sufría, sufría por ela e pola filla por culpa dun esgotamento físico mortal e polo pesar de se atopar naquelas condicións e naquel lugar.

Máis ca ela sufría Luisina, que naqueles días pasara unhas vinte veces por aquel viacrucis e falara coa metade dos empregados sen conseguir outra cousa ca unha mísera promesa. Pensaba: «Se aceptase o pacto de Zibardi, se escoitase os consellos da señora Rosa, non estaríamos aquí. A miña nai repousaría tranquila na cama. Talvez esta canseira lle custe a vida. E eu serei a responsable da súa morte!». E tamén: «Se cadra a miña nai aturará este tormento, mais padecerá para nada. Aínda que esta esmola fose máis xenerosa do esperado, non abondará para saldar a débeda co dono da casa! Hanos vender os mobles e botaranos á rúa igual, e a miña nai terá que ir ao hospital!». Estes pensamentos encollíanlle o corazón, mais non quería demostrar o que sentía e trataba de animar a nai con palabras de esperanza para que cando menos aturase o suplicio.

Entrementres, o xentío aumentaba. Entraban os que dispuñan de cartillas, seguros de como debían actuar. A propósito das cartillas facíanse toda sorte de comentarios e lanzábanse inxurias. As vivendas ruíns de San Pietro in Gessate, incluída aquela onde vivían as Terragni, subministraban un gran continxente de miserables. Cada pouco presentábanse veciños ou coñecidos das dúas mulleres cos que intercambiaban saúdos, sorrisos e olladas benévolas e fulminantes.

A nai do ferreiro Mariani —quen daba en traballar de boa gana cando era hora de parar—, unha anciá diminuta, repoluda, cunha abundante guedella de cabelos canos ao redor dun rostro magro, chegou cunha folla que lle daba dereito a unha esmola extraordinaria de trinta liras e foise colocar ao lado de Virginia. A presenza da velliña cabeluda suscitou murmurios:

—Ela tamén! —exclamou a señora amarela, que tiña na man, ademais das dela, as cartillas das súas tres pensionistas—. Se lles dan os subsidios ás que teñen homes e fillos que gañan, imos boas nosoutras, as pobres viúvas que non temos a ninguén neste mundo! Mira tamén para Luisina... Ai, vese que a guapa rapaza colleu sentido... Que pálida está! Parece unha morta de fame.

—Cale a boca un pouco! —berroulle indignada a muller do albanel Tamburini—. Vostede ten sete cartillas e máis carnes ca todas nós xuntas!

Unha colosal gargallada estalou moi cerca e propagouse até o fondo da sala, pero as risadas chegaron ao máximo cando a vella empezou a esberrar.

—Saúde! Un fillo varón!

—A ver se morres!

Alporizada, a señora amarela, que aquel día levaba posto un vestido azul mariño de finas raias encarnadas,

revirouse non ben puido contra a muller de Tamburini, berrándolle como resposta:

—Larapetas! Vellouqueira! Non é culpa miña que ti non teñas nada pegado aos ósos! Non é culpa miña que os teus amantes te devoren viva, porca noxenta!

—Bravo! Ben! Máis! —encirrábanas algúns homes con gana de liortas.

—Silencio! É unha acusona da Xefatura de Policía —bisbaban en van as mulleres máis tímidas.

As risas aumentaban.

A señora Tamburini, ao presentir que ía perder, abalanzouse sobre a súa inimiga para darlle unha lección, se cumpría coas unllas e cos dentes. E gritaba como unha energúmena:

—Non fai falla que abras tanto a boca! Sábense cousas mellores sobre ti, ou poucas boas...!

En vista do mal cariz que tomaba o asunto, un dos gardas que vixiaban o portelo avanzou resolto entre as dúas mulleres, ameazando con botalas se non paraban.

A orde restableceuse relativamente.

Por fin, un vago rumor detrás do portelo anunciou que a repartición ía comezar. As refregas e as gargalladas cesaron, o barullo medrou, xa que todos querían arrimarse á abertura e os gardas debían afanarse para impedir que se esmagasen.

Virginia Terragni, que seguía ergueita, apoiada na filla e na vella Mariani, tremía da cabeza aos pés. Quen lle dera estar na cama!

O portelo abrírase de todo, e o empregado, tranquilo, indiferente, metódico, empezou a recoller as cartillas e as follas unha por unha para a continuación examinalas cunha lentitude que aos que esperaban lles parecía esaxerada á mantenta para atormentalos. Tras cada

revisión, dirixíalle unhas preguntas á persoa solicitante, obrigada a ofrecer todas as aclaracións requiridas. Logo, o empregado consultaba cun individuo que permanecía medio escondido e que falaba amodo, en voz baixa. Ao cabo, se todo era correcto, desembolsaban os cartos. Outramente despedíase ao petionario con palabras breves e cortantes.

Como é natural, cada adiamento provocaba, segundo os temperamentos, protestas, algunha escena de bágoas ou unha sarta de improperios. Pero ninguén lles prestaba atención. O empregado tampouco non respondía, e os gardas botaban fóra os escandalosos polas boas ou polas malas, porque o importante para todos era acabar pronto.

Cando a señora Tamburini presentou a súa cartilla, dixéronlle que lle quitaban o subsidio trimestral de vinte liras. Era a última cota que cobraba, xa que o home e mais os fillos gañaban abondo e non tiña necesidade de axuda; había outros que a precisaban máis ca ela. Ante tal anuncio, a señora Civardi, que estaba xusto detrás, riu con sarcasmo mentres murmuraba unhas palabras pouco benévolas.

Un tenso silencio reinou no ambiente.

Os veciños esperaban que a señora Tamburini se rebelase e algúns xa saboreaban o pracer dun escándalo. No canto diso, a pobre muller sufriu un ataque de nervios que a tombou no chan entre sotelos. Daquela chamaron por un auxiliar que con outros dos presentes a levou para fóra. Nese momento gañou o favor da multitude. A Civardi, á que todos odiaban e malia o terror que lles inspiraba aos que a coñecían, escoitou unha chea de afrontas: que non rise tanto; se ela espiaba os demais, alguén lle pagaría coa mesma moeda, porque tiña moito que calar e mesmo así ben que corría a abrir a boca!

Un novo incidente mudou a escena. Unha rapaza ben parecida e bastante elegante presentouse no limiar e intentou sortear a multitude para chegar ao portelo coa cartilla na man.

—Vaites, vaites! É Cesira Bellincioni, a sobriña da «indixente de San Bernardino dei Morti!» —exclamaron varias voces.

Os do barrio de Porta Romana e de Porta Vittoria, que lle chamaban A Betónica, puxéronse de acordo para empuxala cara a atrás. Axiña se uniron outros, só porque se trataba dunha muller ben vestida que non parecía tan necesitada. Nun intre atopouse arrodeada de xente hostil e criticada con agudezas salaces e palabras insultantes.

Algúns vellos —dos que calquera pensaría ao velos que esqueceran por completo a súa antiga virilidade—, aproveitaban a ocasión para sobar aquel corpo de muller nova e procaz. Abatida pola vehemencia coa que a facían recuar, Cesira Bellincioni renunciou a chegar aos primeiros postos, pediu papas e resignouse a retroceder.

A nai do ferreiro chamouna:

—Veña aquí, Cesira! Seremos as últimas pero polo menos chegaremos á casa cos ósos enteiros.

—Que alegría ver unha cara cristiá! —exclamou a moza, aceptando o convite. Agradeceulle á boa muller aquela amabilidade e, ao que viu as Terragni, saudounas cun leve rubor...

Luisina experimentou unha irreprimible sensación de repugnancia. Aqueles días corría a rexouba de que Cesira comezara un amorío con Zibardi. Non é que Luisina tivese celos daquel home, para ela estaba morto, aínda máis despois do último insulto, pero tras o infame trato que lle propuxera, non podía menos que sentir noxo pola muller que naquel momento talvez o amaba. Ao pensar no seu

fillo, que apodrecía en Santa Caterina e do que non tiña noticia ningunha dende había case un mes porque non tivera tempo de ir onda a comadroa ou non a atopara na casa, arrasáronselle os ollos.

—Que cansa estou! —balbuciu Virginia—. Non imos chegar nunca ao portelo!

No canto de diminuír, a multitude parecía aumentar.

Unha vella discutía co funcionario porque este non quería pagarlle o subsidio trimestral que lle concederan, malia ter o home enfermo; o certificado —que debía presentarse renovado cada trimestre— non levaba a sinatura do médico oficialmente encargado, senón doutro que estaba ao lado da Porta Garibaldi e era o seu veciño. Se tiña cartos para pagar un médico semellante, non lle cumpría a axuda! Había outros moito máis pobres!

Á súa vez, a muller xuraba e perxuraba que non lle pagara ao médico, que lle fixera o certificado por caridade, xa que o doutor do hospital nunca estaba, e ela non podía ir dez ou vinte veces até alí co marido enfermo e ninguén máis ca ela para coidalo.

De nada serviu. O regulamento ordenaba que os certificados estivesen asinados polo médico encargado, e tanto peor para quen non o respectase. O empregado, farto da disputa, pechoulle o portelo no fociño á señora. Nese intre tivo lugar un auténtico tumulto. Levados polo medo de non conseguir nada aquel día, os miserentos arremeteron contra quen causara tanto dano. Había quen berraba, quen blasfemaba, quen se limitaba a suplicarlle ao empregado a través do portelo pechado. E a muller, que aquel día xa non tiña nada que facer alí, foi obrigada a retirarse.

Os máis audaces e espelidos valéronse da confusión para coarse, seguros de que o portelo volvería abrir. De

feito, o empregado, que tamén devecía por rematar, retomou pouco despois a repartición. Seguiu un cuarto de hora de relativa calma antes doutra escena por culpa de dúas mulleres novas, acusadas de coller un subsidio de cen liras que non precisaban. Choveron frases amargas, ferintes, cínicas, xa non larvadas nin murmuradas. Mira ti onde ían parar os cartos da caridade pública! Entregábanse a quen comía e bebía a oito todos os santos días da semana! Repartíanos entre eles! Ou dábanlles aos señores compracentes e ás rapazas guapas! A carraxe por mor da impotencia, o rancor atroz pola fame padecida e polas necesidades reprimidas desafogábanse con injurias e recriminacións sen fin. Os gardas ameazaron os máis rebeldes, e o repartidor berrou que pecharía o portelo para non volver abrillo.

Na reducida sala o ambiente tornaba cada vez máis irrespirable; a angustia aparecía en moitos rostros. Os descontentos apartábanse aínda excitados, berrando. Algunhas mulleres choraban onda a escaleira, cuxa imponente arquitectura semellaba unha burla a tanta laceira, unha humillación a aqueles seres humanos.

Se as mulleres topaban cun funcionario ou con calquera outro empregado que coñecesen, implorábanlles que se detivesen, que escoitasen un intre os seus lamentos, as súas explicacións, e o desafortunado, sentíndose entre a bigornia e o martelo, respondía o habitual:

—Paciencia, señoras, paciencia. Facemos o que podemos. Hai tantos pobres...! Xa veremos... Faremos canto estea na nosa man... Falarémolo na próxima sesión do consello. Volvan de aquí a un mes ou quince días...

E axiña voaba, contento de saír con ben do apuro.

Cando Deus quiuxo, chegou a quenda das Terragni, da nai do ferreiro e de Cesira Bellincioni: as últimas.

Cesira presentou a cartilla da súa tía, que non podía ir en persoa para non deixar a igrexa; como cada trimestre, pagáronlle as trinta liras sen problema ningún. Tamén a señora Mariani tivo trinta liras, pero coa advertencia de que se trataba dunha esmola extraordinaria e que non agardase outra.

En canto ás Terragni, o empregado parecía inseguro. Fedellou e remexeu nos seus papeis, coma se perdese algo. Folleou un rexistro, revisou os certificados e ao cabo contou dez liras que lle entregou a Virginia, repetíndolle cheo de borra:

—É trimestral, en total corenta liras ao ano. Volva dentro de tres meses.... Entendeu?

—Si, señor... grazas... —musitou a infeliz, ao bordo do desmaio.

—Oh, mamá, mamá! Pobre da miña nai! —xemía Luisina, mordendo os beizos para non saltar.

VI

O 29 DE SETEMBRO

Incluso cando nos sentimos desesperados ou resignados a calquera cousa –o que vén sendo o mesmo–, mantemos con tal intensidade a esperanza que chegamos a nos ofuscar. Por iso, cando sobrevén a calamidade, acométenos un estraño estupor, un invencible atordamento, por máis que xa agardásemos os males que nos sobreveñen ou os xulgásemos inevitables.

Deste xeito, a pobre xente que non pagara o alugueiro nin atopara casa nin se ocupara doutra maneira da súa sorte, viu chegar o día dos desaloxamentos cunha sensación de estúpido asombro, coma se non imaxinase que aquel día chegaría puntual, coma sempre.

Na súa lúgubre vivenda, Luisina sentara abatida nun tallo, muda e aparvada pola congoxa. Eran as nove, e ao mediodía debía entregarlle a chave ao novo inquilino e os mobles tiñan que estar amoreados no patio, onde tería lugar a poxa. Piloni advertira que lle resultaba imposible adialo, aínda que amosara un sentido desgusto por atoparse naquelas circunstancias. Era o seu estilo: afogar pero con amabilidade.

Virginia estaba deitada, de novo con febre tras a canseira da peregrinación á Congregación de caridade. Porén, había que erguela para marchar, pero, a onde? Aos

beizos dalgunhas veciñas acudiran dúas palabras: «Ao hospital», e, con tal motivo, aconselláranlle a Luisina actuar canto antes para que ingresasen a nai antes da noite. Ela arrepíabase só con pensalo.

O albanel Francesco Bitossi, que lle quería ben á rapaza, deixáralle á porteira a chave da súa casa coa orde de que llela entregase ás Terragni. El durmiría cun curmán fóra da cidade. Pero Luisina sabía que Bitossi non tiña a ninguén máis no mundo e que pasaría a noite dando voltas ou nalgunha taberna. Vagamente pensaba en Zibardi. Sería capaz de deixala quedar na rúa, coa nai enferma e sen mobles? Así a todo, non tiña pensado acudir a el, e tampouco non podía despois de rexeitar a súa proposta con tanta firmeza. Amedrentábaa ademais facer unha barbaridade no caso de que Zibardi se negase. Por momentos arrotábase..., tiña visións... E logo que...? A súa nai morrería de pena e o pobre cativo de inanición. Con cada paso que se achegaba, con cada novo rumor sufría un sobresalto angustioso para deseguida tornar ao seu abatemento.

A casa andaba completamente co de arriba para abaixo. Había máis dunha ducia de inquilinos desaloxados. O patio estaba ateigado de mobles: os pequenos trasladábanse polas escaleiras; os grandes baixábanse ou guindábanse dende as galerías. E aquela xente acorada, nerviosa, descontenta, gritaba por calquera cousa, empurrábase e discutía. Xa se produciran tres importantes liortas entre os que se atrasaban e os que tiñan présa. Os desinteresados miraban con ese aire de indiferenza que semella escarnio de quen se afana entre as molestias.

Entre os que debían marchar estaba a familia do albanel Tamburini, quen, tras perder a axuda da Congregación, non podía seguir pagando a renda. O home fora

traballar para se zafar do apuro, e a muller ocupábase soa do desaloxo, coa axuda dos fillos –dous rapaces entre os doce e os catorce anos–, baixo a vixilancia da señora amarela, que enchía a galería coa súas carnes e non se afastaba máis que para manter as habituais retesías coas súas pensionistas. Tan abatida estaba a señora Tamburini –o marido atopáralle un aloxamento ruín– que nin sequera lle quedaban folgos para porfiar; entregábase ao traballo cunha furia desesperada.

No medio daquela algarada apareceu un home duns corenta anos, vestido con certa distinción, que trasladaba curiosos obxectos: un revólver, unha gaiola cun canario, unha estatua de xeso bronceado, un espello cun marco dourado e unha garrafa de Chianti. A porteira camiñaba diante del coa chave dun local que había tempo que quedara baleiro, unha especie de cabana independente que se alzaba no medio do patio, acaroadada a unha vella parede e composta dun único andar un pouco elevado sobre o nivel do chan; dividíase en tres pezas: unha sala, un cuarto pequeno e unha cociña. Cinco lúidos chanzos de pedra conducían á entrada desta singular construción, tras os que axiña se accedía á sala, con dúas fiestras grandes e dúas portas, amais da da entrada: unha ao fondo que conducía á cociña, e unha á dereita que levaba ao dormitorio. A luz da cociña procedía dun rocho que daba a outra parte do patio, nun ángulo case escuro; en troques, o cuarto era bastante espazoso e comunicaba coa cociña a través dunha pequena abertura practicada na parede.

Non ben se abriu a porta, do interior saíu unha bafareira oprimente, típica dos lugares pechados, húmidos, derramados. Porén, ao acabado de chegar non lle importou; acornellou sobre o pavimento negro e esfuracado os avíos que levaba nas mans e espalancou a fiestra.

Colleu a gaiola e predeuna nun cravo —abondos naquelas paredes—, rogoulle á señora Colombo que lle fose buscar unha pouca auga e botouna no bebedoiro do paxaro, que deseguida empezou a voar confiado.

—Agora a chave téñoa eu, eh?

—Si, señor..., señor pintor... Martelli, non si?

—Escultor. Diego Martinelli.

—Ah, entendera mal!

E o escultor, encerrado no seu novo aloxamento, correu ao encontro dos carros coas súas pertenzas.

Tamén chegaran os inquilinos que ocuparían a vivenda das Terragni: un maquinista coa muller e dúas fermosas mozas. Pero como non era a hora acordada, só tiñan dereito a colocar a roupa no patio, se así o desexaban.

—Farían mellor vindo máis tarde! —gritaba a señora Colombo—. Hai unha pobre muller enferma e necesita algo de caridade.

O maquinista escusábase: tiña poucas horas libres e quería aproveitálas. A súa esposa, máis cornana, facía acenos provocadores.

Luisina, pálida coma unha morta, baixaba xusto neste intre, cos brazos cargados de cachifallos, seguida polo ferreiro Mariani —un homazo taciturno e bo coma o pan— que levaba a mesa de pasar o ferro.

—Señora Luisina —díxolle a señora Colombo saíndolle ao paso—, está aquí o señor..., ese maquinista..., o señor...

—Bianchi Luigi, maquinista —presentouse o novo inquilino, serio.

—Entendo, entendo —respondeu Luisina cun xesto de saúdo—. Teña paciencia; só un momento.

—Aínda ten dereito a unha hora —apuntou a señora Colombo.

—De nada serve; xa non teño esperanzas.

E tras dicir isto, estremeceuse e apertou os dentes con forza para non estalar en saloucos diante dos demais.

—Mire, decidín que... —acordou de súpeto, virándose cara á porteira—. Déame a chave de Bitossi! Esta noite meterei aí a miña nai e mañá xa veremos se a mando ao hospital!

—Pobre rapaza! Esperemos que non, pero se non hai máis remedio, mellor no hospital ca na rúa.

—Tamén teño que baixarlle a cama? —preguntou o ferreiro.

—Diantre, o dono non lles ha vender a cama! —exclamou o vello Colombo—. Non é tan miserento!

—E logo con que quere que lle pague? Na miña casa apenas hai máis nada, e debémoslle duascentas liras. Deixaranos o colchón.

E botouse a rir, capelexando.

—Velaquí ten a chave...

Co contacto daquel anaco de ferro, que para ela significaba algo serio, xa que, pouco ou moito, a unía a Bitossi, Luisina botouse a tremer, sentindo como o rubor da vergoña lle ascendía até as fazulas e os saloucos, longamente reprimidos, lle formaban un nó na gorxa.

—Agora teño que ir preparar a miña nai... Non será fácil! Podería vostede ter conta das miñas cousas, Mariani?

—Si, si, marche. Estarei aquí fumando unha pipa...

A alisadora marchou. Subiu as escaleiras paseniño, camiñando a duras penas, co lombo encurvado e os brazos colgando.

Entrementres, no patio tiña lugar outra refrega. Voces impacientes chamaban pola señora Colombo, que respondía con grosaría, farta daquela angueira. Chegaba outro

carro cargado de mobles e precisaba facer sitio, librar o acceso. O dono da casa mandaba dicir que os obxectos para vender na poxa tiñan que estar no patio sen falta ao mediodía.

O carro coxo e sacudido con violencia no que os Tamburini colocaran os seus trebellos dirixíase á porta, guiado por dous rapaces.

—Non pasa! Non pasa! Para! —berraban unhas voces.

—Pois non lle queda outra que pasar! Vostede cale e atenda ao seu!

E os mozos, gurróns, tiraban máis forte.

—Non, non! Basta! Vai caer todo!

—Ei, a miña vida, a miña vida!

No medio destes berros, os mobles, mal arrombados, comezaron a cambalear; rodaron dúas cadeiras e unha cómoda caeu de golpe e rompeu.

Houbo máis berros. A algarabía do patio invadiu a rúa. O carro que estaba a piques de embocar polo acceso tivo que retroceder. Diego Martinelli, que tornaba coa muller e as súas pertenzas, coas mans cargadas coma a primeira vez, ficaba no medio da rúa, incómodo polos obxectos fráxiles que levaba e mais os dous carros que ían tras el. A circulación quedou interrompida de vez a todo tipo de vehículos.

Os condutores blasfemaban. A xente baixaba dos tranvías, detidos a distancia, para osmar, aumentando o número de curiosos. Martinelli estaba nervioso.

—Ai, a miña estatua! Seguro que ma estragan! Coitado, señores, desculpen...

E daba voltas con afán ao redor do carro para protexer unha estatua de xeso dos perigos que a ameazaban, unha Eva colosal, envolvida nunha manta de la basta, albo improvisado das burlas dos cocheiros e os pícaros.

A señora Tamburini, no canto de se preocupar polos seus avíos, batía nos fillos cun caxato, alporizada, e os laios dos cabreados rapaces invadían o patio e a rúa.

O ferreiro Mariani, que rematara de fumar a cachimba, ergueuse sorrindo, turrrou dos mobles rotos e do carro escangallado e librou o paso.

O escultor Martinelli entrou no patio cheo de xente e de trastes coa súa Eva, que asomaba aquí e acolá a través dos buracos da manta.

Na rúa recomezou o movemento. Só os curiosos máis acérrimos quedaron alí parados para esperar a saída do carro dos Tamburini, que o ferreiro volveu amañar nun abrir e pechar de ollos. A señora Tamburini fitábao dunha maneira grotesca e trágica. Parecía furiosa, despeiteada daquel modo, tesa, estransillada, cos ollos ardentes por unha chama devastadora. Alguén lle arrincara o caxato da man, ou ela mesma tirara con el. Pero a súa lingua non cansaba de imprecicar contra o marido, que a deixara soa con aquela lea, e contra os fillos, que eran coma el, vergalláns e egoístas.

Cando todos aqueles mobles ruíns estiveron cargados, tamén ela se dirixiu ao seu destino, camiñando detrás daquel esmendrellado carro do que os dous pícaros tiraban con alegría, rindo e facendo bromas, esquecendo as chamadas, excitados por todo o estrago que causarán.

—Apuremos! —decía a muller de Martinelli, unha moza de rostro doce que case desaparecía coa irradiación de dous grandes ollos azuis moi claros e eternamente asombrados—. Quen nos axudará agora?

—Os modelos, por Baco! Igual que nos axudaron a cargar...

—Non os vexo, e ademais aínda hai tantas cousas no teu estudio! Temos que ir buscalas...

—Non te inquietes. Deixeiños un momento na taberna porque o Etrusco tiña unha sede de esponxa e, como ben sabes, «Polo fervido, non canta». Xa nos amañaremos. Entre tanto, coloquemos estas cousas. Vexo alí un mozo que nos pode botar unha man...

—Coñécelo?

—Si, traballa na obra de Piloni; atopámonos algunhas veces e é un bo home. Ei, Bitossi!

O albanel, que, canda o ferreiro, acababa de sacar fóra a cama das Terragni, acudiu axiña á chamada de Martinelli. Saudáronse, e a señora Sofia tratou o novo compañeiro do seu amado Diego coma se fose un coñecido de vello.

—Antes de nada gustárame poñer no seu sitio a miña humilde Eva. É un milagre que non se esnaquizase.

—Que bonita é!

—Nos seus tempos levou un premio. De verdade! Na Academia de Brera, hai vinte anos. As estatuas son coma as mulleres: envellecen. Vai buscar as que gañaron un premio de beleza hai vinte anos e xa me dirás as que se conservan bonitas!

—Pero a arte é eterna, a creación...

—Ha, ha! Mellor non falar dese tema, que me ferve o sangue. Escoita só isto: na última Exposición (non aquí, aquí nin sequera expoño), en Turín, mandei unha reprodución desta humilde Eva, máis pequena, coa esperanza de... Descartárona!

—E a quen lle vendiches o mármore?

—O mármore? Ai, Bitossi, que pouco sabes! Esta humilde Eva levou o premio da Academia, pero non atopei un cliente que a quixese en mármore. Por algo traballo como estucador e decorador de casas con Piloni... Deixémolo estar, polo amor de Deus! Etrusco, remataches?

Os dous modelos, que nese intre saían da taberna cos ollos brillantes e as meixelas acesas, acudiron. Baixaron a estatua e levárona á vivenda con moita delicadeza.

—Agora iremos buscar o resto con este carro.

—Si... pero sen parar polo camiño!

—Aquí cómpre varrer e quitar as arañeiras... Está cheo de cotra.

—Non te atormentes, Sofia, xa o faremos nós... Aquí está a vasoira e aquí o plumeiro...

—Eu vou coller auga para fregar o chan.

Nun cuarto de hora, grazas á actividade dos dous homes, aquelas pezas adquiriron un aspecto ben menos goldrento.

Sofia estaba no patio vixiando o carro grande, e o canario cantaba alegremente, coma se estivese nun palacio. Unha nova afluencia de persoas revolucionou o patio. Eran os ferragacheiros e os usureiros, os habituais asistentes a poxas semellantes: auténticos animais de rapina que se abalanzaban sobre os cadáveres, voitres da miseria...

Alén dos mobles das Terragni tamén se vendían os dun zapateiro, un borracho famoso, pai de tres fillos, así como os dunha costureira, unha pobre criatura enfermiza afeita a xaxuar.

Bitossi foi ver, coa vasoira na man.

—Unha poxa! —exclamou a señora Sofia.

—Por desgraza!

—Pobre xente!

—E quen son? —preguntou o escultor.

Bitossi faloulles das Terragni coa voz afogada e o rostro pálido, e Diego e Sofia axiña entenderon que o seu non era un interese corrente, a compaixón dun simple veciño, e sentiron crecer a súa simpatía polo mozo.

—E onde van esas pobres mulleres?

—Por agora pedinlles que quedasen na miña casa. Luisina non quería, pero antes que mandar a nai para o hospital...

—Claro, coitadas...

—E ti onde vas durmir?

—Oh, xa atoparei algo!

—Dorme aquí con nós, neste cuarto. Temos unha vella poltrona. Se non te comen os ratos...

—Abonda de cumprimentos. Queda acordado —engadiu Sofia, que non lles quitaba ollo aos preparativos da poxa—. E Piloni, o voso xefe, ese home tan afable, que parece ter bo corazón, fai estes desaguisados?

Os dous homes intercambiaron unha ollada chea de ironía, e ambos estalaron nunha amarga risada.

—Teño curiosidade por saber que fai —comentou Bitossi co seu amigo—. Agora virá.

Sofia observaba angustiada e asemade cunha misteriosa fascinación os detalles da escena. O zapateiro, bébedo dende a mañá, estaba nunha esquina, coa súa indómita imperturbabilidade, arrodeado das tres pícaras, tres caras descoloridas, aparvadas pola fame e os golpes, que miraban en volta cun ollar torvo e perdido. A costureira, anicada nos chanzos que conducían aos sotos, choraba en silencio, e o seu feble e exhausto corpo sacudíase.

—Esa muller encólleme o corazón —diciu Sofia cunha expresión de terror.

—Estamos listos?

Estas palabras, que Piloni lle dirixiu ao señor Colombo ao que traspasou o limiar, escoitáronse en todo o patio.

—Xa está aquí! —exclamou Martinelli, e logo, decontado, dirixiuse á muller—: Poñámonos a sacar as nosas cousas, non vaia crer que nos interesan os seus negocios.

E os tres puxéronse mans á obra.

Piloni, coa cabeza alta, o sombreiro de bandido calado cara a atrás, un amplo sorriso nos beizos carnosos baixo os grandes bigotes louros, os pequenos ollos maliciosos sobre o enorme nariz e o seu acostumbrado paso arrogante propio do home mazaroco que precisa inclinarse por cuestións de equilibrio, atravesou o patio e foi dereito ao montón de mobles destinados á poxa.

—E as Terragni? —preguntoulle en voz baixa ao porteiro, descarnado, despeiteado e con mala pinta, que o acompañaba con actitude de gran respecto.

Interveu a súa dona —unha muller duns corenta e cinco anos cos dentes rotos pero aínda con boas carnes, desexables para estómagos que o dixiren todo, como dicía o capataz cinicamente.

—Bitossi acolleuna na súa vivenda até que atopen...

—Moi ben! E el onde irá?

—Creo que entrementes ten pensado acomodarse co pintor Martelli...

—E ese quen é?

—Sempre se equivoca! —berrou o marido—. Chámase Martinelli...

—Ah, o meu estucador. Bravo! Todos socialistas... Fantástico!

E cunha risa clamorosa envioulles un saúdo cordial a Bitossi e a Martinelli, que levantaban unha enorme cómoda antiga. A súa mirada fulgurante bateu cos grandes ollos asombrados de Sofia e, para se mostrar amable coas señoras, levou a man ao sombreiro.

—Fermosa rapaza! —bisbou enviando cuspe—. A ver, que facemos con estes cachifallos? Teño pouco tempo.

—Velaí a porteira.

—As Terragni xa levaron todo?

—Si, señor, tamén a cama.

—Hum! Pouco hai para alegrarse. Haberá que deixar-lles polo menos o colchón.

—Eu no seu caso deixaríalles máis ben o fondo da cama co almadrake —dixo un dos vendedores achegándose—. É bo, pero máis difícil de vender, mentres que os colchóns están cheos de la longa e fina e poden facerse pasar por novos.

—Non perdiches o tempo! Ha, ha, ha! Está ben, está ben. Faremos como ti dis, aínda que eu tamén participarei na poxa...

—E se ninguén ofrece máis, que fará con estes trastes? Non irá abrir un negocio de trapeiro!

—Canalla!

Cando todo quedou liquidado, o zapateiro, que esperaba obter algúns cartos, quedou a deber dez liras. O capataz díxolle que llas perdoaba, e tamén os dous xergóns, pois el non podía levalos.

—E agora onde vou? —gritou o borracho, abandonando de súpeto a súa indiferenza.

—Vai á policía, o cabido atoparache un asilo. E en canto ás túas rapazas, falei cunha señora que prometeu ocuparse delas. Aquí tes unhas moedas para que comas un bocado... Non dirás que non me portei ben contigo, eh?

Xa o zapateiro estiraba a man, pero Piloni arrepenhiuse e, no canto de lle entregar as moedas ao pai, deullas á maior das rapazas.

—Ti serías capaz de gastalas en bebida!

E soltou outra gargallada.

A roupa da costureira abondou xusto para saldar a súa débeda. Cando o soubo, ergueuse, secou as bágoas e afastouse ranqueando, sen dicir palabra, sen nin sequera

mirar a Piloni, que semellaba ofendido por aquel comportamento. Ao saír, avisou a señora Colombo de que ao día seguinte levaría o seu almadraque, e desapareceu misteriosa e retraída, como sempre fora.

As Terragni quedaron a deber trinta liras e conservaron a cama de madeira de nogueira co seu almadraque, que gardaron polo momento na vivenda do escultor, pois non entraba na pequena estancia de Bitossi. En canto ás trinta liras, o capataz anunciou en voz alta que renunciaba a elas, e que se atopaban acomodo dalgún xeito nunha das casas que quedaran baleiras, con tal de que pagasen, el non tiña nada en contra.

Unha vez despachados estes asuntos, contento coma unhas pascuas por se mostrar, ao seu parecer, estrito pero afable (usureiro e falsamente xeneroso), marchou apurado, mentres os ferragacheiros sacaban os obxectos que mercaran e os dous modelos volvían aparecer no patio co carro cargado coas vellas chilindradas do estudio, que Martinelli tiña en grande estima.

—Que dis agora do home afable? —preguntoulle o escultor á muller.

—Un lagarteiro!

—Pero se é moi xeneroso!

—Un moinante!

—E capaz de todo! —sentenciou Bitossi.

Pero non había tempo que perder en chácharas. Os mobles xa estaban na casa, os máis pesados xa colocados. Bitossi e Martinelli tiñan que volver ás dúas ao traballo.

—Acomodemos a miña Eva —dixo Martinelli—. Xa faremos o resto entre esta noite e mañá. Poñámola aquí, na esquina, paréceche?

Sofía aceptou.

—Quedaré bonita se colocamos o teu tapiz de fondo.

—O meu tapiz? Imposible...

Mirouna apesarado... Coitada! O tapiz fora vendido para afrontar os gastos do desaloxo e pagarlle tres meses de adianto a Piloni, e ela esquecérao! Sentiu que arrubia-ba, pero aínda así non perdeu o ánimo e respondeu con alegría:

—Estará mellor coa peluche de reflexos encarnados.

Bitossi asentaba a base da estatua e, concentrado na tarefa, calaba discretamente. Martinelli sorriulle á amable Sofia e intercambiaron unha caricia coa mirada.

—A base está lista! —exclamou Bitossi, erguéndose.

A estatua colocouse no seu sitio. Logo, xa que lles quedaba un pouco de tempo, axudaron os modelos a descargar o carro. Bustos, estatuas, tallos, andeis, cabaletes, vellas teas rotas, un gran lenzo, unha especie de pano adornado con pinturas estrañas e humorísticas que serviría para dividir o estudio en dúas partes; espellos e cunchas, dous vellos manequíns articulados tamén derramados, un enorme e o outro pequeno; táboas sen puír, anacos de porcelana pintada... Todos estes obxectos, máis ou menos deteriorados, tanto que cada un deles testemuñaba a miseria do artista, foron arrombados sen xeito nin modo na vivenda ao redor da pobre Eva, que salientaba tristemente naquel desarranxo coa súa fermosa cabeza clásica sen vida.

Só as armas, polas cales Martinelli —partidario de Garibaldi no sesenta e seis e no setenta⁹— sentía auténtica

⁹En 1866, co estalido da terceira guerra da independencia italiana, Giuseppe Garibaldi (Niza, Reino de Piamonte, 1807-Caprera, Reino de Italia, 1882), á fronte dun corpo de voluntarios, os Cazadores dos Alpes, composto por 40.000 homes, loitou contra os austríacos na batalla de Bezzeca, na que conseguiu a súa única vitoria e logrou tomar a cidade de Trento. En 1870, Garibaldi combateu no exército francés contra Prusia. Xa moi fatigado e ferido, tras unha vida como combatente, logrou ocupar Dijon, o que supuxo o único éxito francés no conflito.

paixón, foron axiña colgadas na parede cunha certa orde. A súa pequena colección compúñase dunhas poucas pezas entre as que salientaban dous bonitos floretes de esgrima, un puñal xaponés, un revólver de pequeno tamaño e unha escopeta, estes últimos sempre cargados.

—Acaba de dar a media! —exclamou Bitossi, sacudíndose o po dos ombros—. Vou un momento saudar as Terragni e logo marcho ao traballo.

—Eu págolles aos carreteiros e vou contigo.

Ao que quedou só, Martinelli correu ao cuarto, onde Sofia intentaba arrombar. Os seus grandes e pálidos ollos brillaron.

—Estás só?

—Si, pero teño que marchar...

Ela pousou o pano co que limpaba o espello da cómoda, saltou do tallo no que estaba subida e lanzouse con paixón aos brazos do artista.

—Oh, Sofia, que boa es! Que boa es! E que remorsos sinto por te arrastrar a esta miserable vida!

Dúas bágoas ardentes caeron no pescozo da moza.

—Choras? Por que? —exclamou ela alzando a cabeza e fitándoo marabillada.

—Porque se me encolle o corazón ao pensar que es tan boa, tan cariñosa, e eu así cho pago...

Cun xesto vago el sinalou cara ao lugar onde estaban, coas paredes denegridas, esburacadas, o pavimento esnaquizado, as portas comestas polo balor e a sucidade, e un salouco, longamente reprimido, agromou do seu peito.

—Oh, Sofia! Que remorsos! Que dor!

—Pero eu ámote! Non podería ser máis feliz!

E bicábao con paixón nos beizos, nos ollos e nas tempos molladas.

A historia do seu amor era conmovedora. Martinelli, casado por volta dos trinta anos coa filla dun comerciante, non era feliz no seu matrimonio; a nova señora Martinelli non se adaptara á vida vadía e cingara do escultor. Tras algúns anos, unha separación xudicial devolveulle a cadaquén un simulacro de liberdade, e Martinelli, declarado pródigo, tivo que renunciar a todo para lle devolver o dote á esposa e zafarse do tormento do sogro. En tales dolorosas continxencias, atopara a Sofia Carani, unha rapaza moito máis nova ca el, filla dun organista da provincia, que fora aprender canto a Milán baixo a protección dunha tía. Co relato das súas desventuras lograra conmovela profundamente, logo namorouna e ao cabo levouna con el. Adeus leccións de canto; adeus esperanzas de carreira e protección da tía! Se cadra contentos de librarse dela, os parentes botáronlle en cara a deshonra da familia e déronlle as costas. Pero ela amábao, e só quería que a deixasen en paz co seu adorado Diego.

VII

A MENSAXE DA SEÑORA ROSA

Virginia Terragni, que sentía os ósos entalados no duro catre de Bitossi, lamentábase seguido. Por que lle venderan o colchón do seu fermoso leito matrimonial? Por que se vía ela naquelas circunstancias? Xa postos, por que non lle venderan tamén o fondo da cama e o almadrague? De que lle servían sen o colchón e sen un dormitorio onde entrasen? Toda aquela la fora mercada a propósito para ela pola súa pobre nai, que entendía diso! A armazón e mais o xergón fabricárallos o primeiro carpinteiro de Lodi; a cuberta, coa funda de seda tecida en espiga, bordada con recheo de algodón de primeira calidade, fixérala na casa. Aquela cama custaba cincocentas liras, e nela podía durmir unha condesa. Se os seus pais soubesen que acabaría daquel modo!

A voz rota e cavernosa da pobre tísica resoaba con tristura naquela estancia fría e case baleira, de paredes acabadas de branquear –Bitossi quixera que, polo menos, estivesen limpas– e que exhalaban un forte olor a cal. Luisina asistía resignada e co corazón encollido á lembranza daqueles detalles tantas veces escoitados.

—Mamá, mamá, está quieta, non te agoníes tanto que che vai volver a febre! De que serve atormentarse con eses recordos agora?

Mais era inútil. Virginia non lle facía caso ningún, nin sequer a escoitaba. Aferrada ás visións do pasado, falaba e falaba, sobreexcitada pola frouxidade, coa lucidez da memoria e a cantidade de pormenores tan característica dos anciáns e das persoas que, sen seren vellas, centran os seus pensamentos nunha etapa concreta da súa existencia. Aos poucos, aquelas lembranzas absorbían a Virginia até o extremo de levala a esquecer o presente. As imaxes desenterradas amoreábanse ao seu redor, e polos seus pálidos beizos pasaban anécdotas tristes e estrambóticas, escenas animadas por persoas queridas ou desprezables, narracións patéticas de días tristes ou recordos alegres de horas xocosas.

Luisina desistira do seu empeño de acalala; aquela maneira de laretar, para ela tormentosa, parecía sentarlle ben á pobre enferma, e mesmo temía que cesase, que rompese o encanto a causa do balbordo do patio e as voces roucas dos usureiros que compraran e levaban os avíos e os levaban.

Naquel intre petaron na porta. Era a señora Colombo, que traía o recibo do dono da casa.

Virginia, que volvera de súpeto ao presente, expresou con ira o seu anoxo.

—Non berres, mamá, non te desesperes. Deus axudaranos e eu traballarei —repetía a moza, afogando os sotelos.

—Deus aperta, mais non afoga —sentenciou unha voz agre, nun ton falso, no limiar da vivenda.

—A señora Rosa!

—En persoa. Non é bo momento? Molesto?

—Oh, non, pero moi ben non lle estamos, sabe? Xa ve: non nos quedou outra cousa que o almadraque e non sabemos como nos imos amañar... Estamos de prestado!

—Coitadas! Certo que é unha situación complicada. Aínda así, repítolles que Deus aperta, mais non afoga.

Entrou con solemnidade, pousou na mesa un feixe de papeis, e, sinalándoos co dedo, dixo:

—Velaquí algo de consolo.

As Terragni enmudeceron. Deseguida adiviñaron de onde procedía aquel chamado consolo, e iso impedía que se alegrasen. Os ollos da nai dicían: «Xa entendo, trátase de Angiolo Zibardi, de quen vai ser! Quere reparar o seu erro...». A mirada torva da filla cravábase no chan.

A escena excitara a curiosidade da señora Colombo, que seguía na porta. A «indixente da igrexa», incómoda coa testemuña, botoulle unha ollada bastante reveladora.

—Unha persoa caritativa e moi relixiosa, ao coñecer as súas desgrazas, encargoume que lles trouxese esta axuda: son duascenas liras. O benfeitor sabe... —interrompeuse e mirou cara á porta.

A señora Colombo desaparecera. Escoltara abondo, e xa lle tardaba irlle contar a toda a veciñanza que as Terragni recibiran duascenas liras dun señor que non podía ser outro que Angiolo Zibardi.

Os ollos de voire da «indixente» sorriron con malicia ao sentir o rumor dos zocos batendo escaleiras abaixo.

—Oxalá rompas o pescozo! —falou entre os seus dentes estragados. Logo, dirixíndose a Luisina, continuou con outra voz e outra mirada—: Como xa adiviñarían, esa persoa caritativa é o señor Angiolo Zibardi, que con gusto faría máis se non tivese tantos compromisos... Así a todo, trátase dun acto de caridade, do comportamento xeneroso dun home de bo corazón.

—Se fose un home de bo corazón, un cabaleiro —soltou a enferma—, comportaríase doutro xeito... Devolve-ríalle a honra a esta pobre rapaza...

Luisina pensaba: «Duascentas liras... É bastante menos do que me ofreceu a última vez... Xa non me reclama o papel de Santa Caterina nin o sinal de recoñecemento?». A idea case a reconciliaba con aquel home.

Malia as palabras de Virginia, a señora Rosa proseguiu, abandonando o ton de falsa dozura e retomando o áspero e cortante de seu:

—Eu non lle entro nos seus intereses nin quero saber, pero creo que o señor Zibardi non ten compromiso serio nin obriga ningunha a estas alturas... —e insistiu con mordacidade nestas palabras. Despois, ao se decatarse de que as dúas mulleres a fitaban e Luisina ía saltar, engadiu baixando a voz—: Coido que nada o ata xa, pois o cativo... morreu a semana pasada.

—Morto! —gritou a alisadora poñéndose en pé dun salto, coas mans estendidas, crispadas, e os ollos regalados—. Morto! —repetiu coa voz rota.

—Si, meu pobre. Velaquí a certificación... Perdóme, pensei que xa o sabía! Non ía onda a comadroa para se informar?

—Víbora! —musitaba a enferma dende a cama na que permanecía deitada—. Víbora!

Luisina choraba, desfeita. As palabras irónicas da señora Bellincioni non lle afectaban; que se mofasen ou que a humillasen, que importaba? O seu fillo estaba morto, morrera naquela podremia de orfanato, sen un bico, sen unha caricia! E choraba a rego, engoumada, incapaz de reaccionar.

A desesperación da filla rompía o corazón da nai. Un rauto de ira devolveulle de súpeto as forzas e fixo que se endereitase na cama; fitando con ollos chameantes o rostro da vella, berrou cos folgos que lle quedaban:

—Fóra de aquí! Fóra, loubana, desvergoñada! Fóra!

—Compadézoa porque está tola! —balbuciu a señora Bellincioni coa cara acesa, xirando os ollos de vóitre.

Ao sentir uns pasos na galería, enmudeceu. Quedou perplexa un momento e logo dirixiuse á porta e marchou.

Bitossi atopou a Virginia desmaiada nos brazos da súa filla.

VIII

O CAPATAZ

A casa que Piloni construía, asociado co fabricante de cementos Ambrogio Piola, formaba un vasto quinteiro nunha das mellores localizacións do novo barrio que se creara no antigo e famoso Lazareto, xa en gran parte derribado. Os especuladores lanzáranse coma aves de rapina sobre o xigantesco cadáver, cuxos vellos ósos ían ter a súa reencarnación. As casas novas erguíanse axiña, con paredes finas, patios estreitos e fondos coma pozos; luxosas na aparencia, mais ruíns na realidade, pois na construción empregábanse a oito os vellos materiais.

En van protestaban os poetas, os artistas, a xente que non sabe de números; en van berraban contra aquela atolada especulación, que descoidaba a hixiene e calquera sentido da arte, así como a vida dos traballadores e os futuros inquilinos; en van era criticada polo xeral a indiferenza do Concello fronte á manipulación daquela espléndida avenida de plátanos plantados con tanto esmero e amor ao redor dunha cidade tan pouco favorecida pola natureza. Os fermosos plataneiros cedían o posto ás pretensiosas fachadas.

Os especuladores, seguros do que fixeran, convencidos no fondo de ser os únicos e verdadeiros lexítimos amos do universo, sorrían ante as críticas e os lamentos e seguían adiante tranquilos coa súa mesquindade.

Piloni, revestido de ignorancia, imperturbable a calquera sentido da alta xustiza e da humanidade, tan ousado coma astuto, non sorría. Era deses que rin axitándose con alegría. Había que velo subir as estadas até arriba, esvelto coma un mariñeiro a pesar da cantidade de carne que arrastraba consigo; había que oír como ordenaba —aquele groseiro conicho— e como sabía prodigar ánimos e reprimendas sen abandonar nunca a súa bonhomía, máscara terrible da pertinacia, da astucia, da crueldade felina que acubillaba o seu corazón.

A obra non estaba tan avanzada como lle gustaría, xa que as insistentes choivas dunha primavera fría e revolta atrasaran os labores. Mesmo así, erguéranse as paredes de carga até ao tellado; instaláranse os pavimentos nos diversos andares e colocáranse as escaleiras; dividíranse a maioría dos pisos co obxecto de ensinár-llelos aos que desexasen mudarse na Pascua e comezaban a buscar en setembro, para fixar os prezos e asinar os contratos.

Aínda se traballaba no último andamio externo, malia que a meirande parte dos albaneis estaba ocupada no interior para preparar a cubrición do tellado. Izábanse as trabes cos cadeixos. Piloni chegou refregando as mans, moi contento porque tellarían antes de que o tempo comezase a empeorar.

—Que fermosura! —diciálle ao asistente—. O aire vén fresco e limpo. Teremos outros quince días bos, e en quince días iremos ben! O barómetro marca tempo seco.

Daba voltas entre os albaneis e trataba de afoutalos con boas palabras e promesas. O día da cubrición do tellado terían unha boa lupanda! Ían quedar contentos con el: trataríalos como a señores..., sempre e cando traballasen rápido! E cando rematasen a obra, cadaquén recibiría unha boa recompensa... a condición de que traballasen

sen descanso e non perdesen un minuto. Ai daqueles que o traizoasen!

Giovanni Berini, un vello traballador honesto e intelixente, achegóuselle e díxolle con franqueza que rápido e ben non sempre era posible, que o mellor sería facelo con xeito. Os albaneis eran bos rapaces pero necesitados, e sentíndose apremados coa promesa dunha recompensa, resultaba doado convencelos de que continuasen... Requiríase máis ben atención... Ende mal, as paredes xa non eran moi alá, e o demais...

Piloni sorriu, encolleuse de ombreiros con aire de compaixón por aquel pobre idiota que se atrevía a darlle consellos e pasou a outro grupo. Non obstante, decatouse de que as súas palabras facían pouco efecto. Os albaneis estaban serios e amoucados. A cuestión do aumento da paga e da gran cantidade de horas de traballo comezaba a impoñerse. Xa non se amentaba o asunto de cando en vez, senón decontino, e falábase das folgas que se levaran a cabo noutros países. Non eran poucos os que pretendían facer o mesmo. Os máis intelixentes sentían a necesidade de fundar unha cooperativa que servise de apoio, de guía. Os capataces intuían ás claras o perigo, se ben finxían non entender, aínda que poucos se preocupaban. Que máis tiña o que argallasen os albaneis! Sempre estarían baixo o seu poder!

O capataz deulle as costas a Berini e achegouse a un grupo de mozos robustos e resolutos que preparaban o madeirame para subilo cos cadeixos, ante os que repetiu as súas exhortacións nun ton máis solemne: non só farían un banquete xuntos, senón que, se o compracían, recibirían un premio en diñeiro de inmediato despois da cubrición, e outro ao rematar. Que llelo dixesen a todos: o capataz Piloni nunca faltaba ás súas promesas. E a súa

voz, que pretendía ser afable, tornaba dura sen querer, xa que o capataz sentía como a ira rebulía no seu interior ao ver os seus homes tan serios e amargados.

—Máis valería que nos subise o soldo! Mellor sería para nós e para vostede!

O capataz non distinguíu quen pronunciara esas palabras, aínda que o conturbou o ton imperioso e ameazante. Algúns pararon de traballar na espera da súa reacción. No canto diso, Piloni respondeu calmo, sen nin sequera preocuparse de descubrir quen o interpelara así:

—Eu pago as xeiras segundo un contrato libre, aceptado por ambas as partes. Xa que logo, non falto ao meu deber. Vosoutros, pola contra, ao pedirdes máis, faltades ao compromiso adquirido. Fun obreiro e traballei coma vós, por iso sei ben como se negocia. Daquela, nunca pedín máis do que me daban; porén, aforrei e saín adiante, estudei e fíxenme capataz. A min non me enganades. E xusto porque probei a miseria, tratovos como a irmáns e miro polo voso ben. Veña, veña, sede asisados, rapaces! Convencédevos de que os meus intereses tamén son os vosos, e se se vos ocorre deixarme plantado, máis mal para vós ca para min.

Dito isto, botouse a rir. Unha vez máis lograra dominar a ira debido á cal tremían os seus beizos carnosos e os seus repoludos membros. Un murmurio de descontento foi a resposta á súa intervención.

—Haxa paz! Haxa paz! E sobre todo non vos deixedes instigar... O voso único interese é facerme caso a min. Polo demais, quen teña algo que dicir, que veña á miña oficina para amañar as contas.

E continuou o seu camiño, tranquilo, sen mirar atrás.

Fillo de pobres, criado nas rúas, e, como el contaba, tras levar o balde e os ladrillos varios anos e pasar fame,

Lorenzo Piloni sentíase orgulloso de si e era esixente cos demais. As cousas que afirmaba a propósito do traballo eran certas até certo punto. Sentía desprezo e un odio visceral polos obreiros que se laiabán do seu estado. Deantes de acceder ás súas reclamacións, non dubidaría en perder unha chea de cartos, eses cartos polos que devecía. O que padecera el, ben podían aturalo os demais; se el puidera enriquecerse, os outros tamén, e, se non o conseguían, a culpa non era da situación nin dos capitalistas, como eles esbardallaban, senón da súa incapacidade. Xa que logo, aquelas bestas podían morrer na miseria. Que mal tiña? Por outra banda, a el xa lle chegara abondo co de construír. Aquela sería a súa última obra. Cos cartos que pensaba sacar, especularía en fondos: comprar para volver vender! Non arriscaba nada, xa que os terreos en Milán non ían baixar de prezo –pensaba–, e cabía a posibilidade de triplicar o capital deseguida. Xa se fartara de albaneis calaceiros e cheos de pretensións. E tamén estaba canso do seu socio, o odioso Piola, que pretendía vixialo. Vixiar a Piloni! Vaites co asno!

Encollía o ombreiro dereito co seu xesto simiesco habitual, e os seus ollos astutos, que case se xuntaban enriba do enorme nariz, lanzaban unha mirada cargada de xactancia.

Entre tanto, da casa rústica, destinada á xente humilde, con galerías e vivendas pequenas de dous ou tres cuartos, pasara á residencia señorial que ocupaba a parte anterior da edificación, cuxa fachada daba á circunvalación. Alí traballaban, entre outros, Bitossi e Martinelli. Bitossi no tellado, dirixindo unha vintena de obreiros grazas á súa habilidade e intelixencia; Martinelli no chan, cos marmoristas, preparando ou modificando as decoracións da fachada. Nesa parte os labores coas trabes ían máis

adiantados. Os carpinteiros montaban un ruído do demo que retumbaba nos amplos espazos baleiros. Algúns albaneis xa comezaran o revestimento interno das paredes de carga. Ao velos traballar con tanta alacridade cabería pensar que estaban contentos. Pero as caras escuras, preocupadas, e as olladas significativas amosaban ás claras que alí tamén reinaba a inqueda.

O capataz chamou a Bitossi e arredouse con el mentres lle preguntaba:

—Que hai da folga?

—Non creo que se faga por agora...

—Non cres? Deberías sabelo con certeza.

—Ben sabe que eu non me meto niso. Despois do que me ocorreu, vixiado pola policía como estou, a miña intervención resultaría prexudicial... Por iso estou fóra.

—Só por iso? Seica vós non tedes corazón? Non tedes gratitude? Estabas na rúa, sen traballo, e eu collinte, confiei en ti. Polo menos, deberías estarme agradecido e velar polos meus intereses! No canto diso, sempre miras e te preocupas por eles. Ten conta de que como me fagas algunha andruviada... Como haxa folga, encargareime de que te arresten deseguida como instigador, e a policía non dubidará, tratándose de ti!

Detívose, e considerando que fora un pouco lonxe coas súas palabras, botou unha das súas gargalladas afables para mitigar a crueza dunha ameaza que no fondo ía moi en serio.

—Faga o que estime oportuno —respondeu Bitossi tranquilo—, pero equivócase ao dicir que son un ingrato.

—Tanto mellor. E o asunto dos ladrillos?

Bitossi arrubiou lixeiramente.

—Como vostede quería. Pero advírtolle que son ladrillos moi cativos, e as trabes tampouco non son boas...

—Iso a ti non che incumbe.

—Seino, pero se os pontóns non son fortes..., se....

—Non teñas medo. Os pontóns vinos eu. Non hai perigo ningún. Non sexas como ese esfarrapado de Berini, que dende que lle morreu o fillo ve paredes derrubadas por todas as partes... Cómpre ter valor neste mundo! Preciso que a obra estea rematada en decembro, ben o sabes; se non, perderei un negocio de ouro. Para conseguilo estou disposto a recompensar a quen se poña do meu lado. Así que intenta facerlles comprender a eses burriciáns que os seus intereses están unidos aos meus..., porque, se me deixan plantado, eu perderei os cartos, pero eles van pasar fame! Entendiches? Se lles falas ti, crerante. A min non me fan caso; recean da miña sinceridade! E en canto á obra, queda tranquilo; habemos morrer nós denantes de que caia nin unha pedra —e recalcou esta frase cunha longa gargallada.

Francesco, co corazón encollido para afogar a ira que o devoraba, foise reunir cos compañeiros.

O capataz, calando o sombreiro de feltro co seu xesto habitual, deu uns pasos ao azar, sen deixar de rir; volveu prender a pipa, que se lle apagara, e, metendo as mans nos anchos petos da chaqueta, proseguiu coa súa atenta inspección. A construción axustábase aos seus desexos: moita aparencia co menor gasto posible. Aforrárase en todo; tirárase proveito de todas as astucias do oficio. Gran parte do vello Lazareto revivía naquel flamante edificio. Era unha auténtica reencarnación. Pero aquilo non bastaba. A teima da ganancia, unida a certo rancor, empurraba o capataz a calquera artimaña para defraudar o miñaxoia de Ambrogio Piola, que pretendía vixialo. E cada vez que conseguía endosarlle algo novo, sentía unha alegría indescribible, refregaba as grosas

mans e exclamaba para si: «Esta vai de agasallo pola túa vixilancia, tarugo!».

O pobre Piola, pola súa parte, sospeitaba en segredo destes enganos, pero faltábanlle as probas. Inventor dun cemento que tivera certo éxito, non sabía nin palabra da arte de construír. Ao primeiro fiárase; logo, ao frecuentar a Piloni, cheirara o forte olor a raposeiro que se impón por riba de calquera desinfectante. Pero os seus receos eran demasiado evidentes para que o capataz non se ofendese; e ao mesmo tempo demasiado xerais e pouco firmes para que aquel can vello non mangonease para disipalos a medida que xurdían. Aquel impostor de casta recorría a todas as mañas posibles e sempre atopaba argucias para se xustificar e, con aires de cabaleiro aldraxado, convertía as malversacións en lexítimas represalias. Bo cos bos, ladrón cos ladróns! E Piola debía ser un ladrón, dado que sospeitaba que o seu socio era capaz de roubar. Estaba claro: «Pensa o ladrón que todos son da súa condición». Xa que logo, cheo de razón, e malia aqueles miramentos de conciencia, non podía facerse o máis mínimo reproche! Así que seguía adiante exultante.

IX

OS ALBANEIS

Soou o mediodía. Como un só home, os cento cincuenta traballadores –pois non eran menos naquel momento entre homes e aprendices– pousaron os seus trebellos, temorosos de restarlle un minuto ao descanso ou de regalarlo ao patrón, e descenderon en masa, boureando cos seus grandes zapatos ou cos chancos sobre as táboas tiradas ao seu paso. Ao que saíron á rúa, espalláronse por todas as partes para se encontrar e se reunir cos obreiros doutras obras similares. Na avenida de circunvalación, alumeada polo sol, os vendedores ambulantes de froita fresca, parados cos seus carros, chamaban por eles berrando con énfase: «Unha moeda de cobre!», mentres sinalaban os montóns de figos e de uvas preparados á mantenta e sobre os que voaban enxames de moscas.

Indiferentes a tal miseria, os mozos mercaban a froita e metíana no sombreiro; logo, con ela na man e unha peza de pan debaixo do brazo, en grupos, en fila de a dous, ían na procura dun sitio cómodo onde comer. Algúns volvían subir á obra e sentaban nas trabes, no bordo dos muros, coas pernas colgando a máis de vinte metros de altura, tranquilos coma paxaros sobre as pólas.

Os máis vellos preferían ir á tasca, quer onda o vendedor de polenta e peixe, quer onda o chacineiro, mercar salchichas. E había quen comía de pé, ben sentado á som-

bra dos plátanos, ben deitado na obra coma os mozos ou apartado nunha roda. Mentres comían, os máis conversaban, rían, facían mofas ou desafoaban o seu mal humor.

Carmine Tamburini comía un anaco de queixo acedo, saboreando o seu quinto de viño nunha baiuca, mentres os seus dous rapaces, tras larpar unha pouca froita, ían pescar ao Redefossi¹⁰. Ao redor de Tamburini reuníanse de oito a dezaseis homes, que o escoitaban de bo grado, pois, á súa maneira, era un orador eficaz.

Bruno, estransillado pero rexo, co rostro marcado polos estigmas do traballo, os excesos e os vicios, e os ollos resecos por unha especie de quentura, arrincaba da apaixonada intolerancia que conformaba o seu carácter, unha elocuencia ruda pero fogosa que xurdía en arroutadas e lograba impresionar vivamente a xente sinxela que integraba o seu auditorio. Falaba rápido, coloreando as frases coa súa voz profunda e ben timbrada, completando cun xesto enérxico, unha mirada ou un sorriso, as ideas embrionarias que relampaban no seu cerebro coma meteoros. Os ouvintes non sempre entendían o que dicía, ou se cadra o entendían ao revés, pero aqueles desatinados razoamentos, con algunha chispa de luminosa verdade na calixe, encandeábanos e convencíanos ben mellor do que o faría un orador de alto enxeño cun discurso lóxico e claro. Naquel intre, magnificaba a utilidade das folgas, ilustraba o seu discurso co que acontecía noutros países e o que facían outros traballadores, e trataba de convencer os compañeiros de que aquel era o momento ideal para actuar, co inverno ás portas e a présa que tiñan os capataces, sobre todo Piloni.

¹⁰O Cavo Redefossi é unha canle artificial escavada entre 1783 e 1786 para evitar que as riadas alcanzasen as portas principais de Milán polo leste (Porta Romana, Porta Vittoria e Porta Ludovica).

A meirande parte asentía co xesto e coa voz. Ettore Zanforgnino mesmo se mostraba entusiasta. Outros, escépticos, negaban coa cabeza, pois xa sabían como acababan as folgas: con fame e máis fame! E así o manifestaban. Os padecementos das familias e as débedas non se amañaban cos escasos subsidios nin con melloras ilusorias, porque os patróns tornaban pouco e pouco ao sistema antigo, aproveitándose da extrema necesidade na que se atopaban os obreiros en certos momentos.

Tamburini falaba con ton retranqueiro; chamáballes cagóns aos desconfiados e a seguir quentábase e tornaba impetuoso e exaltado. Non obstante, como acontece en todas as discusións, non conseguía convencer máis ca os xa convencidos ou ben dispostos e os que comparten sempre a opinión de quen fala.

Luigi Cattaneo, outro orador, máis frío e mesurado, entrou na taberna, e non ben escoitou a peroración de Tamburini, meteuse no debate. Ao seu ver, non era o momento de facer folga. Primeiro cumpría crear a Sociedade. Polo xeral, el era contrario ás folgas, porque os traballadores eran demasiado pobres e despois dunha semana de paro todos se atopaban nunha situación extrema, mentres que os capitalistas, se se empeñaban, podían estar meses sen facer nada: comían igual! E se se enfadaban, mandaban vir obreiros do campo ou doutras provincias, creaban una competencia esmagadora e entón non había máis que rañar! Piloni xa ameazara con facelo, e era un personaxe que non o pensaría nin un minuto. Ademais, Piloni non merecía a súa lealdade; se cadra, cumpría actuar con astucia con el.

—De acordo! —berrou Tamburini—. Admito que levas razón, pero entón, se todos fan folga, os que traballamos con Piloni non participariamos?

—Non digo tal cousa, aínda que non deberíamos estar entre os incitadores. E se se terza, mesmo deberíamos aconsellarlles aos demais que esperasen! Agora xa é demasiado tarde; estamos a primeiros de outubro, ás portas do inverno. Se nos vai mal, teremos miseria segura.

Este discurso atopaba apoio nunha nova cuadrilla de albaneis que entrara na taberna para beber un vaso, e incluso os que antes aceptaban as ideas de Tamburini agora parecían dubidar.

Entrou Giovanni Berini, o vello albanel tan respectado polos compañeiros. Parecía inquedo. Alguén lle preguntou que lle ocorría. El mirou en volta e logo, esquecendo a prudencia que o caracterizaba, saltou coma un mozo; porén, cun ton de voz baixo e contido, dixo:

—Sabedes? Cómpre traballar rápido, si, hai que seguir! El precisa rematar para o ano novo, así o quere. Temos que continuar e gañar a propina que prometeu! Seguir, como el quere. Cómpre gañar esa propina, pero estade atentos: que a casa non vos caia enriba... porque un día vai caer!

As palabras daquel vello intelixente que nunca se exaltaba e que lles recomendaba traballar con tino, causaron unha fonda impresión. Os que escoitaran a súa breve conversa co capataz entendían que estaba ofendido e esa era a súa reacción.

—Si, si... Mofarse dese porco... Facerlle unha boa. Traballar con escaso empeño para gañar esa famosa propina... E cando a obra estea rematada, como el desexa, que a leve o demo!

—E se non nos dá os cartos? —preguntou Tamburini, que devecía por ser escoitado.

—Xa veredes como nolos dá! Sabemos demasiado das chambonadas que fixo... E se non nolos quere dar, ameaa-

zarémolo con contar o dos cementos, que mesmo lle pode custar un xuízo —respondeu Cattaneo coa súa voz calma e en ton de burla.

—Bravo, Cattaneo! Bravo, Cattaneo! —gritaron vinte ou trinta voces en coro.

—Non lle facemos desaire ningún traballando mal! A ese burrán, tanto lle ten a súa obra, díxomo a min... Si, a min, que ben sabe o que penso! A min, que se non me custase atopar traballo porque son vello e se non tivese seis cativos que manter, os pobres orfos do meu desgraciado fillo...! A min, que sen todas estas desgrazas marcharía hai tempo, porque me avergoño e me avergoñarei mentres viva de traballar nunha obra levantada con tanta dor —continuou Giovanni Berini.

Interrompeuse. Os obreiros, impresionados, fitábano en silencio. Víase que as bágoas lle formaban un nó na gorxa, que sufría e falaba con sinceridade. Nuns intres, e con esforzo, recobrouse; afogou a emoción que ameazaba con derrotalo; gardou no fondo do corazón as bágoas a piques de agromar, e seguiu, con voz rouca pero firme, acompañada por un sorriso amargo:

—É o que el quere; débémolle obediencia ao patrón.

Pediou un vaso de auga cunhas pingas de viño, que pagou con dous céntimos. Só bebía viño puro o domingo, na casa, coa familia. Ao que rematou de beber, saíu para botar unha sesta entre a poeira da rúa, á raxeira, porque o sol lles prestaba aos seus vellos ósos e lle asentaba mellor o viño no estómago.

Moitos homes e rapaces durmían un sono profundo e benéfico deitados no chan, coa chaqueta a modo de almofada e o sombreiro ou a gorra sobre os ollos; durmían a rentes das casas, onda as portas, tirados nas rúas, nas gabias ou ben na obra, no lugar onde traballaban, mes-

mo arriscándose a caer, coa indiferenza que outorga o costume.

Bitossi e Martinelli xantaran xuntos, á sombra dun plátano, na beira do Redefossi. Conversaban. Martinelli estaba contento. Sen descoidar o traballo co que gañaba o pan, dedicárase a facer un bosquexo para o monumento a Garibaldi que tiña intención de presentar ao concurso. Comentaba con entusiasmo que se lle ocorrera unha boa idea e que o seu bosquexo merecía levar o premio, se non pola forma plástica, si pola concepción. Ao seu ver, a idea era o máis importante, xa que para a forma podía buscarse axuda, pero a idea era una cousa rara nuns tempos nos que os artistas decote se mostraban habelenciosos pero poucos en ideas e inspiración.

Bitossi escoitaba distraído; tiña outras cousas na cabeza. O seu natural axuizado e a súa dura experiencia na vida levábano a pensar que Martinelli se enganaba, que desperdiciaba o tempo e os cartos. Pero como lle ía dicir algo semellante a un soñador como Martinelli?

De súpeto divisou dúas mulleres que camiñaban pola beira do bastión procedentes da Porta Nuova e cambiou de tema.

—Vaites, a «indixente de san Bernardino» e a súa sobriña polo bastión destas horas! Que maquinarán?

—Cesira sempre anda con manexos. Esperaba casar co señor Angiolo Zibardi, o famoso ex-viñateiro de Porta Romana, que fixo cartos e se dá aires de príncipe, pero cando se lle frustrou o plan, contáronme que se arrimara ao capataz. Vaia dous!

—A Piloni? Infame barrigán! A min dixéronme que ía casar. Será con ela?

—Non tal! Talvez ela teña esperanzas, pero tanto Piloni coma Zibardi son deses que no matrimonio buscan

cartos, facer negocio. Ela é un pasatempo. Zibardi, que é un sedutor, fíxollo a... Cando o penso! Ai se o topase nun lugar remoto! Non podería evitar arrincarlle o corazón...

Francesco ergueuse, co rostro conturbado. Pasou unha man pola fronte e fregou os ollos, como intentando volver en si e espantar un mal pensamento. Martinelli tamén se levantou con prontitude e moi impresionado. Coñecía a historia das Terragni e comprendía a carraxe de Bitossi.

—Acouga, Francesco! O pasado pasado está. Que máis che ten a ti?

Francesco fitou o amigo e encolleuse de ombros.

—Non é que pense mal! O pasado pasado está e non sinto celos. Pero o dano que un canalla lle fixo a unha criatura boa, á que amas, non o podes esquecer. Ter que vela así, pobre, affixida, e non poder axudala como quereñas nin resarcila cunha vida feliz do dano que sufriu..., e ter que ver ese canalla responsable da súa desgraza, rico, apreciado, feliz... Son cousas que fan ferver o sangue.

—Seino, seino, e enténdote. Pero aínda que interviñeses para facer xustiza, só conseguirías danarte a ti mesmo e affixila máis a ela. Mesmo se, segundo ti dis, conseguises arrincarlle o corazón ao traidor como merece, el sería o menos castigado.

—É certo, por iso me refreo. Se non o fixese, xa estaría morto. Non che parece que Piloni merece que o guinden do andamio cando vén insultarnos con ese falso aire de protector? Sabes que me propuxo que fose o seu espía? Como estiven na cadea e me custa atopar traballo, e a policía non me quita ollo, non só me paga menos do que debería, senón que se lle meteu na cachola que sexa o seu esbirro e que o contente sexa como for.

—É un indesexable. Con todo, tes que ser prudente e non comprometerte...

Francesco suspirou. Quitou o sombreiro e enxugou a fronte empapada de suor.

—Farei o que poida... Non tanto por min, senón polos demais... Xa bastante nos chaman groseiros, litixiosos, sanguinarios... Charlatáns!

Martinelli botouse a rir.

—Ris? Cando penso nos discursos que farían sobre min no tribunal e nas gacetas se, nun momento de desesperación, nun arrouto, cometese o disparate de furarlle a barriga a un deses porcos, a Zibardi ou a Piloni... Cando penso en frases como «os feroces instintos do malfeitor nato», «o asasino reincidente por maldade incurable», «a crueldade hereditaria» ou «a necesidade de protexer a sociedade de tales feras»...; cando penso nestas e en tantas outras cousas parecidas, a amargura que teño no corazón convértese en desprezo, un desprezo tan grande que só se esvaece rindo..., por non poder esmagalos. Ríoo, e esa palabra, charlatáns, lanzada como un proxectil, expresa todo o que sinto e o que penso —calou un anaco e despois, mudando de ton, proseguíu—: Faise tarde, vaíamos traballar. Poñamos a buceira até que chegue o día...

—Quizais ese día no que pensas non chegue nunca.

—Abofé! Se cadra, nós non o veremos, pero ha chegar. Agora marchemos.

Dende todos os sitios, os obreiros retornaban aos interrompidos traballos e polo barrio espallábase o boureo dos pasos, as pisadas no po e a algarada.

O Lazareto atopábase na fase máis intensa da súa transformación, sometido a unha laboriosidade febril. Xa eran moitas as casas rematadas que levaban tempo habitadas, pero predominaban as que estaban en construción, quer próximas ao remate, quer apenas comezadas. No medio dos quinteiros, había amplos espazos cheos de fe-

rralla e cascallos. Aquí, unha parede que deseguida caería co pico estrondoso dos encargados da demolición; alá, un gran pedazo do vello edificio aínda tal cal, cos seus vellos inquilinos asomados ás xanelas, abraiaidos, contemplando aquel pandemonio con cara de reclusos asaltados por unha horda devastadora.

De pé sobre unha terraza aínda sen varanda que serviría para darlles luz e aire ás galerías da casa señorial pola parte do patio, Piloni asistía ao retorno dos seus homes. Cos seus pequenos ollos instalados sobre o seu enorme nariz, lanzáballes olladas fulminantes aos que chegaban tarde, e de ánimo aos dilixentes.

Cando todos estiveron no seu posto e os martelos batían nas grandes cabezas dos cravos das grosas trabes, anunciando que se retomaba o traballo, o capataz chamou a Bitossi e díxolle:

—Contra as tres virá o gran señor dos cementos.

—El só?

—Non, con outro que seica está disposto a mercar, pero antes quere ver. Un de tantos. Tes que facerte o contradizo e acompañalos, e procurar que non falen con ninguén máis. Non confío no asistente. Entendido?

—Si, señor.

—Se se che adianta Cattaneo, chámalle a atención a ese entremetido....

A conversa foi interrompida por un repentino alboroto. Dez ou quince mozos atrasados subían as escaleiras facendo bromas, alborotando coas botas ou arrastrando os chancos. Ao parecer, fixeran unha gran descuberta, xa que rían a gargalladas e soltaban ruidosas exclamacións de estupor e de ledicia.

—Son tres! —berraba un—. Tres!

—Tres! —repetían outros.

—Podres? —preguntaba un pesimista.

—Non, non! Fresquísimos! Gordos, brancos... —respondían moitas voces.

—Comerémolos, comerémolos...

—Si!

—Non!

—Vós non.

—Nós si.

—Só nós!

—Non tal! Son de todos.

—Non, non. Son nosos, nosos, nosos...

—Collémolos nós...

—Mentira!

Todo isto mesturado con berros, puñazos e losqueadas, e sobre todo blasfemias, malas palabras e acendidas discusións por lugares e cousas imposibles. Unha lingua-xe obscena e escabrosa até tal punto que case parecía mecánica e inconsciente.

—Agora vos aquilo eu, pillabáns! —exclamou o capataz asomándose pola escaleira co caxato en alto.

Sorprendidos por aquelas maneiras bruscas, os rapaces desbandáronse. Pero, por mor da súa intensa excitación, só acougaron un bocado. As losqueadas, os apuxóns, as ofensas atroces tornaron deseguida a alterar aquela masa de esfarrapados.

—Ao traballo ou quedades sen xornal!

Ante tal ameaza, os máis valentes movéronse e pasaron coa cabeza baixa, tratando de se escapulir das bastonadas. Algún golpe deu no baleiro e outros apenas fixeron albo.

—Que ocorreu?

—Non sei...

—Eu tampouco...

—Son aqueles de alí!

E volta a correr.

—Que tedes aí? Deixádeme ver! —ordenoulles Piloni a dous mozos que agochaban un fardo.

—Un... maleficio... Atopámolo no Redefossi cando pescabamos —respondeu Carletto Tamburini, o máis ousado.

—Aquí hai tres polos... Que significa iso do maleficio?

—Mire o que teñen dentro! É a vinganza dunha moza traizoada — explicaba o impertinente, que recuperara a súa petulancia.

O capataz colleu o vurullo e entregoullo a Bitossi, e despois berroulles aos rapaces:

—Veña, a traballar!

Todos escaparon moi abatidos, pero Tamburini recuou para lle dicir a Bitossi que quitase do interior dos polos os naipes e os alfinetes que tiñan cravados no corazón e no fígado, e tamén o cartel co nome do señor Piloni, porque outramente ese ano estaría morto, como o fillo de Giorgio Canfori, o panadeiro. O mal de ollo era cousa de Cesira Bellincioni. E dito isto marchou, dedicándolle ao capataz unha ollada coa que parecía dicirlle: «Es un soberbio, pero eu salveiche a vida!».

X

A VISITA

Triste e desgustado, Bitossi retomou as súas tarefas. Piloni figurábaselle, cada día con maior nitidez, un home sen conciencia, capaz de todo para alcanzar a única meta que pretendía: os cartos, unha chea de cartos. E el estaba a mercé daquel home. A súa estadía no cárcere púñao a disposición dun estafador, dun ladrón, por máis que fose o único que se fiara del e lle ofrecera traballo. Certo, Piloni confiaba completamente nel. Así a todo, tal confianza non o honraba; non lle daba valor nin forza. Eran as mañás dun cínico, que lle dicía con sarcasmo: «Non tes outra saída; se te boto, serache moi difícil atopar outro que te colla. Volverás caer na miseria, talvez na vagabundaxe e, en consecuencia, estarás vixiado pola policía e axiña tornarás á cadea».

E non eran palabras vas. A policía nunca cesara de perseguir o obreiro saído da cadea. Ai del se reincidía! Ai del se Piloni o despedía por sospeitar que preparaba algunha gatada! Daquela, recaería sen transición na vida tormentosa, abafante, de besta perseguida; e cada vez que dobrase unha esquina, ao menor incidente, sentiría o monstro que o asexaba na sombra precipitarse sobre el para pillalo.

Piloni fortalecíase xusto por estes perigos que ameazaban o albanel; tanto máis porque consideraba a Bitossi

un mozo con moito amor propio, capaz de se enfrontar a calquera cousa bardante as malas opinións e as arrevesadas cábalas da xente. De feito, só con pensar que alguén non crese nas súas palabras, e que a prisión e a persecución dos gardas se debesen a outra cousa..., a un delito común ou a un furto, se cadra... Esta idea toleaba o pobre Francesco e quitáballe os azos.

Naquel transo angustioso, cavilando nos seus asuntos, reprochábase con furia o seu carácter susceptible, considerándoo covardía. Pero tales reproches non o aliviaban. Dende o escuro caos dos seus pensamentos saía vitoriosa a conclusión de que debía obedecer o capataz, ou polo menos non desgustalo. Se o desgustaba, estaba perdido. Pero, por outra parte, podía obedecer ás cegas aquel home sen envilecerse, sen ter cargo de conciencia? Non. Entón? Debía enganalo. Enganar aquel raposo, aquel suíño. Ser coma el... Finxir, mentir, traizoar... E un calafrío percorríalle o corpo.

Malia ser necesario e estar xustificado, o engano pesaba no seu corazón honesto. O instinto de conservación suxeríalle que podía lidar co capataz sen ser un covarde, calando, sen interferir en certos asuntos. E a falsa e unilateral lóxica do home de partido –por máis que fose do partido máis natural e lexítimo– reforzaba o pulo do instinto con particulares argumentos e dicíalle: «Que máis che ten a ti, por exemplo, que Piloni constrúa unha casa pouco sólida con materiais de ínfima calidade e logo lla venda a outro especulador coma el? Que máis che ten a ti, pobre albanel, explotado des que estás neste mundo, se con tales artimañas engana o seu socio e lle rouba? Que obrigas tes ti, Bitossi, con Ambrogio Piola? Quen é Ambrogio Piola? Un especulador, un capitalista, un que se enriqueceu co traballo dos demais, un de tantos ex-

plotadores de nós, os pobres, como Piloni precisamente! Mellor que se devoren entre eles, e mellor aínda se os axudas ti a facelo! Agora Piloni lle rouba a Piola. Ben! Máis tarde outro roubará e pisará a Piloni. Xa que todos son igual de avaros, e non se conforman con aproveitarse dos pobres traballadores, senón que tratan por todos os medios de enganarse e espoliarse un a outro, os obreiros deben tirar beneficio desta situación. Deberías alegrarte da ocasión que se che presenta e contribuír con todo o teu empeño á obra da destrución. Non son estes os axiomas, non é esta a lei fundamental do teu partido? Por que dubidas? A que veñen eses escrúpulos? Estás tolo? Traizoarías a causa dos teus irmáns por un sofisma, ou talvez por medo?».

Non, por Deus, medo non tiña, non; non traizoaba os seus irmáns. Denantes morto! O que o perturbaba era un sentimento escuro, unha idea inaprensible, algo como a saudade dun soño que se disipaba. Unha antiga ferida reaberta de súpeto. Soñara co triunfo dunha causa xusta –a causa do pobre–, un triunfo obtido sen medios ilícitos. Repugnáballe a violencia, e tamén a traizón e a represalia enmascarada que os febles se permiten ás veces como única forma de buscar a xustiza. Mais a fatalidade da vida apremábao e ofendíano decontino a inxustiza e a prepotencia dos demais. «Es feble», suxeríalle o instinto da vida. «Non tes outra arma ca a astucia, aprovéitaa. Es un escravo, engana, rouba, víngate».

A súa alma acubillaba a poderosa intuición dun sublime idealismo. Distante pero certo, brillaba o día da liberación, o día sagrado do rexurdimento de toda a súa clase. Sen isto, como resistiría ás escuras suxestións do odio, á terrible necesidade de vinganza inmediata que arrastra os oprimidos? Quen está no bordo dun abismo pode caer.

É tan doado dar un paso en falso ou marearse, especialmente cun temperamento apoplético como o de Piloni! Atacouno unha risa irónica, afogada. Inclinou a cabeza e refregou a fronte coa man para escorrenatar aqueles tétricos pensamentos.

Ao seu redor continuaba o balbordo que empezara de novo ao retomar o traballo, cada vez máis potente e enxordecedor. Mirou o reloxo que levaba no peto do chaleco, debaixo da bata, pois era un deses albaneis distinguidos que visten sempre con decencia e teñen a habilidade de manexar a paleta sen ensuciarse.

O reloxo marcaba as tres menos cuarto. Deulle unhas ordes a Berini e logo colocouse de sentinela nunha fiestra da fachada que daba á circunvalación, para ver chegar a Piola co suposto comprador. Non tardaron moito en aparecer polo fondo da avenida.

Bitossi axiña recoñeceu a Piola, baixo, seco, estransillado, cunha levita gris, ampla e moi longa que voaba ao redor das pernas. Movíase con pasos rápidos para seguir a alancada do seu acompañante –un señor alto e de boa aparencia. Ao primeiro, Bitossi non reparou neste; o seu ánimo, aínda en parte trastornado polos pensamentos que pouco antes o angustiaran, levábo a preocuparse por Piola, a vítima de Piloni, malia que o desgraciado fabricante de cementos non tivese nada que espertase o interese nin a compaixón dun home nas condicións do albanel. Francesco coñecía aquela alma mesquiña, chea de receos, incapaz de concibir nin de levar a cabo calquera empresa atrevida.

A dicir verdade, comparado co capataz, Piola era un santo, un auténtico home honesto, pero avaro e miserable. Até os cincuenta anos vivira da especulación, mirando cada céntimo, como se adoita dicir. Xa cos cincuenta

cumpridos, tras amasar un discreto capital, casara cunha muller guapa e ambiciosa que lle metera o devezo de se enriquecer ás présas. Piloni batera con el nesa excelente disposición, a máis propicia para facer que un mediocre sexa explotado por un zorro. A fama de capataz intelixente, de emprendedor ousado, de especulador agudo, e a gran fortuna que acumulara, outorgábanlle unha especie de auréola que cadraba que nin pintada para seducir o inxenuo Piola.

Por outra parte, na sociedade que Piloni frecuentaba, todos se marabillaban e felicitaban o brillante construtor por escoller un socio daquela categoría, un home co olfacto dun can de caza para facer cartos. Mais velaquí que, pasados os primeiros meses, o pobre Ambrogio saía daquela áurea lúa de mel co corazón encollido polas sospeitas e comezaba a vivir na inqueda. As maneiras do capataz non lle chistaban nada. Un personaxe que nunca falaba nin nunca rendía contas de nada, ao que non se lle podían pedir explicacións sen provocar unha escena! En baluto trataba de vixialo; en baluto metía o seu curto fociño onde podía; de nada servía!

Ás veces, desesperado, acordaba fiarse totalmente; mais, non ben tomaba esta sabia decisión para vivir tranquilo, acontecía algún pequeno detalle, se cadra insignificante pero inexplicable, que volvía facelo reचार. En tal estado de ánimo, o pobre debería acoller con suma ledicia a proposta de vender a obra non ben estivese rematada, ou talvez antes. Diante, non faltarían compradores! Nunha cidade como Milán! É máis, deberían disputarse aquela fermosura de casa... un palacio, caramba! El mesmo trataría de buscar entre os seus coñecidos. Pero velaí que o comprador se presentara por si só, sen necesidade de buscalo! O homiño refregaba as mans,

crendo o negocio amañado, aínda que seguía angustiado polo temor a que o enganasen co prezo da venda... Nunca se sabe! Ademais, o comprador en cuestión era Angiolo Zibardi, o ex-viñateiro enriquecido, un astuto de marca maior...

Mentres os dous señores se achegaban á obra, Bitossi, que non cesara un momento de esculcalos, sobresaltouse ao recoñecer o viñateiro, malia que só o vira unha vez, de pasada. O odio é un poderoso adiviño, tanto ou máis ca o amor. Ah, por Deus! Nuns intres, aquel traidor estaría ao seu alcance! Podería tiralo dende unha daquelas escaleiras sen varanda...

—Como o vou aturar? Como?

Pensou en agocharse, en mandar a outro no seu lugar. Pero non. Alentábao unha forza oculta. Pálido e tremente, saíu ao encontro do home odiado. E nun só instante a súa alma mediu o abismo daquela aversión. Só a seguridade de que o seu inimigo non o coñecía e de que nunca sospeitaría del, animou o desgraciado Francesco e deulle forzas para controlarse.

Vestido coa súa habitual elegancia pomposa, teso, con aquela rixidez forzada á que lle confería tanta importancia, Angiolo Zibardi formaba un curioso contraste co miúdo Piola, perdido na súa levita. Bitossi dirixiuse a este, xa que o coñecía e era moi amable con el.

—Bo día, señor Piola. Quere que o acompañe? Hoxe anda todo moi desordenado por culpa destas trabes...

A súa voz tremía, o cal serviu para que a Zibardi lle caese en graza, pois atribuía aquela inseguridade ao respecto que imponía coa súa sobranceira persoa.

—Acompáñanos entón —exclamou sorrindo, con aire protector—. Temos o plano, pero ti poderías proporcionarnos algunhas explicacións.

En canto a Piola, sentíase ben contento de que o acompañasen, necesitado de que o sostivesen por aquelas escaleiras sen abeiro e aquelas táboas inestables.

Comezou a visita.

Bitossi recobrara o sangue frío e puña grande empeño en avivar o interese do capataz, salientando os méritos da construción, disimulando as partes febles, loando o loable, mentindo con tento cando era o caso. Tomara unha decisión: ningunha violencia, ningún delito; pagaríao demasiado caro. Só unha pequena represalia: arrastrar a Zibardi a un mal negocio se era posible; ferilo no lado máis sensible: no interese pecuniario. Correcto e moi teso, Zibardi escoitaba os comentarios do albanel, mais de cando en vez chiscaba os ollos –un arraigado costume– e o seu famoso monóculo caía, estragando o admirable conxunto da súa artificiosa figura. Peor aínda: se a súa atención se concentraba en algo importante, ou se unha impresión calquera alteraba os seus nervios, de súpeto as pernas e os brazos relaxados adquirían unha pose vulgar e traizoaban o antigo camareiro.

Aquel día, Ambrogio Piola sentíase optimista, e o seu corpo semellaba inflado perante aquela falsa grandeza. Congratulábase de maneira especial pola casa señorial e as fastosas decoracións da fachada, parte en cemento, parte en estuco. A súa afervorada imaxinación levábao a figurarse o orgullo co que a súa fermosa dona entraría naquela casa da súa propiedade, e case se arrepentía de acordar vendela tan rápido. Non sería mellor vivir naquel primeiro piso elegante no canto de no vulgar barrio na rúa da Spiga? Que regalía para a súa amada! Si, certo, pero... Vivir naquel luxo requiriría moitos cartos e el non os tiña.... Non lle abundaban os que posuía e, se os gastaba, o capital que reunira con tanto esforzo voaría

deseguida... Ah, non, de ningunha maneira! A súa vella avaricia espertara no momento xusto e escorrentaba as suxestións da vaidade e as debilidades dun amor senil.

«Abre ben os ollos! Abre ben os ollos!», berráballe a vella voz co ton da sospeita. E aquel pusilánime, arrepiado polos perigos nos que poderían facelo caer certas tentacións, aferrábase con desespero á súa acérrima cobiza. As eternas sospeitas acometíanlo coma serpes esvaradías saídas de súpeto da súa gorida, e daba en interrogar a Bitossi con todo detalle sobre certos carros de ladrillos ou sobre o valor dalgunhas trabes, sen reparar na presenza de Zibardi e sen percibir o sorriso burleiro deste.

Bitossi respondía de maneira breve e precisa, cunha notable candidez.

O viñateiro dubidaba.

Ao chegar debaixo do tellado, os dous visitantes pararon a contemplar o espectáculo daquela laboriosidade. Todos traballaban e a enerxía dos obreiros parecía medrar cadora, como adoita suceder cando se aproxima o declinar da xornada.

O madeirame alzábase; as poleas renxían baixo o peso das grosas trabes. O revestimento interior das paredes estaba case rematado no faiado, agás nos lugares onde os traballos coa armazón das vigas impedía o libre movemento; algúns albaneis comezaban a estabilizar o quinto andar; mentres, moitos outros axudaban os dous carpinteiros e o ferreiro a formar os cabaletes, encaixando con habelencia as pezas de madeira acameladas, golpeando con forza nas puntas, preparando as cadeas de ferro. E todo este barullo producía un ruído intenso que se multiplicaba coa sonoridade dos espazos baleiros.

Dous mozos de aspecto moi robusto batían con pesados martelos a prominente cabeza dun enorme cravo

destinado a unir unhas trabes, e os golpes alternábanse con tal vertixinosa rapidez, que apenas un brazo se alzaba, caía o outro co pesado martelo, e volvía erguerse para esquivar o golpe inminente do primeiro. Da estraña máquina, movida polos músculos e os ósos e manexada con tanto vigor e mecánica precisión, emanaba unha estraña fascinación.

O viñateiro non podía apartar a mirada. Era a primeira vez que Angiolo Zibardi subía a unha obra e, no fondo, non se sentía moi tranquilo. O estrondo, a altura, os balcóns sen parapeto, as escaleiras sen varandas e o chan inestable, xunto a aqueles martelos enormes manexados con tanta seguridade e aqueles ollos ardentes e escrutadores aos que se enfrontaba por onde pasaba, provocábanlle unha molesta sensación de vertixe e un oculto desgusto difícil de aturar. En tal lance, adeus aristocrática rixidez, adeus nobre comportamento de cabaleiro, adeus monóculo oscilante sobre o peito! No avolto fondo da súa conciencia sentía agromar unha misteriosa advertencia. E se un día caese baixo aqueles robustos brazos? E se aquelas miradas ameazantes ditasen o seu suplicio? Cantos queixumes de mulleres traizoadas incitarían os fustrigadores? Cantos brazos descarnados de humildes esfameados se alzarían para axudalo? A terrible visión aumentaba; a multitude irada asediábao. Mais el era forte e escéptico; tales pantasma podían asustalo un instante, pero non vencelo. Os seus nervios de plebeo resistían as vertixes e esvaecían as espantosas visións.

—Vamos —ordenoulle ao acompañante, pregando os beizos nun aceno sarcástico—. Xa vin abondo; este pequeno inferno atorda.

—Marchemos —bramou Ambrogio Piola, apurando o paso—. Hai que ser do oficio para aturar tanto ruído.

E volveron pasar polo medio dos obreiros, que os miraban, cantaruxaban ou conversaban nunha pintoresca xerga, gritando as palabras dun extremo ao outro e lanzando sarcasmos coma coiazos.

Preto da escaleira, un dos aprendices tropezou cunha táboa apoiada na parede, que caeu e levantou unha nube de po. O viñateiro adoptou unha expresión irada e virouse ameazante, proferindo unha blasfemia. O rillote escapou e Bitossi improvisou unha escusa.

Consonte baixaban, o estrondo minguaba e entraban nun ambiente máis calmo. Dende a planta baixa subía a voz fresca dun mozo que traballaba cunhas pedras ao tempo que cantaba:

Cando era unha meniña,
gozaba cos confeitos,
pero agora que medrei,
gozo cos mozos feitos.

Un estraño bólido resplandeceu de súpeto e atravesou os teitos abertos ate se afundir nun montón de area a dous pasos do canteiro.

Carlino e os seus camaradas andaban a outra cousa. Devecían por comer os polos, e rogábanlle ao pousadeiro que llelos cociñase.

—Puxemos unha lira entre todos —dicía o pequeno Tamburini—, vinte céntimos pola cocción e outro tanto polo viño.

E facía bailar as moedas na palma da man. Os demais mozos berraban:

—Queremos os polos, queremos o viño!

—Pero se sodes quince! —exclamou o pousadeiro—. Havos tocar un óso por cabeza!

Ao cabo, entre risas, o pousadeiro colleu os polos, pero a súa muller e mais a porteira interviñeron. Vállame, Deus! Pretendía cociñar aquela porcallada e coller unha enfermidade? Seica non sabía que aquelas bestas estaban malditas e que só tocalas podía causar a morte? Non pasara un ano des que o fillo do carniceiro da rúa Cerva, un mozo ben alto e rexo coma un buxo, morrera de repente por levar para a casa algo semellante. Acaso quería ter o mesmo final, pola Virxe santa!

E as dúas vellas acirrábano tanto, e os rapaces, á súa vez, berraban con tanta petulancia que o pousadeiro, enfadado, guindou os polos contra o seu propietario.

Carlino colleunos polo aire. E como entrementes medítara na sentenza do pousadeiro –«Havos tocar un óso por cabeza»–, botou a correr con coidado de deixar caer algunhas moedas para que os seus compañeiros se entretivesen recolléndoas. Así, burlouse de todos e quedou cos polos e co resto do diñeiro para el só.

XI

FORZA DE AMOR

Non ben deixou o traballo, Bitossi colleu o camiño cara á casa e pouco despois chegou á rúa San Pietro in Gessate, canda Martinelli. Na porta atoparon a cuadrilla de rillo-tes anoxados co raposeiro de Carlino, que os traizoara e se rira deles daquel xeito. Mais nin a Diego nin a Francesco lles apetecía escoitar as cómicas invectivas daqueles pícaros; tiñan outras cousas que facer. Separáronse deseguida cun cordial saúdo, e o escultor correu onda a súa Sofia, que o esperaba na porta do estudio, e Bitossi subiu as escaleiras ás présas.

Luisina non estaba na galería, pero Bitossi alegrouse ao descubrir a porta da vivenda aberta e libre a cadeira na que adoitaba sentar a viúva Terragni. De pronto lembrou que Virginia traballaba como asistente nunha casa a aquelas horas, e como arelaba falar con Luisa a soas, pensou en aproveitar a ocasión. Virginia non vía con bos ollos aquel novo aspirante ao amor da súa filla, e nada conseguía vencer aquela grande antipatía.

—Ben sei que non é mal home —dicíalle a Luisina—, e que te quere de verdade, pero estivo na cadea e ha volver debido a esas ideas que ten e ao seu forte carácter. Ademais, parecédesvos: el tamén é un desgraciado e iso hache traer mala sorte... Non debes andar con el, non quero..., non debes..., por favor, filla!

E a orde, convertida en rogo, remataba cun queixoso suspiro. Luisa desexaba obedecer porque a súa nai tiña un gran poder sobre ela, e tamén porque, como sufrira moito, carecía da enerxía necesaria para afrontar novos trastornos. Quería obedecer, e en parte facíao, de aí que evitase estar a soas con Francesco; pero non podía controlar o seu corazón nin combater o delicado sentimento que a invadía. Nin sequera o pensaba. Coidaba que xa era guiada de máis evitando o albanel; a súa nai non podía pedirlle máis. «Queréndoo en segredo non arrisco nin fago nada malo!», pensaba.

Boa e fogosa, capaz de calquera sacrificio e dotada dunha intelixencia bastante viva, por desgraza apenas cultivada, Luisina intuía vagamente o que lle faltaba e tiña aspiracións superiores, necesidades ocultas de poesía, alteza de miras; todo o que quizais só servía para volvela máis débil. Des que lle morrera o neno en Santa Caterina, e des que amaba a Francesco, xa non mostraba aquel aparente descaro, aquela facilidade para rir e atromarse que, mal ou ben, a sostivera entre tantas miserias. Sentía máis a súa incapacidade para combater na loita pola vida –incapacidade que ela chamaba mala sorte– e os medos da nai agromaban na súa conciencia. Desá disposición procedía a súa resignación apática, aquela nova necesidade de soidade e o tino que puña en zafarse das amorosas solicitudes do seu veciño. «Un día ou outro, Bitossi perderá a paciencia, apremarame e terei que tomar unha decisión que me contristaré, xa que terei que rexeitalo!», cavilaba.

A coitada cría de verdade que sería capaz de rexeitalo! Así a todo, trataba de non chegar a aquel extremo e de manter a súa relación co mozo nos límites dunha fraterna amizade. Deste modo, ela, tan natural e espontánea,

esforzábase en disimular, forzando a súa mente sinxela a reviravoltas que a fatigaban. Pero ás veces o seu natural impúñase, e temía que Francesco perdesse a paciencia, que a paixón se desencadease con todo o seu ardor e que se vise obrigada a se defender con unllas e dentes ou a renderse con frenesí baixo o poder do vencedor.

Cando Bitossi se presentou no limiar pedindo permiso para entrar, a rapaza palideceu e deu en tremer. Quixo negarse, pero non atopou as palabras axeitadas. Antes de que abrise a boca, o albanel xa traspasara a porta.

—Non, Luisina, non se enfade! Teño tantas cousas que dicirle...

—Vémonos decotío! —exclamou ela, volvendo en si, tratando de chancearse.

—Si, pero sempre diante da xente ou da súa nai, que, a dicir verdade, me ten tanto aprecio coma ao fume nos ollos.

—Pobre mamá! Hai que comprendela: sempre está mal e tivo moitos desgustos.

—Seino, e teme que eu lle dea outro, entendo. Xa a enganaron unha vez...

Luisina suspirou e palideceu.

—Ofendina, Luisina? Perdóeme, perdóeme! Se soube-se canto sufrín hoxe...

Ela interrogouno coa mirada.

—Ese home estivo na obra...

—O viñateiro?

—Si. Parecía querer mercar a casa, pero non o fará porque é demasiado astuto. Piloni terá que buscar outro monicreque.

Ao cabo dun bocado, cambiando de ton, Bitossi atreveuse a preguntarlle:

—Foi el?

Ela inclinou a fronte.

—Maldito! Oh, Luisina, Luisina... Cando souben que tiña un fillo en Santa Caterina, pois vostede non o ocultaba, alegroume pensar que podería axudala, pois, se me aceptaba, tiña intención de recoñecer o neno. Pero logo, cando me contou que o cativo morrera..., recorda?, aquel día, na miña casa, atribuleime, por vostede e por min. Pensei que sería máis doado que me aceptase e que a súa nai obviase o feito de que estiven na cadea, se recoñecía a criatura coma se fose miña, pero a súa morte arredaba o meu degoxo. Pareceralle estraño, pero é certo: até aquel momento non pensara no verdadeiro pai daquel infeliz; non imaxinaba que fose un traidor. Coidaba imposible que un home ao que vostede amase a abandonase de maneira voluntaria. Figurábame que estaba morto ou que emigrara pola miseria... Non sentía celos dese amor xuvenil e infortunado, pero cando aquel mesmo día, polas azueiras que corrían no patio sobre vostede tras a escena da señora Rosa, descubrín que fora ese usureiro, e todos os seus abusos e enganos, crin que morría. Así a todo, o meu amor medrou aínda máis, xa que, no fondo, vostede non puido amar o viñateiro; só foi seducida, enganada! O seu corazón era virxe e eu espertaría nel o verdadeiro amor por primeira vez... Pero canto máis a amaba, máis o odiaba a el... E se hoxe, cando o tiven ao meu lado, non o matei, non o tirei por unha escaleira ou dun andamio, foi só porque pensei que me apresarían e encarcerarían e que non te vería máis, Luisina querida! Pero se ti non me amas e volvo ter ese canalla de novo ao alcance da man, quen me freará?

A alisadora, que se deixara caer na cadeira e escoitara con bágoas nos ollos este discurso, reaccionou movida polo terror que se apoderara dela:

—Non, Francesco, polo amor de Deus! Non! Non quero que vaías ao cárcere! Non quero que te condenen!

O albanel non falou; a emoción atoáballe a gorxa, e só puido emitir un grito rouco e uns salaios. Ela amábao! Deus! Que divina ledicia no medio da máis cruel angustia! Que visión do paraíso entre as chamas infernais que o abrasaban! Tiña a sensación de que lle crebaba o corazón, incapaz de aturar tan intenso gozo e tal tormento.

Cun movemento rápido, case indeliberado, colleu a moza, que estaba diante del en actitude suplicante, e estreitouna contra o peito. E as bágoas, os bicos, todos os seus desexos, toda a súa vida, esencia e materia, pasado e porvir, confundíronse, mesturáronse, identificáronse nun instante de delirio e éxtase.

XII

CAS MARTINELLI

Como cada sábado á tardiña, cas Martinelli había baile. Malia a súa humildade, os dous amantes eran alegres e sociables e gustáballes a diversión. Á fin e ao cabo, aquelas folías non supuñan un gasto excesivo. Cada participante colaboraba con dúas liras, e eses cartos reunidos servían para pagar o alugueiro do piano de manubrio, o petróleo para a iluminación, unhas botellas de viño e os refrescos para as señoras, que non pagaban. Sofia, a encargada da caixa, sempre lograba aforrar para organizar unha comida para todos.

O grupo, non moi numeroso, integrábano algúns artistas algo bohemios, empregados e dous obreiros: o tipógrafo Cesare Francinetti e mais o albanel Bitossi. Ao primeiro, este mantivérase á marxe, temendo resultar un intruso, pero Martinelli insistira e Francesco accedera a acudir. Aos artistas caeulles simpático, sobre todo porque era intelixente e polo seu comportamento exquisito, afastado tanto da incómoda e torpe timidez de certos traballadores de vello coma da aburrida petulancia doutros moi modernos.

—Que tes esta noite que estás tan preocupado? —preguntoulle Luisina mentres bailaban.

El estremeceuse e engurrou o cello, pero respondeu, conténdose:

—Engánaste, estou coma sempre.

—Non me dis a verdade!

—Si.

—Non tal! Víchelo? —musitoulle.

—O viñateiro? Oh, non!

—Daquela é o capataz quen te atormenta.

Bitossi xirou a cabeza coma se non escoitase, e como Castellini apuraba o ritmo da peza xa non falou máis e deixouse levar por aquela danza vertixinosa.

Cando a música cesou e as parellas pararon, o rumor dunha disputa penetrou na sala. Eran gritos salvaxes, couces e golpes nas portas. Alguén saíu a ver que pasaba. As habituais: a señora amarela e Cesira Bellincioni! Pegábanse e berrábanse á cara todo tipo de impropiedades do vocabulario arrabaldeiro.

—Velaí! —exclamou Martinelli bicando a Sofia—. Esas dúas péganse igual que nós nos bicamos.

Alguén contou que despois do asunto dos polos, Cesira, enfadada con todas as mulleres da casa, xurara vingarse. Unha vinganza sen par: roubaríalles os amantes a todas..., polo menos durante un día! E comezara deseguida co querido da Civardi. Por iso se pegaban.

—Caramba, ten bo gusto! —berrou Castellini.

Todos riron.

—Veña, veña, a bailar! —repetía a fermosa e escultural muller do artista. Ela quería bailar e cansaba ao ver como perdían o tempo con aquelas embrollas.

Agora o manubrio tocáballe a Martinelli, quen deu en xiralo con extraordinario nervio. O repertorio do instrumento indicaba un baile rápido e todos se lanzaron.

—Estou cansa! —suspirou Luisina tras algúns xiros—. Sentemos aquí, ao lado da Eva —calou un instante e continuou—: Por que non mo contas?

—Que queres que che conte?

—Por que estás tan distinto, tan abatido esta noite...

El non respondeu. Miraba cara a outro sitio, cara ao pequeno revólver que Martinelli sempre tiña cargado, colocado entre a colección de armas artisticamente dispostas sobre o pano encarnado. De telo no seu poder horas antes, aquel canalla do capataz xa non respiraría! Un calafrío percorreulle o corpo.

—Oh, Deus, Francesco! Que tes? Sénteste mal?

—Dóeme un pouco a cabeza. Non é nada, tranquila.

—Queres que subamos?

—Non...

Pasados uns instantes, ela volveu interrogalo.

—Tiveches algún desgusto na obra?

—Nada en particular. Xa sabes, prepárase a folga e o señor capataz, que sospeita, quería que espíase para el.

—Que ruín! É capaz de todo... Prexudicarate.

—Que me vai facer?

Ela mirou en volta e logo, achegándose, bisboulle:

—A policía!

El palideceu.

—A policía non pode facerme nada porque eu non participei. E non teño intención de ser un espía.

—A túa inocencia tanto ten se Piloni te acusa. Hano crer a el, non a ti.

Ao que Luisina pronunciou estas palabras coa voz conturbada polos saloucos e os ollos arrasados, un novo rumor no exterior atraeu a súa atención: uns pasos arrasados e un balbordo de voces.

—É a porteira... e un señor... Oín o teu nome! Ai, Francesco!

Unha man petou na porta da vivenda con delicadeza, e unha voz, con marcado acento napolitano, preguntou:

—Permiso?

—Adiante! —gritou Martinelli.

A porta abriuse e entrou un home novo de boa presenza, coa levita negra abotoada até o pescozo e o sombreiro na man, que saudou con amabilidade.

Dende o van da porta, Martinelli e moitos outros repararon na cara asustada de Colombo, nos quepis e nos botóns brillantes dalgúns policías. Moi alarmado, o dono da casa adiantouse para preguntar de que se trataba. O outro empezou a falar:

—Non sabe canto sinto interromper unha reunión tan agradable. Coñezo e gusto da vida artística... Eu tamén son un pouco artista..., poeta; mais, como ben saben, señores, o deber imponse á nosa vontade. Quererán perdoarme, especialmente as señoras... —e dedicoulles unha ollada ás mulleres, nerviosas, e viu a Luisina case desmaiada entre os brazos de Francesco—. Pido mil desculpas, é en nome do deber... —e baixando a voz, repetiu—: en nome da lei...

—Por favor... —dixo Martinelli para que abreviase, incapaz de reprimir o seu mal humor—, faga o que teña que facer e non se preocupe polo demais. Sabemos o que é a lei, pero non que é o que quere.

—Trátase dun obreiro —respondeu o oficial poeta, cambiando de ton e dedicándolle unha rápida ollada a Luisina—, dun tal Francesco Bitossi...

Un grito lancinante de muller interrompeu o oficial. Este, que esperaba aquel berro, atopouse nun abrir e pechar de ollos entre Luisina e Francesco.

—Bitossi é el?

—Si, señor.

—Ben, entrégume a chave da súa vivenda —e inclinándose cara á moza, murmurou con amabilidade—: Non

se preocupe, é algo sen importancia, un sinxelo rexistro... e un interrogatorio. Simples formalidades.

—Velaquí ten a chave.

—Grazas. Agora faga o favor de deixar que o acompañen estes dous mozos que o tratarán con todo respecto...

—Cos gardas! —gritou Luisina—. Vai ao cárcere!

—Non, señora, só á comisaría.

—Pero se non fixo nada!

—Tanto mellor. Axiña volverá. Estean tranquilos, é unha simple formalidade.

Ao saír, saudou coa mesma cortesía e cun xesto indicoulles aos gardas que utilizasen as esposas ao menor acto de rebelión. Bitossi saudou os amigos; encomendou a súa pobre noiva ao coido de Sofia e colocouse de bo grado entre os dous policías, dominando a ira con todas as súas forzas.

O oficial, acompañado pola señora Colombo e os outros dous gardas, subiu ao segundo andar para efectuar o rexistro.

XIII

PENAS E ALEGRÍAS

De madrugada, Luisina velaba, a medio vestir, na ampla cama. Concentrada, atenta ao máis leve rumor, contendo a respiración, esperaba o regreso de Francesco. O seu corazón encollíase cadora entre a esperanza e o desespero. Ao seu lado, sen sospeitar o sucedido, durmía a súa nai.

Luisina encomendárase aos Colombo, aos Martinelli, a todos, para que non lle contasen nada á súa pobre nai. E por unhas horas, talvez por un día, eles gardarían silencio. Se Francesco non tornaba, o silencio, ademais de imposible, demostraríase inútil; o compasivo engano caería polo seu propio peso. Pero aínda había esperanza.

O oficial non atopara nada comprometedor no rexistro, así que Bitossi debería ser liberado, a menos que se comprometese no interrogatorio con algunha resposta imprudente. Pero Luisina aprendera a dominarse, e acougaba: regresaría. Talvez estaba preto... Se cadra o retiveran por mor dos seus antecedentes negativos, polos seus principios subversivos, ben coñecidos: a coitelada, os disturbios... El adoitaba dicir: «Pobre de min se a policía me prende de novo! Abondaralles calquera escusa para non deixarme en paz!». Que triste estaba aquela tarde! Finxía para non desgustala, pero non o conseguira. Tiña un vago presentimento, ou sabía que Piloni o acusaría?

Ela inclinábase pola segunda hipótese. Coñecía ben o capataz por propia experiencia e polo que escoitara dicir del, e tamén sabía que Francesco non o secundara con rotundidade. Todos o dicían: se Francesco fose deses que só pensaban no seu propio interese, podería gañar o favor do capataz, converterse no seu asistente e gañar un bo soldo. Destreza e saber non lle faltaban, pero era un cabaleiro e tiña corazón.

—Pobre Francesco! —bisbaba, conmovida até as bágoas—. Pobre de min!

Un ruído sobresaltouna. Endereitouse na cama e escoitou con maior atención. Debía de ser o ferreiro Mariani que entraba con Luigi Bianchi, o maquinista —o que ocupara a vivenda na que antes residía ela—, dous amigos íntimos que adoitaban ir de troula. Francesco non tornaba; talvez esperaba por el en baluto... Deus, Deus! Afogou os seus saloucos.

—Se non torna, xa verán, xa verán...

Non levou a efecto a súa ameaza, nin sequera no maxín. Sentiu un arreguizo, e unha xorda imprecación saíu dos seus beizos trementes.

Virginia, que durmía entre acoros, axitouuse coma se fose espertar, pero volveu coller o sono, inqueda, interrompido por fondos suspiros, pero profundo.

Na veciña igrexa de San Pietro in Gessate deron as tres. Outro reloxo repetiu a hora. Un borracho parado na esquina do horrible calello do Incarnadino empezou a cantar coa voz rota.

Non, non, Francesco non tornaba! Ao mellor xa estaba no furgón policial.

Xa non aturaba na cama; as mantas aburábana. Puxo os pés fóra e ergueuse sen facer ruído. Acabou de vestirse ás apalpadelas, abrigou as costas cun chal de la e saíu

da casa para respirar un momento na galería. Se cadra o aire húmido acougaría a súa ardente febre. No patio reinaba unha escuridade pecha. Só a canción obscena do borracho rompía o silencio, pero logo marchou. Luisina recoñeceu aquel paso grave e incerto e a voz rota. Onda o portón, parou e volveu cantar. Era o zapateiro que Piloni botara á rúa tras lle quitar os seus pobres trastes. Todas as noites pasaba por alí bébedo e detíñase a queixarse diante da porta pechada.

Debruzada na varanda, Luisina sentiu o golpe da chave que levaba no peto. Era a chave da casa de Francesco, que lle entregara a porteira cando rematara o rexistro do oficial. Pensou na vivenda baleira e magoouna o agoiro dunha eterna separación. Os sotelos reprimidos incháronlle o peito. O frío da noite entráballe nas veas e unha implacable malandanza enseñorábase do seu corazón. A superstición, tantas veces repelida, volvía atacala; arrepeníase de non facerlle caso á vella máxima que tanto lle repetira a súa nai: cando un ten mala estrela, por moito que faga non pode burlar o seu fado; debe renunciar a todo, encerrarse na casa, non levantar os ollos cara a nada, vivir como unha momia; esa é a única maneira de calmar o destino e espantar as desventuras que nos acosan. Que parva e presuntuosa! Acaso non tivera abondo coa primeira proba, coa traizón de Zibardi e coa morte do neno? Crera poder recomezar a súa vida porque un home bo, que lle demostrara un afecto sincero, pretendía converterse no seu apoio, casar con ela, darlle una vida feliz! Parva! Logo de tantos titubeos, deixárase vencer nun momento, esquecendo que dous desgraciados, ao se xuntar, camiñan máis axiña aínda cara á malura!

Mentres se afundía de tal modo no desesperado pesimismo, o seu corazón brincou cun rauto de alegría antes

case de que o seu oído captase con nitidez o novo rumor que se aveciñaba. Ficou un intre atendendo, coas mans pousadas no peito, sentindo como se ascendese dende o fondo dun barranco, devolta á vida por un sentimento inefable que escorrentaba os amargos presaxios.

A porta da rúa abriuse para se pechar decontado. Era el, Francesco! Recoñecería entre miles o paso lixeiro e firme de home afeito a camiñar polos tellados e as estadas das obras. Correu ao seu encontro e chamou por el:

—Francesco! Francesco!

—Luisina! Son eu, si!

Estricaron os brazos anhelosos nas tebras e abrazáronse. Uníronse dous peitos trementes; dúas bocas trepidantes achegáronse. As bágoas santificaron os bicos. Neles reinaba a ledicia e a angustia que pode albergar a alma humana. Porén, non falaban. As emocións só se expresan con bágoas, bicos e suspiros. Nunca se amaran así nin experimentaran tal xúbilo, unido a tan agudo tormento.

Naquel instante divino, o seu relouco tornara máis intenso por un supremo presentimento; a vertixinosa angustia que perturbaba o gozo das inconscientes almas viña de lonxe e superaba os límites do presente; pois xa non eran dous simples amantes que se reencontran, senón representantes dunha raza de parias, ebrios por acadar a soñada redención e amargados pola íntima certeza de que non a habían ver.

—Como está a túa nai? Que dixo? —preguntou ao cabo Francesco.

—Non sabe nada, dorme.

El respirou.

—Tes ti a miña chave?

—Si. Ordenei un pouco. Terías que ver como che deixaron a casa! Parecía a fin do mundo!

—Abre.

Entraron xuntos. Francesco acendeu unha lámpada. Entón ela descubriu a súa cara descomposta e a súa mirada de desazo. Levada por unha nova ansia, preguntoulle:

—Estás libre, non si? Libre de verdade?

El vacilou un instante.

—Estou libre... Pero se hai folga non o estarei.

—E que culpa tes ti?

—Seica debín advertir o patrón de que os traballadores preparaban a folga para o día seguinte á cubrición da obra.

—E acabastes de cubrila?

—Si. Hoxe que é domingo teremos o xantar prometido. O capataz aproveitará a ocasión para convencer os obreiros de que lles convén seguir co traballo, e eu tamén terei que falarlles nese sentido. Se fan caso, ben; se non, probablemente haxa altercados e arrestos. Entenderás que, como xa son sospeitoso, tamén me arrestarán a min...

—Así que foi el quen te acusou...

—Non me acusou porque non podía facelo, pero falou cun oficial amigo seu e deulle a entender que dubidaba de min porque non lle conto nada do que sucede e sempre estou serio... Coma se puidese estar alegre con el diante!

Tras algúns instantes de reflexión, Luisina dixo:

—Entendo que o odies, pero o teu odio non é nada en comparanza co meu! Non tanto porque me vendeu os mobles humillándome diante de todos, humillando a miña nai, que sufriu aínda máis ca min; iso podería esquecelo porque estou afeita a sufrir. Detéstoo polo que che fai a ti, e se che sucedese unha desgraza, xuro diante da imaxe da Beata Virxe que nos mira que te vingarei!

Francesco tornou aínda máis pálido e logo sacudiu a cabeza.

—Pobre Luisa! Que queres facer ti? Ao primeiro intento virían apresarte. Aínda non chegou a hora. Ademais, que é a dor que sufrimos nós fronte á que sufriron, sofren e sufrirán tantos e tantos milleiros de criaturas?

—Cadaquén mira polo seu! E somos maioría...

—Non abonda con ser maioría, cómpre entenderse e, para entenderse, fai falla ter un obxectivo xeral. Agora ben, este obxectivo non pode ser a vinganza persoal de cadaquén senón o ben de toda a clase. Por iso temos que sacrificar os nosos rancos persoais; a vida esíxeo! Cres que se esta idea non me frease, non mataría ese can? E non só a el, senón tamén o outro, ese viñateiro insaciable disfrazado de señor. Cada vez que o vexo, fêrveme o sangue... Non me importaría morrer por ter o gusto de esganalo... Pero non quero nin debo.

—Oh, Francesco, que bo es! —suspiraba a moza.

—Bo? Non che sei. Antes non o pensaría tanto; deixárame levar, dispararía e adeus. Agora sei que teño outros deberes. Recordas: o sangue que un pobre traballador da cidade ou do campo verte de forma deliberada, cae sobre toda a clase traballadora. As nosas vinganzas, as nosas accións violentas, mesmo se nos provocan, fan que retrocedamos moitos anos e atrasan o día da liberación. Debemos facer valer os nosos dereitos coa razón, vencer coa firmeza, coa calma eficaz. Pouco e pouco, a nosa causa penetrará nas outras clases; todos os homes intelixentes, fortes e xenerosos se unirán a nós, formarase un partido novo, inmenso, o partido da xustiza, e chegará a hora da reconquista, que quizais sexa terrible, pero probablemente sen mártires. Os mártires somos nós, esta xeración, outra talvez; nós, a avanzada, os pioneiros; nós,

que temos a obriga de traballar, de sufrir, de combater polos que virán, e non por nós. Esa será a nosa gloria.

Calou e ficou absorto, coma se este discurso o transportase lonxe, a outro mundo.

Raiaba o día. Apagábanse os farois. A fiestra do cuarto alumeábase coa claridade esvaída dunha mañá bretemosa. En San Pietro soaba a primeira misa. Coa fronte apoiada no ombro de Francesco, cunha fonda emoción, Luisina choraba en silencio.

—Por que choras? —preguntou o mozo con voz apagada, como saíndo dun soño.

—Non o sei. Ámote! Cando falas así, a túa voz chega á miña alma, e as túas palabras acéndenme. A min non se me ocorrería o que ti dis, pero cando falas, teño a impresión de que soñei algo parecido e esperaba que ti o explicases...

El mirouna con tenrura.

—Querida Luisina...!

Abrazouna e quedaron en silencio. Francesco foi o primeiro en romper o encanto.

—Tes que marchar —dixo liberándose da aperta—. Pronto estarán todos levantados. Se te visen saír de aquí, os dioxomes non acabarían nunca... Adeus!

—Adeus!

—Ánimo! Non esteas triste. O famoso banquete será ás tres; verémonos antes. Esta tarde iremos pasear. Deica logo.

—Non querería deixarte nunca... Teño medo!

Ela sorriu con dozura e abrazouno unha vez máis, como para contaxiarse da súa forza.

XIV

A CATÁSTROFE

Tras as expansións dun xantar regado a esgalla co viño gordo e pesado que os viñateiros milaneses lle venden ao populacho, os albaneis de Piloni separáronse perfectamente convencidos de que, polo momento, non pagaba a pena facer folga. A dicir verdade, a masa non tiña conviccións de ningún tipo; amansara coas discretas viandas, o abundante viño e as groseiras ocorrencias do capataz. Por outra banda, os líderes —os poucos que saben e pensan e aos que seguen os demais de maneira inevitable— comprenderan que era mellor esperar: non estaban listos e non contarían co apoio necesario. Dese xeito, o luns traballaron con máis celo ca adoito e a serenidade habitual.

Bitossi non sabía se alegrarse ou desesperar dos seus compañeiros. Luisina agardaba por el ao mediodía cas Martinelli, e este pensamento abondaba para serenar o mozo namorado.

Cada luns, Luisina axudaba a Sofia a limpar a casa, que se puña patas arriba o sábado pola tarde; logo cosían e alisaban xuntas.

Ao marchar, coma de costume, Diego dixera:

—Xa que hoxe está Luisina, virei con Francesco e comeremos todos xuntos.

Case unha festa!

Ao mediodía, Sofia parou de traballar. Estaba na cociña, preparando a mesa, mentres Luisina repasaba o estudio, onde nunca se acababa de quitar o po. Un ir e vir de xente animaba o patio. Algúns obreiros, os que acostumaban descansar os luns, enchían o mesón cos seus cantos e a súa algarabía. Outros, aqueles que nunca perdían unha xornada pero non se contentaban co pan seco nin coa polenta fría, entraban na taberna para comer unha escudela de sopa e beber un vaso.

Ao cruzar o patio, a señora Colombo viu a Luisina, que cepillaba unha esteira na fiestra do estudio, e achegouse a ela para parolar un anaco.

—Vaia lea! Vaise armar unha boa...

—Que pasou?

—O de Cesira! Non sabes que xurou vingarse cos maridos ou cos amantes de todas as veciñas? Non lembras que ela e mais a señora amarela se zouparon!

—Algo escoitei, pero non prestei atención.

—Claro, claro, coitada! Tiñas outras cousas na cabeza! Pois resulta que a señora Civardi saíu perdendo, e para máis, Santino, o seu noivo, xa non quere saber dela porque anda encaprichado con Cesira... Morre por ela. E Cesira non sabe que facer con el. Onte estaba na casoupa co ferreiro Mariani, que dende hai uns meses estaba namorado da maquinista, xa sabes, a señora Cleofe, esa mexeriqueira que agora vive na túa casa. Vaia lea! Pararir! Cesira aínda non tornou, o ferreiro non aparece e a señora Cleofe espera por el na ventá. Se levantas un pouco a cabeza, podes vela; está verde coma unha lagarta. Imos ter un escándalo, porque andan dicindo que o señor Luigi, o maquinista, tamén estivo con Cesira e que lle vai arrear un par de lapotes. Así marido e muller quedarán a pre. Secasí, o meu home vai informar, porque tales por-

calladas nunca se viran des que somos porteiros. Cesira deshonra a casa... Virxe Santa! Que pasa? Xesús!

Unha multitude de xente precipitábase na entrada e andaba a repuxóns na portaría... Eran obreiros descamiados, mulleres e nenos que gritaban e xesticulaban todos a un tempo. Luisina sentiu estas precisas palabras:

—Caeu a obra de Piloni!

O ferreiro Mariani, que entraba naquel momento, dixo cun ademán pausado:

—Si, derrubouse unha ala, pero non hai vítimas, porque como era mediodía, os obreiros estaban a piques de baixar. En canto á obra, era o seu destino.

E atravesou o patio rindo e botándolle unha ollada á señora Cleofe, que coqueteaba con el.

Sofia, que se achegara ao tumulto, berraba:

—Que din? Que caeu a obra? Diego sempre dixo que acabaría así!

Luisina tratou de acougala repetíndolle as palabras do ferreiro.

—Confíemos en Deus! Seguro que os nosos homes baixaron co primeiro toque do mediodía, sabendo que agardabamos por eles... Pronto estarán aquí.

Calou pola crecente ansiedade, coa esperanza de aliviar a súa pena axiña. Pero os minutos voaban con vertixinosa rapidez, e Diego e Francesco non aparecían. Entraron dous homes en bata. Sofia asustouse, e Luisina afirmou:

—Non son os nosos.

Eran dous marmoristas que non pertencían á obra de Piloni, aínda que viñan de alí. Un deles explicou:

—Hai dez vítimas..., quizais vinte!

Un urro formidable foi a resposta, un urro de terror, de angustia, de desespero.

As mulleres corrían, os que estaban na taberna saíron, as preguntas, as respostas, as expresións desoladas mesturábanse, cruzábanse sen senso nin orde.

O patio estaba cheo de xente que semellaba enlouquecida. Moitos se dirixían ás carreiras cara a Porta Venezia, curiosos ou alarmados. A dona dun carpinteiro que tamén traballaba con Piloni perdera o sentido. As mulleres rodeábana.

Luisina e Sofia, que seguían na fiestra do estudio, agarrábanse da man, tan absortas na mortificante espera que non oían as conversas da xente; tan atormentadas pola dúbida terrible que non se atrevían a intercambiar unha palabra nin unha mirada. Tremían, e as súas mans, por un impulso instintivo, apertábanse cada vez máis forte. De repente, Luisina sentiu exclamar unhas mulleres: «Coitada! Coitada!», e coidou que se referían a ela.

O vello albanel Berini entrara no patio mirando en volta cos ollos atemorizados e camiñaba ás cegas. Parecía máis eslombado do habitual e arrastraba as pernas. Cadora e cando alzaba os brazos ao ceo, coma se o puxese por testemuña dun feito increíble; logo deixábaos caer inertes ao longo do corpo e sacudía a súa gran cabeza coroada por cabelos canos. Todos calaban ao seu redor, impresionados, interpretando as súas entrecortadas palabras e os seus xestos.

Ao que descubriu un dos dous marmoristas que chegara un pouco antes, un seu amigo, Berini foi onda el e empezou a falarlle co ímpeto de quen precisa gritar para aliviar o seu ánimo conturbado.

—Sábelo? Sábelo? Non, imposible, non podes sabelo! Eu si. A fenda víase dende había unha semana. Dende que cargaron as trabes sobre esas paredes de polenta! Ben llo advertín a ese burricán. E sabes que me contestou?

Que era un covarde e un medorento! Covarde eu, figúrate! Esta mañá, ás seis, o primeiro que fixen foi ir ver a fenda: era enorme! Esperei que chegase esa besta, chameino e díxenlle: «Cómpre amañala», e el contestou: «Vai ao inferno! Non chega con estucala? Cando non a vexas, xa non terás medo». E botouse a rir. Agora sucedeu o que sucedeu, e non estamos todos mortos de milagre. E sabes que di el? Que a culpa é nosa, que traballamos mal por rancor e pola propina. Escoiteino eu! Pero cando viu que todos se rebelaban contra el, apurou a escapar! E non o han pillar!

Naquel intre soaron as doce e media. Luisina e Sofia saíron cunha idéntica e desesperada exclamación:

—Non os veremos máis!

Berini virouse e viunas; naquel intre, no seu rostro agromou tanta compaixón que as dúas infelices se sentiron fulminadas. Así que era certo! Certo! O terrible agoiro non as enganara!

—Giovanni! —chamou a alisadora—. Giovanni!

Mais o vello non escoitou aquela voz moribunda, ou non quixo escoitala para non responder cunha palabra fatal á pregunta desesperada, e afastouse para comunicar noutra parte a funesta nova e o seu pesar de obreiro honesto e dilixente, o seu rancor de vello insultado e escarnecido por un cínico.

—Vamos! —berrou Sofia erguéndose con enérxica resolución—. Imos buscalos... Ven, Luisina...

Luisina, paralizada polo espanto, non era quen de moverse. Acontecíalle como tantas veces sucede nos sonhos, cando un se sente perseguido por un inimigo, ou ameazado por un perigo, ou espera con ansia por unha persoa querida, e quereda voar, pero as pernas viran pesadas, non se moven e parecen estar cravadas ao chan.

—Non podes correr, Luisina? —preguntou Sofia desesperada—. Acompañame, apóiate en min; cando esteamos fóra, colleremos un coche. Móvete, por caridade! Quero ir onda o meu Diego, eu...

Cun esforzo supremo, Luisina intentou dar uns pasos. Cruzaron o patio e saíron. Sofia termaba da súa amiga, case a arrastraba.

Un cocheiro que transitaba sen carga invitounas a subir na súa tartana.

—Ao Lazareto! —berrou Sofia ao que sentaron.

O condutor comprendeu do que se trataba e fustrigou o cabalo.

Xa todos coñecían a nova e non se falaba doutra cousa.

Nas beirarrúas, os transeúntes paraban, amoreándose ao redor dos mellor informados, que narraban os detalles da desfeita. E aquelas dúas mulleres despeiteadas, chorosas, apuraban e eran seguidas polas miradas curiosas que se condoían delas.

A cada pouco saía un albanel ou un aprendiz por un atallo, correndo, pálido, asfixiado, coas roupas goldrentas. Deseguida a xente o arrodeaba e o interrogaba. As respostas eran lacónicas.

—Salvado! Vou á casa coa muller, para que acouguen. E marchaba.

—Os nosos están mortos! —exclamou Sofia en certo momento, saloucando con máis forza—. Se non estivesen mortos, xa saberían do seu paradiro...

—Non! Non é verdade! —gritou Luisina, cun desesperado aceno de negación. Ese mesmo pensamento se lle ocorrera a ela, pero rexeitábao con toda a súa alma. Ai se estivesen mortos! E a ameaza que se presentaba, clara e terrible na súa conciencia, escurecíalle a fronte e relucía sinistramente nos seus grandes ollos aveludados.

Na ponte de Porta Venezia viron unha muller que corría case sen folgos, coa cara empapada de suor e os cabelos apegados ás tempas; tropezaba e ás veces caía, pero atopaba forzas para levantarse e volvía correr coma unha tola.

—A señora Tamburini! —dixo Luisa—. Pobre, está desfeita!

Alcanzárona; pararon a carruaxe e fixérona subir. Decorreu un tempo até que a desgraciada comprendeu. Cando sentou e recoñeceu a Luisina Terragni, quixo agradecerllo, pero non puido. Dos seus beizos só saían sons rotos e palabras confusas.

Nas inmediacións do desastre, o cocheiro tivo que reducir a marcha por mor da multitude. Rogaba que o deixasen pasar, que as mulleres que levaba tiñan os seus homes debaixo das ruínas e devecían por velos. A multitude aterrorizada miraba aquelas infelices e abría camiño.

A obra estaba diante delas e semellaba intacta, xa que a fachada non sufrira dano ningún. Porén, a xente arremuiñábase, observando con atención aquel muro furado por tantas fiestras que nada revelaban da terrible traxedia. Quen podía, pasaba ao outro lado; outros subían aos tellados das casas veciñas.

Ao cabo, tras longos esforzos e moita paciencia, o cocheiro entrou coa carruaxe no lugar do accidente. Tiveron que parar a uns metros de distancia, preto dunha corda tendida. As mulleres ficaron un instante contendo a respiración, agoniadas, conmovidas, incapaces de erguerse, aniquiladas polo horrible espectáculo ao que se enfrontaban.

No espazo inmediato, circundado por mulleres que choraban e berraban con desespero, dous cadáveres xacían na terra coa cabeza esmagada, irrecoñecibles.

Soldados e traballadores ían e viñan con cestas e cubos, trasladando o material escavado. Os labores de salvamento tiñan lugar máis alá dunha parede alta, porque a derruba se producira no interior. Os pisos afundíranse un sobre outro, e aquelas enormes moreas de trabes, ferramentas, pedras e cascallos romperan co seu peso a bóveda do soto que caera xunto aos cimentos. Das catro paredes de carga, que formaban o cadrado, unha, a que daba ao patio, partida de arriba á abaixo, ameazaba con derrubarse por completo; as outras seguían en pé, pero con grandes fendas aquí e alá.

Temíase que a obra caese no improvisado barranco. Por todas as partes había bombeiros, soldados, obreiros guiados por algún experto albanel e enxeñeiros municipais, ben ocupados nos labores de salvamento, ben pendentes de impedir novas ruínas e de eliminar o perigo.

Do capataz Piloni non había nin rastro. Algúns afirmaban que o viran escapar; outros, en troques, aseguraban que aquela mañá non saíra da casa, e mesmo había quen contaba que, non ben soubera do ocorrido, collera o tren.

Un home descarnado tirárase sobre un montón de ferralla e ficara deitado e atordado.

—O socio! —murmuraban algúns, sinalándoo.

—Pobre home!

Chegaban decontino novas carruaxes das que baixaban xornalistas, autoridades da cidade, oficiais, enxeñeiros, capataces, cabaleiros, acredores de Piloni... Luisina e as súas acompañantes tamén se apearan e esperaban que as deixasen pasar en calidade de mulleres dos homes encargados da obra dos que non se tiñan noticias.

Naquel momento, un dramático episodio atraía a atención xeral. Ao ver que había perigo de que o muro

desmantelado se derrubase, e co medo a novas desgrazas, suspendéranse as escavacións e arredárase a xente para que os bombeiros puidesen tirar aquela ameazante parede. Entón, un rapaz duns doce ou catorce anos apareceu nunha fiestra do terceiro andar chorando e pedindo socorro de maneira desesperada.

Fíxose un silencio de morte. Logo, decontado, xurdiron uns berros confusos:

—Cae! Vai caer!

—Cae, cae!

Unha voz imperiosa ordenaba:

—Alí, alí! Fóra! O muro vai romper e todos quedaredes sepultados!

A xente recuou. Pero intres despois, arrastrada por unha forza superior ao instinto de conservación, tornaba ao lugar de antes para volver ver aquel mozo, cuxas pobres mans violáceas, paralizadas, se soltaban aos poucos.

—Aguanta! —berrábanlle algúns, coa esperanza de ser oídos—. Agárrate forte! Espera! Agora van!

—Atrás, cona! Atrás! —repetía a voz imperiosa.

Pero perdía o tempo. Ninguén pensaba en si mesmo. Aquel mozo mantíñaos co corazón nun puño.

No entanto, un bombeiro trataba de colocar unha escaza, cousa ardua e perigosa con aquela parede medio derrubada. Tan pronto como o conseguiu, lanzouse, rápido pero seguro.

A multitude continúa o alento. Deseguida chegou á altura do rapaz, agarrouno e comezou a descender, entre aplausos e gritos de admiración.

—A ver se agora non cae o muro! —xemían os máis asustados.

Moitos recoñeceran no mozo a Ernesto Miani, e un albanel contaba que no momento da catástrofe estaba

debaixo do tellado canda dous máis, comendo; víraos el e temía que os outros dous estivesen sepultados.

Non ben o mozo tocou o chan, unha muller abalan-zouse sobre el cun berro. Era a pobre señora Tamburini, que dera en tola por cousa do terror. Figurábase que era o seu Carlino e achegábase con desespero a aquel mozo que non a coñecía e trataba de liberarse da súa aperta cun aceno de noxo.

—Pobre señora Tamburini! Perdeu a cabeza! —dixo un albanel.

—É a nai de Carlino e de Pietro? —preguntou de súpeto o rapaz—. Estaban comigo. Caeron ao fondo... Vinos... Só eu puiden agarrarme ao gancho...

E espavorecido de novo, saloucou entre convulsións.

A señora Tamburini mirou ao redor cos ollos regalados e estalou nunha risa estarrecedora.

O estrondo e a densa poeira que levantara un gran anaco do muro que os bombeiros abateran, dispersou por un momento o xentío e afastou a tola da curiosidade xeral. A confusión aumentaba.

Os albaneis, que sabían que había outros compañeiros baixo os cascallos, puxéronse a escavar cos soldados.

Sofía e Luisina adiantáranse.

—Diego! —gritou Sofía cunha alegría desbordante ao descubrir o escultor, que traballaba con empeño co sacho—. O meu Diego!

—Sofía!

Abrazáronse chorando, sen deixar de rir, articulando palabras inconexas.

Cando viu a Luisina, Diego case sentiu vergoña da súa sorte, palideceu e quedou mudo.

—E Francesco? —preguntou a moza coa voz rota.

—Non está aquí? Onde irá...?

Diego buscaba una frase que ocultase o horror da verdade; mais non lograba atopala.

—Está morto? —gritou ela interpretando aquel silencio da maneira máis trágica.

—Morto...? Esperemos que non....

—Está alá abaixo!

E, como ebria, meteuse entre os soldados. Un momento antes, cando preguntara se estaba morto, no fondo da alma mantiña a esperanza oculta de que alguén lle respondese: «Non, está a salvo!». Agora, aquela esperanza desaparecera e a terrible verdade non deixaba lugar a dúbidas. Estaba alí, debaixo daquela morea de cascallos, no barranco, e se non morrera, estaba sepultado vivo! Cada instante que pasaba arrastraba consigo, ao irredimible pasado, o último anhelo daquela vida.

—Aquí! Aquí! —gritou un soldado, chamando polos seus compañeiros, e todos correron onda el.

—Leva de aquí a Luisa —suxeriulle Diego a Sofia.

Luisina escoitouno e con voz moribunda suplicou:

—Non, por favor! Serei forte!

Sofia estreitouna entre os brazos.

Tiñan que apartarse un pouco. Reinaba un silencio lúgubre, só interrompido polos xemidos das mulleres e polo rumor monótono dos sachos. Os escavadores ían amodo, calculando cada golpe, observando o terreo, controlándose, ás veces paralizados polo medo a danar os que desexaban salvar.

Alí había señores, nobres, ricos, destacados representantes das clases altas, que se confundían cos pobres escavadores e os peóns esfarrapados e sucios. As insuperables diferenzas sociais parecían desaparecer, coma se a dor humana, suprema liberadora, as cancelase dun só golpe.

Outro berro arrepiante resoou entre as ruínas e un home, a sombra dun home que semellaba saído de debaixo da terra, cuberto por completo de po e bulleiro, lanzouse sobre dous pequenos cadáveres que os soldados depositaban con delicadeza sobre unhas angarellas.

Os albaneis, ante a dor do mísero Tamburini, sentían un inconsciente respecto por aquel home, tantas veces desprezado polos seus vezos e os seus desatinos.

Tras aquel bramido desesperado, nin sequera emitía un xemido; fitaba os dous mortos, terriblemente esnaquizados. E a súa mirada e o seu rostro descomposto revelaban o seu tormento.

A triste nai estaba algo máis lonxe, ao fondo do patio interior, preto do coche onde depositaran os dous primeiros cadáveres: tiña a mirada perdida, estaba trastornada, indiferente.

Os restos dos dous irmáns, aqueles mozos até poucas horas antes tan barulleiros, alegres e cheos de vida, foron trasladados noutro coche, envolvidos nun pano para que os seus membros non se dispersasen. Foi entón cando o pai e a nai cadraron un instante fronte a fronte.

—Ti? —gruñiu a tola recoñecendo o marido e recuperando a fala por uns momentos—. Ti?

E abalanzouse sobre el, cos puños pechados, baténdolle na cabeza e na cara con golpes cheos de carraxe. Naquel corpo esgotado manifestábase unha estraña e impetuosa forza. O home deixábaa facer sen defenderse, sen nin sequera esquivala, cos ollos fitos nos dous pequenos mortos cos brazos inertes.

Os detalles do tráxico episodio dos dous rapaces pasaban xa de boca en boca entre a multitude ávida de novas que se amoreaba ao redor do espazo delimitado, estendéndose, algo menos densa, polas avenidas e as demais

prazas de Porta Venezia. Os máis próximos empurrábanse cos cóbados, superando calquera atranco para ver a desgraciada nai e os dous rapaces mortos.

O xentío aumentaba minuto tras minuto.

Ao cabo, os dous coches puxéronse en movemento, e un enxame de xente foi detrás. Un aluvión irrefreable separou a tola do seu marido e non poucos a zarandearon brutalmente sen saber que se trataba da muller que esperara a súa tenrura. Á fin, algúns compasivos recollérona e conducírona ao hospital.

As escavacións continuaban. Unha tenue esperanza renacía na alma de Luisa. Talvez Francesco non estaba morto nin sepultado vivo, talvez lograra fuxir. Se cadra, mentres ela agonizaba ante a terrible expectativa de ver como o sacaban de debaixo da terra, morto ou moribundo, el correra á casa na súa busca para dicirlle: «Estou aquí, a salvo!».

Mais aquela esperanza morreu no seu corazón por segunda vez ao ver a cara aflixida de Martinelli.

—Quen falta aínda? —preguntou un cabaleiro da prefectura.

Un empregado municipal, que tomara nota dos nomes dos que non responderan á chamada, mirou a listaxe e dixo:

—Só pode faltar un, un tal Bitossi, aínda que talvez escapou co primeiro susto e poida que apareza... Xa apareceron cinco dos que non respondían.

—Pero a Bitossi non o viu ninguén —apuntou un dos axudantes.

O nome de Bitossi voou de boca en boca. En baluto. Ninguén recordaba velo despois do desastre senón moito antes, e todos querían precisar: estaba no faiado, nas escaleiras, no tellado, no soto... Non se puñan de acordo,

perderan a memoria e só coincidían nisto: antes si, pero despois non.

Martinelli non se atrevía a dicir o que pensaba. Vía a Luisina alí diante, e aquela face branca, desfeita, aqueles ollos ardentes pola febre arrebatáronlle o valor. Para el non existía dúbida ningunha: Francesco xacía alá abaixo, enterrado. Lembraba velo no momento da catástrofe, en canto o ancián Berini, sempre atento, sempre vixiante, dera en berrar: «Rapaces, á obra vai ao inferno!», correndo coas súas vellas pernas coma un mozo de vinte anos.

Todos escaparan ás toas pola escaleira grande, e Bitossi debía marchar con eles, xa que estaba a poucos pasos. En cambio, quen sabe por que razón, non os seguira. Probablemente, dende o lugar no que estaba, pensara que baixaría antes pola escaleira C, a que caera xusto despois.

Ao que se recuperou da terrible tolemia que o fixera correr sen reflexionar canda os outros seis ou sete que se salvaran con el, o bo Martinelli buscara o amigo crendo que andaba por alí. Pero cando lle dixeron que Francesco non escapara con eles, sentiu o mesmo terror que sentira antes co formidable ruído das traves esnaquizadas, coas paredes derrubadas dos cinco andares afundidos, e, no canto de escapar, volveu coa mesma furia ao lugar do desastre e xa non se moveu de alí.

Agoniábao unha dúbida: que Bitossi non quixese salvarse. E como as horas pasaban e a última ilusoria esperanza de que Bitossi fuxise a outra parte esmorecía, a dúbida mudaba nunha arrepiante certeza. A forza de pensar, o escultor compenetrábase co estado de ánimo do seu amigo e comprendíao todo. Sabedor dos enredos de Piloni, Bitossi debeu esaxerar a súa responsabilidade, de maneira que a angustiada axitación da súa conciencia alterada foi tan poderosa nel que paralizou a forza do

instinto. No canto de fuxir, pensara nos compañeiros en perigo e correra a salvarlos.

Entrementres acontecera a catástrofe; os cinco pisos afundíranse, e el quedara tristemente sepultado.

XV

NAS RUÍNAS

Tras unhas horas de interrupción, retomáranse os labores de salvamento.

Os soldados aquendábanse a horas fixas. Tamén os presentes mudaban. Só Luisina, Diego e Sofia seguiran alí, impasibles, todo o día, toda a noite, sufrindo unha longa e cruel agonía atravesada por vívidos intres de tolas esperanzas que axiña se extinguían coma fogos fatuos.

Berini tamén aparecera, e coas súas indicacións dirixía o traballo dos escavadores. De cando en vez, como obsesionado por unha idea fixa, repetía as palabras do capataz: «Se a fenda lle dá medo, cúbraa; así non a verá e xa non terá medo».

A aquela altura, entre os ilesos, os feridos e os mortos atoparan a todos os obreiros... agás a Bitossi. Só faltaba el, e só se seguía escavando por el: vivo ou morto, había que atopalo. Arrepiante certeza.

O pobre Piola mostrábase apalermado, sen atreverse a moverse nin a falar, acuruxado nunha esquina, e tan apoucado que ninguén reparaba na súa presenza. Ao chegar a noite, pareceu abandonar o seu atordamento e comezou a deambular coma unha sombra ao redor das ruínas daquela casa que tanto estimaba, fonte de descontroladas ambicións, transformada de súpeto no vórtice

que tragaba o froito de toda unha vida chea de traballo e sacrificios.

Dominado pola atracción irresistible do horror, achegouse ao grupo dos que escavaban e observou aquela truculenta escena, fantásticamente iluminada polos fachos. Oculto na penumbra, escoitou as monótonas imprecacións de Berini, viu as bágoas esvarar en silencio polas fazulas afundidas de Luisina Terragni, contemplou o pesadume de Sofia, a paciente laboriosidade dos soldados e a intensa dor de Martinelli. Viu e comprendeu. Espavorecido, incapaz de estar quieto, deu volta de socato e empezou a errar de novo coma un borracho.

Andaba de cacho para cribo sen propósito nin meta; paraba sen razón aparente e ficaba inmóbil media hora, contemplando a parte da obra que quedara en pé pero en perigo de caer. Pronunciaba palabras inconexas, facía cálculos cos dedos, golpeaba a cabeza, caía abatido na poeira para a seguir erguerse dun salto e camiñar con paso resolto, coma se tomase unha gran determinación que quedaba en nada.

A noite era marabillosa. Contra as dez saíu a lúa e arxentou a paisaxe deitando unha falsa pinxelada de idilio alí onde as máis baixas paixóns ensanguentaran a terra. A auga do Redefossi coruscaba como aceiro brunido ao pé do bastión coroado cos seus castiñeiros, aínda ategados de follas amarelas.

Na avenida da circunvalación e en todo o barrio do Lazareto, o xentío, malia que disipado, persistía. A nova da desgraza, difundida xa en toda a cidade, provocara unha conmoción extraordinaria. Novos curiosos achegábanse para contemplar as ruínas. Os que pasaban por alí por casualidade, en carruaxe ou a pé, tamén paraban. E cadaquén tiña o seu comentario, sensato ou absurdo,

case sempre inxurioso para os capataces en xeral, para os dous propietarios da obra en particular, para os enxeñeiros do municipio ou para os tempos modernos.

Ambrogio Piola, agochado entre as sombras, asistía aos discursos e aos xuízos, xustos ou disparatados; escoitaba os insultos. E sentía dicir o seu nome, até entón limpo, mesturado co do deshonesto especulador, o ladrón do que fora vítima. Que podería facer para convencer o mundo de que el non tiña culpa ningunha daquela catástrofe, de que Piloni lle endosaba como mercadorías de primeira calidade aqueles materiais vellos e cativos?

O proceso... Si, seguro que habería un proceso, e el contaríao todo e demostraría as súas afirmacións con testemuñas para se desculpar e salvar polo menos o seu honor, o único ben que lle quedaba. Deste xeito animábase, imaxinando unha solemne reivindicación.

Máis tarde, contra a medianoite, cando a multitude se dispersou e só ficaban algunhas rodas de xente, o desafortunado empresario sentiu unha conversa que destruíu a súa última ilusión. O seu bo nome perdérase, coma o resto.

Os que falaban eran cinco ou seis señores, evidentemente moi experimentados nos negocios. Se cadra algún era enxeñeiro ou arquitecto ou capataz; en calquera caso, as súas palabras eran de persoas que xulgaban con coñecemento de causa. Piola escoitaba con grande atención, xa que algunhas daquelas voces lle resultaban coñecidas. Tras varias observacións asisadas, un dixo:

—Vaia burro, ese Piola! Deixarse enredar dese xeito tan estúpido, non se decatou de que as cousas ían demasiado apuradas!

—Ese malpocado non entende nada de construción!
—interveu outro, disposto a compadecelo.

—Daquela por que se meteu? Debeu conformarse coa empresa, que lle rendía discretamente. O feito é que quixo enriquecerse para pagar os caprichos da guapa muller que o recompensa como é debido!

E o grupo marchou rindo, coa serena indiferenza de quen ten a súa casa establecida e non quere saber das penas alleas.

O fabricante de cementos xa escoitara de máis. O mundo semelláballe desapiadado; a vida, odiosa. Retornou sobre os seus pasos, rozando os muros; internouse nas tebras do Lazareto, entre as demolicións; vagou polos amplos espazos, preparados para acoller novas construcións e rúas. Chegou até o camposanto de San Gregorio e viu luz no depósito; pensou nos catro mortos que esperaban por outro compañeiro de desventura para ser trasladados a outro cemiterio, e acometeuno un novo terror que o conduciu de novo cara ás ruínas, alí onde os soldados e os albaneis seguían escavando e Luisina esperaba dende había tantas horas que sacasen o corpo do seu Francesco.

Era noite pecha. A gran cidade estaba en calma, durmía, pero como os antigos imaxinaron que durmía Argos¹¹, alucando as tebras con algúns dos seus ollos. Xa non había boureo de carrozas nas rúas desertas, nin algarada de voces humanas alegremente locuaces, nin sons de instrumentos nas tabernas, nin ledas cancións. Só, a intervalos, preto ou lonxe, as pisadas dalgún noctámbulo apurado que camiñaba asubiando

¹¹Consonte a mitoloxía grega, Argos Panoptes era un xigante ao servizo da deusa Hera con múltiples ollos, xa que logo, un efectivo gardián, pois só algúns durmían mentres o resto deles ficaban espertos. Segundo recolle Ovidio nas *Metamorfoses* e Apolodoro na *Biblioteca mitolóxica*, para lle agradecer os seus traballos, Hera fixo que os mil ollos de Argos ficasen para sempre nas colas dos pavóns.

para espantar o aburrimiento daquel silencio e daquela soidade. Ningún outro ruído determinado ou recoñecible, agás o asubío dalgunha locomotora e os tristes e sinistros golpes dos ciceis e dos picos no barranco da casa derrubada. E na contorna, arriba e abaixo, un murmurio, xordo, indistinto, un rumor inaprensible e oprimente, coma a respiración poderosa dun monstro durmido.

Luisina non se afastaba nin un momento dos que escavaban, e Sofia non quería abandonala. Ambas as dúas, extenuadas, non dedicaban un pensamento para si. Se alguén lle aconsellaba que marchase á casa para descansar, Luisina retrucaba:

—Como vou marchar agora, despois de levar aquí tanto tempo? Agora que estamos acabando e pronto atoparán o meu pobre Francesco?

E as súas palabras resultaban tan conmovedoras que ninguén se atrevía a insistir.

A súa alma aflixida deixábase arrastrar por unha fugaz esperanza que aguzaba a súa pena. Coa canseira, a dor mudara; ao chegar ao límite, o sufrimento moral tornaba case exclusivamente físico. Así, xa non pensaba na separación eterna, nin no amor perdido, nin no derradeiro soño de felicidade destruído sen remedio. O pensamento, e o que denominamos sentimento, estaban vencidos e esmagados. Unha única imaxe arrepiante ocupaba a súa mente convulsa: Francesco, xa cadáver, sanguinolento, deformado, portando as trazas irrefutables dunha longa e espantosa agonía. Logo o pesadelo mudaba e viraba aínda máis oprimente: os restos informes daquela criatura xa non eran un cadáver: a vida animaba aínda aquel tronco horriblemente mutilado, e unha afición sen nome convulsionaba as faccións do rostro que ela tentaba recoñecer.

—Francesco! Francesco! —gritaba fóra de si, rozando a demencia.

—Aínda nada! —anunciaba o vello albanel coa voz apagada.

Os picos e os sachos continuaban escavando.

Aínda nada. Nada.

Nos momentos de delirio, Luisina sentía de verdade, na súa cabeza e en todos os seus membros, as torturas que imaxinaba. Entón desexaba instintivamente que Francesco morrese rápido e que o seu corpo non se atopase. Todo antes que velo naquel estado e ter a horrible confirmación da súa eterna e terrible agonía.

Coas primeiras luces da alba, un bombeiro que se internara nos cimentos berrou con voz afogada:

—A min! Axuda!

Luisina adiantouse a primeira; un ímpeto desesperado devolveulle a forza e o valor.

—Francesco! Francesco!

—Aquí, aquí...! —berraba o bombeiro.

—Tede coidado!

—Por caridade! Aínda respira! Coidado!

—Oh, Francesco! Francesco!

Non paraba de repetir o seu nome, que se convertía nun urro, nun sotelo que lle rompía o peito.

Moi amodo, con infindas precaucións, os bombeiros e os soldados levaron o sepultado vivo ao exterior das ruínas e deitárono nunhas angarellas. Todos os asistentes o arrodearon, pálidos, ansiosos, cos ollos arrasados. Tamén os pobres soldados choraban, e o intenso frío da alba outonal xeaba a suor nas súas fronteas. Ninguén se atrevía a falar. Só Luisina, que sen reparar en nada e axeonllada preto das angarellas, repetía o seu berro lancinante:

—Francesco! Francesco!

Francesco xacía inmóbil e os seus membros parecían intactos, pero as roupas enmarañadas no ventre, cubertas de sangue e area, indicaban a horrenda ferida. O médico inclinouse sobre el, examinouno e, tras se asegurar de que respiraba, tratou de reanimalo. A ollada coa que Luisina seguía todos os movementos do doutor facía estremecer os presentes.

—Francesco! Francesco!

Ao cabo abriu os ollos e a primeira mirada vaga, velada, chea de morte, foi para ela, que sufría. Pasado un instante pareceu recoñecela. Os pálidos beizos axitáronse e cun enorme esforzo todos os nervios da face se moveron, pero a voz non chegaba.

Luisina anicouse sobre el coa intención de recoller aquel confuso murmurio. Bicouno con tenrura e reloucou ao sentir o seu bico. Radiante, estivo a piques de berrar:

—Estás a salvo! Sandarás!

Pero non ben viu a boca, pechada no bico e crispada por mor dunha convulsión, e as súas turbias meniñas desaparecer nas órbitas dilatadas, o terror estarreceuna.

—Francesco! Non morras! Non me deixes, Francesco!

El pareceu comprender. O rostro escuro traizoou un último esforzo terrible, que esmoreceu coa súbita parálise.

—Morre! —sentenciou o médico.

Aínda o acometeu unha convulsión suprema e o estremecemento de todo o seu corpo, e despois, o nada: a eterna rixidez.

XVI

DESPOIS DOS FUNERAIS

A multitude tornaba do cemiterio, unha enorme e rumorosa riola de xente. Os funerais dos pobres albaneis, segundo todos afirmaban, extraordinarios, mobilizaran media cidadanía. Cantas flores, cantas bágoas en verdade desesperadas, cantos discursos..., e canta retórica oca! Infindos os comentarios.

—É unha lección para as autoridades —aseguraban os máis inxenuos—, que lles deixan demasiada liberdade aos estafadores.

Os escépticos da plebe, os auténticos e completos escépticos do universo, respondían devagar, sen asomo de indignación:

—E que queredes que fagan? Teñen outras cousas nas que pensar. Pasado o fervor, morra o conto e a seguir adiante coma outrora...

Luisina non se movera da casa, onde a encamara unha quentura ardente. A nai e Sofia Martinelli miraban por ela con constantes atencións.

—Con tal de que non se lle ocorra ir ao cemiterio! —dixera a boa Virginia ao final da mañá, temendo calquera mal debido á sobreexcitación dos funerais e crendo, en troques, que conxuraría o perigo se conseguía que quedase na casa aquel día.

Porén, Luisina non manifestara vontade ningunha de moverse, conservando unha calma sorprendente que o médico atribuíña ao esgotamento nervioso e as mulleres á Virxe de San Bernardino.

As veciñas, atraídas pola curiosidade, paraban na galería, mesmo no limiar da casa, e murmuraban como parciais atarefados. A porta entornada abríase cada pouco, e as máis atrevidas facían unha visita. Ao que volveron, Virginia e Sofia, interesáronse por coñecer os detalles do grandioso espectáculo ao que non puideran asistir por atender a Luisa.

—Tiñades que velo! —exclamaban as mulleres cos ollos radiantes de entusiasmo.

Sen alzar a voz, as máis elocuentes describían as maravillas das cinco carruaxes, tres grandes e dúas pequenas, o esplendor e a gran cantidade de coroas e flores raras, en particular no coche que levaba a Bitossi.

—Pss! Que Luisina non escoite, polo amor de Deus! —advertían sinalando cara á enferma.

—Dorme... Ten unha febre endiañada!

—Pobre rapaza!

—E as carrozas! Non o crierades! Cando menos, cen do padroado, ademais dun luxoso landó... Unha regalía! Nunca se viu cousa ao paso!

—Cinco bandas! Que fermosura! Nunca tal acontecera! Todos choraban!

—E a señora Tamburini?

—Coitada! Está no hospital e segue a delirar —respondía a señora amarela con delicadeza e bondade—. Fun a ver. Querían mandala ao manicomio de Mombello, pero non houbo caso porque morrería polo camiño.

—Mellor se non entende nada —dixo esbagoando Virginia, cunha expresión eslamiada que encollía o corazón.

Cesira, que naqueles momentos solemnes esquecera as súas vinganzas persoais, narraba con moita animación que estivera ao lado do señor Tamburini, no camposanto, cando os enterradores baixaban as caixas dos carros. Ao que vira os ataúdes, pegara un berro e tirárase enriba deles, sen permitir que ninguén os tocase. Parecía un animal, embarrado até os cabelos; tiveron que levalo a rastro. Ao ver aquilo, era imposible conter as bágoas. Choraban até os sepultureiros, até os gardas da policía!

Aquelas mulleres bagullaban ao lembralo, esquecendo as bandas, as carrozas, as flores e todas as magnificencias que tanto as distraeran.

—Sobre o cadaleito de Bitossi —interveu a señora amarela, interrompendo a Cesira— falou un señor, un importante, do municipio...

—Non tal! Era un obreiro!

—Eu digo que era un señor!

—Pss! Calade, que espertou! Facede o favor de saír.

Con paciencia, Sofia conseguiu baleirar a casa, invadida por aquelas contiñeiras, aínda que Luisa estaba esperta e o escoitara todo.

—Sofia, chama un momento a Cesira...

—Oh, Luisina! Para que queres saber máis? O doutor recomendou...

—Rógocho, Sofia, chama a Cesira.

E Cesira Bellincioni acudiu.

—Estou aquí, Luisina. Estás mellor?

Sen responder á pregunta, a enferma incorporouse, colocouse de costado e, apoiando o brazo na almofada, acomodouse para charlar. Quería saber que se dicía do capataz, do famoso Piloni. Non o arrestaran?

—Si, ho! Nin en soños! Se fose un pobre arrestaríano axiña. Aínda que dixeron que o ían deter, adiárono

tanto que lle deron tempo a cispar sen pedir pan para o camiño...

—Escapou?! —berrou Luisina pálida de indignación.

—Non creo. Disque o levaron, pero estou certa de que está tranquilo na casa.

—Como o sabes? —preguntou Sofia inxenuamente.

—Seino. Está pechado na casa amañando as contas, ou o que é o mesmo, facendo desaparecer os cartos. Entrementres, declarouse en creba; así non paga danos e non responde de nada. Seica Tamburini ía matalo, pero o porteiro non o deixou pasar. Créoo ben, con esa cara! Se eu tivese que vingar a alguén, sabería como atopalo!

—Como? —preguntou a enferma cunha simulada indiferenza.

Cesira vacilou un momento: ollou a señora Sofia, que a fitaba seguido e logo, encolléndose de ombreiros e cun sorriso de malicia, continuou:

—Cumpriría unha muller nova e bonita. Nese caso, abondaría con presentarse con aire de apuro, desavezada, e dicir: «Mándame a señora Candida da rúa Alciato». Meu dito meu feito. Hai orde de deixar pasar a carne fresca, como onda o famoso viñateiro de Porta Romana.

Esta alusión a Zibardi fixo brillar os grandes ollos negros no rostro pálido da alisadora que, sen mostrarse conmovida, preguntou:

—Como! Mesmo nestes momentos?

—Xaora! Por que ía mudar os seus costumes? Total, arrestalo non o arrestan, e de aquí ao día do xuízo e da condena, se é que chegan, pasará tempo! Cando se trata de señores van amodo.

Luisina calou; fixo un lixeiro aceno coa cabeza e deitouse sobre as almofadas, coma se xa non puidese aguantar máis a canseira. As súas pálpebras pecháronse pase-

niño, ocultando a mirada que lle dirixía a Cesira Bellinioni cunha intensidade extraordinaria. Esta esbozou un sorriso, despediuse e retirouse «para non molestar».

Tamén Sofía, ao ver que a súa pobre amiga parecía durmida e precisaba descanso, pensou en confiala aos coidos da nai. Xa lle tardaba estar co seu Diego, que xa debiera volver do cemiterio con gran necesidade de consolo.

A soas coa nai, Luisina seguiu finxindo que durmía, mentres un pensamento constante a mantiña desvelada e ía madurando na súa mente.

Dende o primeiro momento, despois da morte de Francesco, cando a separaran do cadáver e a levaran á casa case delirando, agromara nela a terrible idea da vinganza. A debilidade e o abatemento non lle permitiran tomar unha decisión. Ademais, pensaba que a xustiza debería castigar o culpable: a vinganza solemne da sociedade, o calvario público e infamante do reo, parecíalle unha satisfacción debida ás familias das vítimas, a toda a clase traballadora.

A amarga experiencia nos asuntos humanos aínda non lle arrebatara a fe, pero as palabras de Cesira demostráranlle que non podía contar cos demais e iluminaran a súa conciencia. O que pensara e desexaba de maneira confusa dende había máis de dous días adquiría agora unha forma máis determinada.

Desexaba a morte daquel home: sangue por sangue. Mellor se os tribunais non se inmiscían. A súa sentenza sería demasiado clemente, mesmo irrisoria, fronte ao mal que fixera. Mellor que non pasase nada. Así ela podería intervenir con máis razón, castigar con maior dereito. Esa palabra, «dereito», e as ideas que espertaba na súa alma aflixida fixeron que reaccionase e suscitaron as súas cavi-

laci3ns. Dereito? Dereito a asasinar un home? A cometer un pecado tan grande?

Fragmentos de conversas, de frases, de discursos... As palabras de Francesco danzaban na súa mente e deixábanas perplexa e indecisa.

Pero a imaxe de Francesco agonizante, sanguinolento, coa cara case irrecoñecible que se lle presentaba de continuo con tremenda claridade, afastaba cada dúbida, cada perplexidade. Tiña que vingalo, dado que ninguén o vingaba. O home que tanto dano lle fixera a Francesco e causara a súa morte canda a daqueloutros coitados debía ser castigado. E se ninguén o castigaba, se a xustiza pública non se ocupaba de facelo, quería dicir que lle tocaba a ela, só a ela, que era o seu dereito e o seu deber. Aquel pensamento procedía de Deus; a Virxe santa daríalle a coraxe. Tiña o pano bendito; envolveríao no brazo...

Tornaba a desnortarse; as súas ideas confundíanse. Figurábaselle que soñaba. Alguén a acusaba, levábana aos tribunais, ela defendíase... Fora ela, si, non o negaba! Fora ela, e non se arrepentía de facelo. Que querían? Castigala? Ha! Ha! Ha! Consentíranlle a aquel home vivir e divertirse coma un tolo despois de causar a morte de tantos inocentes, así que tiña que estar permitido que unha criatura esnaquizada por tal monstro, unha criatura desesperada, doente, lle partise a cabeza para vingar os seus pobres mortos! Que dicían? Premeditación? Abofé que o premeditara! Abofé que fora onda el á mantenta! Acaso o delito de Piloni non era premeditado? Por que matara? Por interese! E adrede! Porque non se podía dicir que acontecera unha desgraza imprevista... Non ignoraba ao que se enfrontaba! Ben o sabía: unha casa tan mal construída, con materiais tan ruíns, caería antes ou despois por un incidente calquera. O único que non agardaba,

xaora, é que caese tan pronto. Non tiña pensado matar os albaneis, pero tanto lle tiña matar os futuros inquilinos. Xa que logo, era un covarde asasino, disposto a sacrificar a vida de tanta pobre xente ignorante e confiada para gañar uns miles de liras máis do xusto. E ninguén o castigaba! Quen sabe cantos había así e facían igual ca el! E ninguén os castigaba. Pois ben, ela quixera castigar a un, por variar! Tiña todo o dereito; aínda máis, o deber. Seica el non matara a Francesco? Vida por vida, sangue por sangue...

Pobre Francesco! Pobre Francesco..., morto polo interese daquel lambefoula despois de tantos desgustos e sacrificios! Asasinado daquela maneira espantosa por un maldito usureiro! E os demais?! Aqueles dous raparigos da lacerada señora Tamburini, e os dous artesáns, ambos casados e con tres ou catro fillos! E el tiña que vivir? Vivir para empezar de novo? Ah non! Por Deus santo, non era posible!

Luisina esgorxábase, arrastrada polo delirio, coa febre latexando nos seus pulsos. Ao ver o estado da súa desgraciada filla, Virginia choraba asustada.

—Luisina! Luisina! Que tes? Volves delirar. Por caridade, miña filla, esperta e escóitame...

—Mamá, que foi? Que dixen?

—Non o sei, cousas raras. Acouga, por favor. Non penses no que pasou. Rézalle á Virxe... Reza, filla. A Virxe bendita axudarache.

—Si, mamá, si. Só soñaba.

E cun extraordinario esforzo, grazas á teima da vangaza, apouvigou.

—Queres a menciña?

—Quero, si.

Tomouna e finxiu durmir.

Así pasou unha hora.

Empardecía. Virginia estaba preocupada porque a súa patroa lle mandara recado de que non a deixase sen servizo tamén aquel día, que fose cando menos media hora á noite se non podía pola mañá. Facíase tarde e tiña que marchar... Se Luisina quedase tranquila, confiaríalle á señora Sofia ou a Cesira. Coma se adiviñase os pensamentos da nai, Luisina abriu os ollos e díxolle:

—Mamá, vai onda a señora. Estou mellor, non preciso nada.

—De verdade?

—Si, mamá.

—Loado sexa Deus! Agora vou. Direille á señora Sofia que veña en canto poida.

—Non o fagas. Bastante se molestou por min. Déixaa cear en paz co seu Diego. Xa virá despois. Agora non preciso nada. Vaite, vaite!

Tan pronto como quedou soa, Luisina respirou fondo, colleu a roupa da cadeira cabo do leito e comezou a vestirse. Tremía da cabeza aos pés e sentía calafríos que lle facían bater os dentes. Con todo, a excitación da súa mente vencía a debilidade.

Cando puxo as medias e os zapatos, saltou ao chan e colleu a faixa; apertouna ben para que a roupa lle quedase máis cinguida. A seguir, sacou da cómoda unha saia amidonada e o traxe de festa, aquel novo de la verde mirto que formaba parte do seu enxoval. Antes de poñelo, lavou a cara con auga fría e pareceu que lle facía ben; logo arranxou o pelo coa elegancia habitual. Custoulle un pouco abotoar o van do traxe por mor daquel maldito tremor das mans, pero ao final logrouno. Entón, colleu o veo de encaixe negro e suxeitouno cos alfinetes de xade, facendo que lle caese un pouco sobre a fronte. Mirouse

no espello coa luz dunha candeia e, tal como lle explicara Cesira, semelloulle que tiña o aspecto dunha bonita moza, branca coma un papel de escribir, cos ollos máis grandes, máis negros e máis brillantes ca nunca. Se o que dicía Cesira era certo, deixaríana pasar seguro.

Agora todo consistía en apoderarse da arma necesaria. Para ese fin atara no van, debaixo do vestido, un fardel que utilizaba cando ía facer a compra, e cuxa abertura cadraba cunha da saia.

O patio estaba en penumbra. Na taberna algúns homes comentaban en voz alta os funerais, falaban dos mortos e daquel canalla do capataz, que estaba tranquilamente na casa e se declarara en creba.

Luisina baixou a escaleira engorde porque se lle dobraban os xeonllos e a cabeza lle daba voltas.

Tropezou cuns rapaces que a miraron con curiosidade pero non dixeron nada; case todos os veciños estaban na casa, ceando.

No relanzo do primeiro andar cadrou con Cesira, que baixaba ás présas e que lle dixo ao pasar ao seu lado:

—Vas rezar, eh? Moi ben! A Virxe axudarache.

Luisina fixo un lixeiro ceno coa cabeza e continuou o descenso. Como a súa escaleira desembocaba no medio do patio, á forza tiña que pasar por diante da casa dos Martinelli. Non era estraño que entrase alí, pero se Diego e Sofia a vían, non a deixarían saír. Que podía facer?

O seu corazón batía acelerado e sacudíaa un intenso arreguizo. Esta axitación procedía do medo a que a visen e a arredasen da execución do seu plan, pois non albergaba dúbida, inquietude nin debilidade.

Mirou un intre a través dos cristais: escuridade. Estaban na cociña; sentíanse as voces. A porta estaba pechada, e aquela voz de muller tan alegre e aguda non era a de

Sofia... Ah, Cesira deixara a porta entornada e mantiña ocupados os dous namorados falando a berros para que non escoitasen ningún outro ruído! Que astuta cómplice!

Luisina sentiu certa repulsión que a obrigou a parar un instante. A idea de volver sobre os seus pasos cruzou pola súa mente coma un lampo, pero a súa obsesión volveu triunfar. Tanto mellor se alguén a axudaba. Deus así o quería. Era o destino.

Sen máis vacilacións, entrou e foi dereita ao lugar onde estaban colgadas as armas. Tenteou na escuridade, guiada polo fío de luz que procedía da cociña, e atopou o revólver que sempre estaba cargado. O contacto co ferro frío sobresaltouna.

Sentiu a voz de Sofia e pareceulle que falaba dela; entenreceuse, pero non quixo seguir escoitando e rebelouse contra aquela fraqueza do seu corazón.

A voz forte de Cesira soou de novo.

Luisina agochou a arma no fardelo interior e saíu con moito coidado.

Vencera a primeira dificultade.

Cismaba nos dous bos amigos que deixaba atrás e na súa malpocada nai... Nin sequera lle dera un bico! Quen sabe se a volvería ver! Arrasáronse os ollos e sentiu unha gran canseira, unha suor xeadada polas tempas e polas costas, pero non vacilou; continuou sen titubeos. Era o seu dereito; era o seu deber! Sofia aprobaríao.

No ástrago, preto da porta da rúa, a porteira parolaba coa maquinista e coa señora Marianna, que amigaran polo común resentimento contra Cesira.

Luisina escapou sen miralas. Pero non dera dous pasos cando escoitou que a señora amarela exclamaba:

—Vaites! Luisina, que parecía morta, xa sae de paseo. Seica atopou un novo? Quen será?

E riron en coro.

Luisina apurou o paso para non oílas. Con todo, non sentía rabia nin rancor. Era natural que pensasen así, que a considerasen capaz de... Que saberían elas? Non podían imaxinar onde ía, e tampouco que amase a Francesco cun amor tan grande e tan distinto do delas. Se seis meses antes a ela lle dixesen que pensaría como pensaba e faría o que facía polo amor dun home... Deus! Deus! Non o daría crido. Só decorreran seis meses! Parecíanlle vinte anos, do diferente que se sentía!

Así a todo, non volvería atrás. Mesmo naquel intenso desconsolo, non cambiaría pola que era entón; porque o amor de Francesco era toda a súa vida, e a vida sen o amor de Francesco tornábase insufrible.

Estes pensamentos pasaban rápidos e confusos pola súa mente, como, impulsadas polo vento, corren as nubes no ceo negro dunha noite de tempestade. O ollo misterioso do cerebro –descuberto pola ciencia moito tempo despois de que a conciencia humana o intuíse–, o ollo interno, seguía fixo na visión da morte, na idea da vinganza. Tiña sempre presente a imaxe de Francesco, tal como o vira cando o sacaran de entre as ruínas. Vía aquel rostro desfeito e a mirada suprema que di adeus á vida e á luz. Toda a súa forza, toda a súa coraxe procedían daquela visión e da pena que sentía.

Quizais, se a deixasen soa en canto lle arrebataron os restos mortais de Francesco dos seus bicos desesperados, correría a lanzarse á auga, ou debaixo dunha carruaxe para que a esmagase; mais apenas pasado aquel primeiro instante, a reacción acontecera na súa rexa constitución de plebea. Todas as dores pasadas renaceran; naqueles días de agonía, aquelas noites de insomnio, revivira toda a súa vida e a de Francesco: a miseria, as congoxas, os so-

bresaltos, as humillacións, a traizón de Zibardi, a morte do fillo en Santa Caterina..., e despois, a prisión de Francesco, a persecución da policía, as infamias de Piloni e a espantosa catástrofe, o corpo sanguinolento, o rostro desfeito, os ollos apagados... E no fondo de todas estas aflicións, atopara unha única razón: a prepotencia dos demais, a inxustiza triunfante convertida en sistema. Fora así como estalara na súa alma, co pulo invencible dunha forza demasiado tempo reprimida, o berro da rebelión.

—Matareino! Matareino! —berrara de dor na cama mordendo as mantas para que non a escoitasen.

As xustificacións, os razoamentos chegaran despois, para combater as dúbidas e afianzar a vacilante vontade. Pero as súas verdadeiras forzas procedían da necesidade de rebelarse e da defensa contra os suplicios padecidos, contra as feroces inxustizas.

«Non se debe matar», dixera Francesco. «O homicidio, como toda violencia, prexudica a causa popular».

As palabras do seu pobre amigo tornáronlle á memoria mentres cruzaba a ponte, aínda que tampouco lograron detela. Simplemente pensou: «Se non estiveses morto, Francesco, se non te vise así... Se non soubese canto sufriches... e todo o demais... Cando suceden estas cousas, non se pode... É necesario!». E seguiu adiante.

Piloni vivía na rúa Larga. Tras abandonar a angosta rúa de San Pietro in Gessate, Luisina atravesara a praza Del Sole e a ponte sobre o Naviglio. Entón, poucos pasos despois, viu dous homes sentados diante do Café Porati, bebendo e parolando. Deseguida recoñeceu que un era Angiolo Zibardi, e pareceulle que a miraba e que esbozaba un sorriso malicioso.

Revolvéuselle o sangue, palideceu e vacilou. Foi unha conmoción rápida, case mecánica. A obsesión que acapa-

raba todas as súas facultades non deixaba espazo para ningunha outra impresión.

Pasou por diante moi tesa, co camiñar solemne característico dos somnábulo e das persoas dominadas por completo por unha preocupación.

Xunta a casa de Piloni, reuniu todas as súas forzas e colocouse diante, ansiosa e confusa, sen necesidade de finxir, xusto coma alguén con aire de apuro, como dixerá Cesira Bellincioni.

—Mándame a señora Candida da rúa Alciato: teño unha encarga para o señor capataz Piloni...

A porteira fitouna, amoucada pero confiada.

—O señor Piloni! Figúrate! Seica non sabes da desgraza? Non sabes que se derrubou a obra do Lazareto?

Luisina acenou cunha mestura de consternación e abraio.

—Un asunto moi serio! Como é que non cho dixo a señora Candida?

Impresionada polas palabras, e temendo que a muller sospeitase algo, Luisina fixo un esforzo supremo e respondeu con descaro:

—Hai uns días que me fixo esta encarga, pero non puider vir antes porque teño a miña nai enferma, así que non vin a señora Candida...

—Ah, agora entendo! Ai, filliña, ben que cho sinto pero tardaches de máis. O señor Piloni non che está... Esumouse! Entendes? Escapou onte á noite. Temía que o matasen! Nada menos. Unha cochada, eh? Din que o merecía, pero eu niso non me meto. Logo viu até aquí un home, cunha cara que metía medo, empeñado en falar co capataz, porque el era o pai dos dous rapaces que morreran esmagados e cuxa muller toleara. Pretendía que Piloni o compensase. Figúrate! Tivemos que chamar po-

los gardas. Cando o señor capataz o soubo, non esperou máis... Abofé! Mandou vir unha carruaxe e marchou camiño da estación. Tiñas que ver como tremía e o pálido que estaba, co graúdo que é!

—E cando volverá? —preguntou Luisina no medio do seu atordamento.

A muller soltou unha sonora gargallada. Aquela rapaza parecía moi inxenua e tamén algo estúpida.

—Que cando volve? Xa imaxinarás que a min non mo dixo! Pero dáme o corpo que non ha volver nun tempo. Que quede entre nós, pero ten unha recua de acredores, entre outros o señor Piola, o socio, un home miúdo que berra e rifa e se retorce coma un batallón de endemoñados... Marcha tranquila, filliña, non che faltarán mellores ocasións... E saúda da miña parte a señora Candida.

Luisina saíu daquela casa exhausta, abatida, co corazón abrasado pola carraxe, nun estado no que nin sequer sentía o rubor da vergoña que acendía as súas fazulas. A súa misión fracasara; as forzas abandonábana.

Desconcertada, coa mente perturbada, xirou á esquerda e meteuse pola rúa Larga, afastándose da súa casa. Tremía, e o paso incerto facía que cambalease. Zumbábanlle os oídos. Parecíalle que unha voz burleira lle gritaba: «Fuxido! Libre! Ninguén o castigará!». Sentía que ía tolear, e camiñaba cara a adiante sen saber a onde ía.

A rúa estaba case deserta e mal alumeada por escasos farois. Luisina non vía, pero pasado un bocado a súa atención centrouse en dous homes que camiñaban diante dela. Un, o máis alto e elegante, dicía nese intre, en voz alta e con fortes risos:

—Unha escapada en toda regra, non é? Ese loubán fixo de todo para que mercase esa obra podre. Vai cazar outros inxenuos, pallaso!

Esta voz forte e vulgar, chea dun triunfal sarcasmo, penetrou como un ferro xeado nas entrañas de Luisina. De maneira mecánica, os seus beizos pronunciaron o nome do traidor:

—Angiolo Zibardi!

A impresión rápida e confusa que recibira momentos antes ao pasar por diante do Café Porati, renovouse, a causa dun misterioso, claro e preciso efecto. Rírase dela, como ría agora, con aquel seu riso irónico! Escarneceráa coa súa compañía. Covarde! Agora andaba de paseo, talvez ía ao teatro ou a alternar, xactándose, coma sempre, da súa intelixencia e dos bos negocios que sabía facer, porque el era un home habelencioso e afortunado e o conseguía todo. Riu para os seus adentros, cun sarcasmo feroz e novo nela, unha risa que lle provocou vertixe. O sangue afluíu ao seu cerebro como unha fachareada de leña seca; sentiuse ebria, e aquela estraña ebriedade enseñorouse de todo o seu ser.

Como lles acontece ás veces aos homes de xenio, cuxo cerebro se ilumina de improviso e fan unha descuberta até entón inesperada, creu dexergar o seu destino coa luz daquela chama interna. Foi unha visión instantánea a que lle amosou a Zibardi boqueando aos seus pés. E sen pensalo, sen ningunha outra determinación da vontade, levou a man ao peto e sacou o revólver.

Un rillote que viña de fronte asubiando decatouse de algo, pero non se moveu; só cando a deixou atrás parou e volveuse para mirala, sorprendido e curioso.

Luisina collera impulso e apuntaba a arma case a queimarroupa contra as costas anchas e magnificamente ergueitas do rico viñateiro.

O disparo soou e o home caeu barriga abaixo, coa cara sobre as lastras.

